



BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT

**A COUSA NO LIMIAR
E
A SOMBRA
FORA DO TEMPO**



BIBLIOTECA H.P. LOVECRAFT

**A COUSA NO LIMIAR
E
A SOMBRA
FORA DO TEMPO**

A cousa no limiar
e
A sombra fóra do tempo

de

H. P. LOVECRAFT

URCO EDITORA

Galiza, 2020



Para ver este eBook coa calidade tipográfica que merece,
recomendamos o Pocketbook reader.

UNHAS PALABRAS DA EDITORIAL

Entre 2010 e 2014 Urco Editora acometeu o titánico e pretrenatural proxecto de traducir e publicar en 14 volumes a narrativa completa de H.P. Lovecraft, acompañada dun poemario e un ensaio. Esta Biblioteca Lovecraft tivo éxito entre o público xeral e nos centros de ensino, consolidándonos como o referente da literatura fantástica na Galiza.

Pasados os anos, coa colección en papel amortizada desde o punto de vista económico e no contexto da pandemia da COVID-19, onde a inmediatez e o dixital cobran pulo, preguntámonos: por que non «liberar» estes textos para o seu uso libre e gratuito por parte de todo o mundo? A fin de contas, nas raíces da nosa filosofía sempre estiveron o Creative Commons e o Software Libre.

Os textos orixinais foran traducidos, se ben pola mesma man, ao longo de varios anos. Da mesma forma, a revisión correra ao cargo de varias persoas. Hoxe, coa experiencia gañada, podemos retornar eles para cohesionar criterios e producir unha edición definitiva. Isto coloca a nosa lingua nunha situación excepcional: non existe outra literatura no mundo que teña a día de hoxe unha edición traducida, cohesionada, dixital e de libre acceso da obra completa do Solitario de Providence.

Finalmente, a Biblioteca non estaría completa sen un novo volume que achegase valor. Así nace o volume XV, compendio de artigos e ferramentas útiles para contextualizar a obra e figura de Lovecraft que agardamos resulte tanto de interese para o público desexoso de saber máis como para as docentes que queiran achegar estes textos ao seu alumnado.

O contido íntegro deste proxecto en ePUB está dispoñíbel para descarga gratuita no noso site web, e nas mesmas ligazóns podes achar maneira de mercar o libro en papel, se preferes o formato clásico.

Sen máis, dámosche a benvida á Biblioteca Lovecraft Dixital.

Galiza, outono de 2020.



INTRODUCCIÓN

Neste quinto volume da Biblioteca Lovecraft damos por fechado o primeiro ciclo da mesma, dedicado á obra máis recente do solitario de Providence, o que a maioría dos críticos chaman «O ciclo de Cthulhu». O próximo volume desta colección será un libriño de poemas impíos, seguido por unha serie de libros que recollen o chamado «Ciclo do sono», o segundo bloque temático da narrativa lovecraftiana en sona e cronoloxía.

Neste tomo, igual que no anterior, presentamos dúas obras: unha novela curta e un conto. Este último, titulado *A cousa no limiar*, conta o drama de Edward Pickman Derby, pusilánime poeta interesado no mundo do sobrenatural, que se ve dominado pola vontade férrea de Asenath, unha estraña muller de Innsmouth en cuxos ollos brilla a enerxía do seu finado pai, o bruxo Ephraim Waite. Malia que algúns críticos menosprezaron a historia por considerala excesivamente melodramática, as referenzas que traza dentro do particular universo do autor, nesa Nova Inglaterra decadente e chea de sombras, indican unha importante madurez do ciclo, un estado de desenvolvemento pleno en que o pano de fondo concede unha gran solidez á historia.

A segunda narración que presentamos, a novela curta *A sombra fóra do tempo*, pode compararse en importancia a *A sombra sobre Innsmouth* ou a *Nas montañas da loucura*. Trátase dunha historia fundamental dentro do ciclo, se cadra máis inserida xa dentro da ficción científica que no puramente terrorífico, e cuxas revelacións sobre o pasado, o presente e o futuro do noso planeta espertan no lector unha fonda sensación de vertixe. Lovecraft explota ao máximo a súa técnica da negación do sobrenatural a través do racional colocando no centro da historia un profesor universitario que intenta desesperadamente dar unha

explicación psicolóxica racionalista e científica aos estraños soños que visualiza logo uns anos de rara amnesia. Así, cando a aversión está case dominada, a descuberta dunhas ruínas de idade incalculábel destrúen a súa barreira de racionalidade revelando unha verdade demasiado terrorífica para ser asimilada. O Gran Deserto de Area do oeste de Australia, un lugar recóndito e mal explorado, será o escenario do horror final, duns feitos que, de seren reais e non soñados, mudarán para sempre a concepción humana do tempo e da historia do seu planeta.

Finalizamos logo este primeiro ciclo de ficcións lovecraftianas con certo pesar, pero coa promesa de que moi axiña abriremos as portas de bronce que dan ao País do Soño, onde faremos cando menos tres paradas.

Boa lectura e felices soños.

Tomás González Ahola

A COUSA NO LIMIAR

[*The Thing on the Doorstep* foi escrita en agosto de 1933 e publicada no número de xaneiro de 1937 da revista *Weird Tales*.]

I

É certo que disparei seis balas á cabeza do meu mellor amigo e, así e todo, con esta declaración intentarei demostrar que non fun o seu asasino. Nun primeiro momento dirán que estou louco, máis louco aínda que aquel a quen disparei na súa cela do psiquiátrico de Arkham. Máis tarde, algúns dos que o lean valorarán cada afirmación, compararan cos feitos coñecidos e preguntaranse como podería pensar dun xeito distinto a como o fixen logo de enfrontar a evidencia daquel horror, daquela cousa no limiar.

Mesmo até determinado momento eu tampouco fun quen de ver nada máis que tolemia nas historias das que pasei facer parte e aínda agora me pregunto se estaba trabucado ou se, despois de todo, non estarei tamén louco. Eu non as coñezo, mais outros teñen cousas estrañas que contar sobre Edward e Asenath Derby, e nin sequera os incrédulos policías poden deixar de pensar naquela terríbel última visita. Intentaron tecer unha pobre teoría sobre unha macabra broma ou advertencia realizada polos serventes despedidos, mais no fondo saben que a verdade é infinitamente máis terríbel e incríbel.

Así que teño que dicir que non asasinei a Edward Derby. Máis ben vingueino e ao facelo liberei a terra dun terror cuxa supervivencia puido desatar horrores imposíbeis de contar sobre toda a humanidade. Hai zonas escuras e en sombra próximas aos nosos vieiros cotiáns e de cando en vez algunha alma maligna consegue abrir unha fenda entre eles. Cando isto acontece, quen coñeza esta verdade debe dar o golpe sen pensar nas consecuencias.

Fun amigo de Edward Pickman Derby ao longo de toda a súa vida. Era oito anos máis novo ca min e así e todo, grazas á súa precocidade, tivemos moito en común no tempo entre o que el tivo oito e dezaseis. Era o mellor estudante que coñecín nunca e aos sete anos xa escribía poemas dun ton tan sombrizo, fantástico e case mórbido, que deixaba abraiados a todos os seus titores. Se cadra a súa educación privada e os coidados que lle prestaban tiveron a ver co seu prematuro florecemento. De neno sufrira dunha debilidade física que preocupou enormemente os seus amantes pais e fixo que o mantivesen sempre preto deles. Nunca lle deixaban saír sen a súa coidadora particular e poucas veces tiña a oportunidade de xogar libremente con outras crianzas. Sen dúbida todo aquilo alimentara unha vida secreta no meniño, onde a principal vía de escape era a imaxinación.

En calquera caso, a súa aprendizaxe foi prodixiosa e estraña, e os seus primeiros escritos mesmo chegaron a me cativar, malia a miña maior idade. Por aquel tempo eu posuía unha inclinación cara á arte grotesca, así que achei naquel cativo un raro espírito familiar. O responsábel final do noso mutuo amor polo sombrizo e o marabilloso era, sen ningunha dúbida, a antiga, balorenta e algo estarrecedora vila na que viviamos, Arkham, maldicida polas bruxas e poboada polas lendas, cuxos amoreados e inclinados tellados abufardados e vetustas balaustradas xeorxianas ollaban o pasar dos séculos canda o curso murmurador e escuro do Miskatonic.

Cando pasou o tempo eu dediqueime á arquitectura e abandonei o

proxecto de ilustrar o libro de poemas demoníacos de Edward, mais a nosa amizade non foi a menos. A estraña xenialidade do mozo Derby desenvolveuse de xeito notábel e aos seus dezoito anos, a súa primeira colectánea de poemas de pesadelo causou auténtica sensación cando foi publicada baixo o título *Azathoth e Outros Terrores*. Era bo amigo por correspondencia do notorio poeta baudeleriano Justin Geoffrey, que escribiu *O Pobo do Monólito* e morreu berrando nun manicomio no ano 1926, após visitar unha aldea de Hungría de sona sinistra.

Porén, no relativo á confianza en si mesmo e nas cuestións mundanas, Derby ía bastante atrasado por causa da súa vida de reclusión. A súa saúde mellorara, mais os hábitos que adquirira pola dependencia paterna permaneceran, así que nunca viaxaba só, nin tomaba decisións por si mesmo, nin asumía responsabilidades. Axiña estivo claro que non podía competir cos demais no mundo profesional, pero como a fortuna da súa familia era bastante ampla, aquilo non supuña un auténtico problema. A medida que medraba para se converter nun home, Derby mantiña un enganador aspecto infantil. Louro e de ollos azuis, tiña a complexión delgada dun neno e apenas se podía distinguir cando intentaba deixar medrar o bigote. Tiña a voz suave e aguda, e unha vida carente de exercicio físico dera como resultado unha certa gordura xuvenil, máis que a típica barriga propia dunha madurez precoz. Era bastante alto e o seu rostro de faccións agradábeis tería feito del un bo galán, de non ser porque a timidez o convertera nun ser amante da reclusión e dos libros.

Os seus pais levábano de viaxe ao estranxeiro todos os veráns, polo que axiña lle resultaron familiares tanto o xeito de pensar como de falar dos europeos. O seu talento artístico, comparábel ao de Poe, foise tornando decadente aos poucos, mentres xermolaban nel novas sensibilidades e anhelos. Naquel tempo tivemos grandes debates. Eu licenciárame en Harvard, formárame nun estudo de arquitectura de Boston, casara e finalmente volvera a Arkham para exercer a miña profesión, logo de instalarme na casa familiar de Saltonstall Street, posto

que o meu pai se mudara a Florida por cuestións de saúde. Edward adoitaba visitarnos case todos os seráns, así que cheguei a consideralo un máis da casa. Tiña un xeito característico de tocar a campaiña da porta e de bater na aldraba que chegou a se converter nun auténtico código para nós, así que eu sempre agardaba polos ben coñecidos tres golpes enérxicos, seguidos por dous máis despois dunha pausa. Eu visitaba a súa casa con menos frecuencia, e alí ollaba con cobiza os sinistros volumes da súa biblioteca en constante crecemento.

Derby licenciárase na Universidade de Miskatonic, de Arkham, xa que os seus pais non o deixaran ir máis lonxe. Ingresara aos dezaseis e completara a titulación en tres anos, especializándose en literaturas inglesa e francesa, sempre coas mellores notas, agás nas matemáticas e nas outras disciplinas científicas. Non se relacionaba case nada cos outros estudantes, malia que ollaba con envexa a actitude «atrevida» ou «bohemia» daqueles, cuxa xiria sofisticada e pose irónica gustaba de imitar, e cuxa dubidosa conduta tería gustado adoptar.

Ao final no que se converteu foi nun devoto case fanático dos coñecementos arcanos polos que a biblioteca da Miskatonic sempre foi e segue a ser famosa. Sempre camiñara sobre a superficie do fantástico e o estraño, e agora mergullárase a fondo nas auténticas runas e misterios que nos legara un pasado fabuloso para que servisen de guía ou desconcerto da posteridade. Lera textos como o estarrecedor *Libro de Eibon*, o *Unaussprechlichen Kulten* de von Junzt, e o prohibido *Necronomicon*, do árabe louco Abdul Alhazred, aínda que non llelo contara aos seus pais. Edward tiña vinte anos cando naceu o meu primeiro e único fillo, e pareceu compracido cando bauticei o acabado de nacer co nome de Edward Derby Upton, na súa honra.

Aos vinte e cinco anos, Edward Derby era un home prodixiosamente cultivado, ademais dun poeta fantástico relativamente coñecido, malia que a súa carencia de contactos e de responsabilidades freara a súa carreira literaria, tornando a súa produción excesivamente intertextual e

libresca. Probabelmente eu era o seu mellor amigo e supuña para min unha mina inesgotábel de conversas teóricas, mentres que el me pedía consello en todas as cuestións das que non quería falar cos seus pais. Estaba solteiro, máis por timidez, inercia e sobreprotección paterna que por gusto propio, e só se relacionaba en sociedade o mínimo necesario. Cando estourou a guerra, tanto a falta de saúde como a natural timidez mantivérono recluído na casa. A min destináronme a Plattsburg, mais nunca cheguei a cruzar o océano.

E así pasaron os anos. A nai de Edward morreu cando el tiña trinta e catro e unha estraña doenza psíquica mantívoo incapacitado durante varios meses. Porén, o seu pai levouno a Europa nun intento por curalo, mais non obtivo resultados visíbeis. Despois daquilo semellou experimentar unha especie de grotesca euforia, como se conseguise fuxir parcialmente dalgunha clase de atadura invisíbel. Comezou a mesturarse cun grupo de estudantes máis «vangardistas», malia a súa idade madura, e tomou parte nalgúns feitos extremadamente violentos. Mesmo nunha ocasión tivo que pagar unha enorme chantaxe (con cartos que eu lle emprestei) para que o seu pai non soubese da súa participación en certa cuestión. Algúns dos rumores sobre a banda dos salvaxes de Miskatonic eran extremadamente preocupantes. Mesmo se chegou a falar de maxia negra e de rituais completamente alén de todo o críbel.

II

Edward tiña trinta e oito anos cando coñeceu a Asenath Waite. Calculo que ela andaría polos vinte e tres anos daquela e cursaba un seminario especial sobre metafísica medieval na Miskatonic. A filla dun amigo meu xa a coñecía de antes, concretamente do Instituto Hall de Kingsport, e decidira evitala a causa da súa estraña reputación. Era morena, miúda e de moi bo ver, agás polos ollos saltóns, mais había algo na súa expresión que molestaba enormemente a xente sensíbel. Porén, eran a súa orixe e temas

de conversa favoritos os que facían que a maior parte da xente a evitase. Era unha das Waite de Innsmouth, e desde hai xeracións corren escuras lendas sobre esa cidade medio abandonada e os seus habitantes. Corrían lendas sobre horríbeis pactos arredor do 1850 e sobre un estraño elemento «non completamente humano» nas antigas familias daquel porto pesqueiro vido a menos, unha serie de lendas como as que só os vellos ianquis poden tecer e repetir co apropiado ton arrepiante.

O caso de Asenath víase agravado polo feito de ser filla de Ephraim Waite, a filla serodia que lle dera unha muller descoñecida que sempre ía tapada con veos. Ephraim vivía nunha mansión medio arruinada de Washington Street, en Innsmouth, e os poucos que viran o lugar (hai que dicir que a xente de Arkham evitaba ir a Innsmouth sempre que podía) aseguraban que as xanelas do ático sempre estaban tapiadas con taboleiros e que de alí saían estraños sons ao caer a noite. O vello era coñecido por ser un prodixioso estudoso da maxia nos seus anos mozos, e a lenda aseguraba que era quen de convocar ou desfacer temporais no mar a vontade. Eu vírao un par de veces de rapaz cando viña a Arkham a consultar os tomos prohibidos que se gardaban na biblioteca da universidade e sentira un especial noxo ao ollar aquel rostro de lobo coa súa barba descoidada de cor gris ferrosa. Morrera louco e baixo circunstancias ben raras, xusto antes da súa filla entrar en Hall, mais esta, que fora unha ansiosa pupila do seu pai, ás veces parecíase a el dun xeito terríbel.

O amigo cuxa filla fora ao instituto con ela contoume moitas cousas cando se difundiron as novas da relación que mantiña con Edward. Polo visto Asenath aseguraba na escola que era unha especie de meiga, e a verdade é que era quen de realizar certos actos abraiantes. Decía que era capaz de erguer treboadas, aínda que os seus aparentes acertos normalmente se podían explicar con certo talento natural para a predición. Todos os animais evitábana e podía facer ouvear un can só con realizar certos movementos coa man dereita. Por momentos amosaba

retallos de coñecementos e de dominio de linguas moi particulares e tamén arrepiantes para unha moza da súa idade, e sempre asustaba os seus compañeiros de clase con miradas ou chiscadelas rarísimas, o que parecía proporcionarlle un obsceno pracer.

O máis fóra do común, no entanto, eran os ben sabidos casos de influencia sobre outras persoas. Era unha xenuína hipnotista alén de toda dúbida. Só con ollar dunha maneira peculiar a un compañeiro de aulas, a miúdo podía causarlle a sensación de ter a personalidade intercambiada, como se a conciencia do suxeito estivese momentaneamente dentro do corpo da meiga e puidese ver o seu corpo real de fronte, cuxos ollos brillaban inchados cunha expresión estraña. Asenath a miúdo aseguraba certas loucuras sobre a natureza da conciencia e sobre a súa independencia a respecto do corpo físico, ou como mínimo dos procesos vitais deste. Porén, sentíase furiosa por non nacer home, pois cría que o cerebro masculino posuía certas capacidades únicas para alcanzar enormes poderes cósmicos. De ter un cerebro masculino, aseguraba, non só podería igualar o seu pai, senón que sería quen de superalo no dominio dos poderes ocultos.

Edward coñeceu a Asenath nunha reunión dos «vangardistas» da residencia de estudantes e cando me veu visitar ao día seguinte non tiña outro tema de conversa. Descubrira que a moza compartía con el todos os seus intereses e coñecementos eruditos e que, ademais, sentíase fisicamente atraído por ela. Eu nunca a vira e só lembraba vagamente algunhas referencias a ela, mais souben de quen se trataba. Parecíame terríbel que Derby estivese tan interesado nela, mais non dixen nada en contra, posto que a oposición alimenta o namoramento. Díxome que non llo había contar ao seu pai.

Nas seguintes semanas Derby non falou doutra cousa que non fose Asenath. A maioría da xente xa coñecía os amoríos outonais de Edward, malia que tamén dicían que, aínda que non aparentaba a súa auténtica idade, non pegaba moi ben como acompañante daquela exótica beleza

súa. Só tiña algo de bandullo, froito da súa vida indolente, e no seu rostro non se asomaban engurras. Asenath, pola súa banda, tiña as prematuras patas de galo que producen as tensións ás que se ven sometidas as persoas con forte personalidade.

Foi por este tempo cando me presentou a moza e daquela puiden comprobar que o seu interese non era unidireccional. Ela non paraba de comelo coa mirada, polo que souben que a súa relación podería superar calquera atranco. Pouco despois recibín unha visita do vello señor Derby, a quen sempre admirara e respectara. Ouvira as historias sobre a nova amiga do seu fillo e conseguira tirarlle toda a verdade ao «neno». Polo visto, Edward tiña pensado casar con Asenath e estivera a buscar casa polo extrarradio. Coñecedor da grande influencia que eu tiña sobre o seu fillo, preguntoume se podía facer algo para que rompese con aquela moza mal reputada mais, desgraciadamente, expresei as miñas dúbidas ao respecto. Desta volta non se trataba da personalidade feble de Edward, senón da fortaleza da muller. O eterno neno pasara de depender dunha figura paterna a unha nova e máis forte, e nada se lle podía facer.

A voda celebrouse un mes despois, nun xulgado de paz, por petición da noiva. O señor Derby seguiu o meu consello e non se opuxo, así que me acompañou, xunto coa miña muller e o meu fillo, á breve cerimonia, na que os outros convidados eran mozos vangardistas da universidade. Asenath mercou a vella propiedade de Crowninshield, que se achaba en campo aberto ao final de High Street, e decidiron asentarse alí logo dunha breve viaxe a Innsmouth, de onde trouxeron tres serventes e algúns libros e utensilios domésticos. Probabelmente non foi por consideración con Edward e o seu pai, senón máis ben por cumprir o desexo persoal de acharse preto da Universidade coa súa biblioteca e a súa morea de «vangardistas», o que fixo que Asenath se decidise a se asentarse en Arkham no canto de volver á súa vila natal.

Cando Edward me chamou despois da lúa de mel, noteino un pouco cambiado. Asenath obrigáralo a quitar aquela lanuxe que el chamaba

bigote, pero había máis. Parecía máis sobrio e pensativo, coa rebeldía infantil convertida nun aspecto case triste. Eu estaba demasiado desconcertado para decidir se gustaba ou non da mudanza. Abofé que neste momento parecía máis que nunca un adulto normal. Se cadra o casamento fora unha boa cousa, se caadra a mudanza na súa dependencia supuxera un punto de partida para a auténtica neutralización da mesma, que o levaría ao final até unha independencia responsábel. Veu só, xa que Asenath estaba moi ocupada. Collera unha enorme cantidade de libros e aparellos de Innsmouth (Derby estremeceuse cando pronunciou aquel nome), e estaba acabando coa restauración da casa de Crowninshield e do terreo.

A casa de Innsmouth era un lugar ben desagradábel, mais aprendera algunhas cuestións sorprendentes de certos obxectos. Estaba progresando axiña nos saberes esotéricos agora que tiña a guía de Asenath. Algúns dos experimentos que ela propuña eran moi atrevidos e radicais, e non se atreveu a falar-me libremente deles, mais tiña confianza nos poderes e nas intencións da moza. Os tres serventes eran moi estraños, unha parella incrivelmente vella que estivera co vello Ephraim e que se referían a este e á finada nai de Asenath dun xeito críptico, e tamén unha moza morena que tiña marcadas deformacións e que semellaba botar sempre un constante fedor ao peixe.

III

Durante os dous anos que seguiron vin cada vez menos a Derby. De cando en vez aparecía, sen chamar cos familiares tres máis dous golpes na porta, e cando viña ou, o que acontecía cada vez con menos frecuencia, eu ía canda el, amosábase pouco disposto a falar de asuntos importantes. Volvérase remiso a falar sobre os seus estudos de ocultismo, que antes adoitaba describir e debater con detalle, e prefería non dicir ren sobre a súa muller. Avellentara moitísimo desde a voda até o punto de que agora,

por estraño que parecese, aparentaba máis vella ca el. O seu rostro tiña a expresión máis dura e determinada que vira nunca e en xeral, o seu aspecto gañara un aquel de noxo tan vago como inexplicábel. A miña esposa e o meu fillo axiña se decataron tamén, polo que aos poucos deixamos de convidala, cousa pola que Edward, nun dos seus arrebatos infantís e carentes de tacto, chegou a admitir que se achaba totalmente contenta. A miúdo os Derby partían a realizar longas viaxes, aparentemente a Europa, aínda que ás veces Edward suxería que ían a lugares máis sórdidos.

Foi logo daquel primeiro ano cando a xente comezou a falar da mudanza que se estaba a producir en Edward Derby. Era unha conversa máis que superficial, xa que a mudanza era puramente psicolóxica, mais puxo de relevo varias cuestións interesantes. De cando en vez deixábase ver comportándose e facendo cousas completamente incompatíbeis coa súa natureza pasiva. Por exemplo, aínda que antes non sabía conducir, agora víase de cando en vez entrando e saíndo a toda mecha pola vella pista de Crownshield montado no potente Packard de Asenath, conducíndoo con mestría e meténdose no bulebule do tráfico cunha habilidade e determinación completamente alleas á súa natureza. Nestes casos polo visto sempre volvía ou emprendía unha viaxe. Ninguén podía dicir de que tipo, mais case sempre ía pola estrada de Innsmouth.

Dun xeito estraño, a metamorfose non parecía completamente agradábel. A xente dicía que naqueles momentos se parecía demasiado á súa muller ou ao vello Ephraim Waite en persoa. Se cadra o que acontecía era que aqueles momentos parecían antinaturais debido á súa escaseza. Ás veces, horas despois da súa partida, volvía sentado languidamente no asento traseiro do coche, mentres que un chofer contratado conducía. O aspecto que adoitaba ter cando saía á rúa para relacionarse (cousa que facía cada vez menos, incluídas as visitas á miña casa) era o do antigo indeciso, cunha infantil falta de responsabilidade se cadra máis marcada aínda. Mentres que o rostro de Asenath avellentaba, Edward, fóra

daquelas ocasións excepcionais, sufría unha regresión a unha especie de infantilismo esaxerado con algún novo rapto de tristura de cando en vez. Era algo realmente estraño. Por aquel tempo os Derby saíran do alegre círculo universitario en que se movían, e non por vontade deles, senón porque había algo nos estudos que realizaban nese momento que arrepiara mesmo ao máis insensíbel do círculo de decadentes.

Foi ao terceiro ano de casado cando Edward comezou a me dar algo de medo e desgusto. Ás veces deixaba caer frases como que as cousas «ían demasiado lonxe» e falaba escuramente sobre a necesidade de «recuperar a súa identidade». Ao comezo ignorei aqueles comentarios, mais chegados a un punto comecei a facerlle preguntas, pois lembrei o que a filla do meu amigo contara sobre Asenath e o seu poder hipnótico sobre as outras mozas do instituto, aqueles casos nos que os estudantes creran verse a si mesmos desde o seu corpo do outro lado da aula. As preguntas que lle fixen provocaron a un tempo a súa alarma e a súa gratitude, e murmurou algo sobre que ambos os dous habíamos ter unha conversa seria máis adiante. O vello señor Derby morreu por esas datas, cousa pola que dei grazas máis tarde. Edward estaba bastante mal, mais así e todo non perdeu a cabeza. Case non visitara o seu pai desde a voda, xa que Asenath acaparaba para ela todo o seu sentimento de ligazón familiar. Houbo quen dixo que non sentiu a perda, especialmente cando comezaron a aumentar os seus comportamentos alegres e confiados no coche. Agora quería mudarse á vella mansión familiar, mais Asenath insistía en permanecer na de Crowninshield, xa que se afixera a aquel lugar.

Non moito tempo despois, a miña muller ouviu unha cousa curiosa de boca dunha amiga, unha das poucas que non deixaran de ver os Derby. Fora até o final de High Street para visitar a parella e vira un coche saír a fume de carozo pola pista co rostro de Edward estrañamente confiado e case de xesto cínico asomando por riba do volante. Cando chamou ao timbre, a repulsiva servente contoulle que Asenath tamén saíra, pero antes de marchar a amiga conseguiu botarlle unha ollada á casa. Alí,

nunha das xanelas da biblioteca de Edward, albiscara un rostro que se apartou axiña, un rostro cuxa expresión de mágoa, derrota e melancólico desespero era conmovedor até a saciedade. Por incríbel que pareza tendo en conta o seu carácter dominante, era o rostro de Asenath, aínda que a muller podería xurar que naquel momento os ollos tristes e velados que ollaban desde el eran os de Edward.

As visitas de Edward aumentaron un pouco e os seus comentarios ás veces eran máis concretos. O que me contou non se podía crer, mesmo na vella Arkham, cargada de lendas. Así e todo faloume abertamente do seu saber arcano cunha sinceridade e convicción que faría temer a calquera pola a súa cordura. Faloume de terribéis encontros en lugares solitarios, das ruínas ciclópeas no corazón dos bosques de Maine, baixo as que se achan unhas vastas escaleiras que levan a abismos de segredos escuros. Faloume de complexos ángulos cos que un podía atravesar os muros invisíbeis tras os que se achaban outras rexións do espazo e do tempo, e de aborrecíbeis mudanzas de personalidade que permitían a exploración de lugares remotos e prohibidos, doutros mundos sitios en diferentes planos do espazo-tempo.

Ás veces facía algúns comentarios e amosaba obxectos que me desconcertaron enormemente polas súas cores e texturas confusas, que non se parecían a nada terrestre, cuxas curvas e superficies imposíbeis respondían a propósitos inconcibíbeis e seguían unha xeometría igualmente inconcibíbel. Decía que tales obxectos procedían «do exterior», e que a súa dona sabía como os conseguir. Ás veces chegaba a suxerir, sempre nun medorento e ambiguo murmurio, certas cuestións relativas ao vello Ephraim Waite, a quen vira ás veces había moitos anos pola biblioteca da universidade. Estes bosquejos nunca concretaban nada, mais parecían suxerir unha dúbida especialmente terríbel sobre se o vello bruxo estaba realmente morto, tanto no sentido espiritual como corpóreo.

Ás veces detíñase de súpeto ao revelarme estas cousas e eu

preguntábame se era posíbel que Asenath adiviñase de que estaba a falar desde a distancia e o parase grazas a algunha clase de descoñecido procedemento telepático, un poder do que xa dera mostras no seu tempo de estudante. A verdade é que a muller sospeitaba que el me contaba cousas, xa que a medida que pasaban as semanas sempre intentaba evitar que me visitase, con palabras e miradas de inexplicábel poder. Só con gran dificultade conseguía virme visitar, xa que aínda que pretendese ir a algún outro sitio, algunha clase de forza invisíbel controlaba os seus movementos ou facía que esquecese o seu destino. As súas visitas producíanse polo xeral cando Asenath estaba «fóra do seu propio corpo», en palabras del. Ao final ela sempre o acababa sabendo, xa que os serventes espiaban constantemente as súas idas e vindas, mais evidentemente debía considerar inoportuno facer nada drástico con aquilo.

IV

Aquel agosto en que me chegou o telegrama de Maine, Derby xa levaba casado máis de tres anos. Non o vira en dous meses, mais ouvira que estaba fóra «por negocios». Polo visto Asenath estaba con el, malia que se murmuraba que había alguén no piso de arriba detrás das cortinas. Tamén observaran as compras que fixeran os serventes. E agora o xefe de policía de Chesuncook enviárame un telegrama dicindo que un louco saíra dos bosques delirando e pedindo a miña axuda aos berros. Tratábase de Edward e só era quen de lembrar o seu nome e enderezo.

Chesuncook está preto da zona boscosa máis fonda e peor explorada de Maine, e leva un día enteiro de febril camiño chegar até alí en coche, atravesando un escenario igual de fantástico como de prohibido. Atopei a Derby nunha cela do edificio municipal, a medio camiño entre o pánico e a apatía. En canto me recoñeceu comezou a farfallar un torrente de palabras sen xeito nin dereito.

—Dan, polo amor de Deus! O pozo dos shoggoths! Abaixo dos seis mil chanzos... A abominación de abominacións... Nunca debín de deixar que me controlase e logo atopeime alí... Ia! Shub-Niggurath! A figura ergueuse do altar e había cincocentos ouveando... A Cousa Encarrapuchada bramou «Kamog!. Kamog!» Ese era o nome secreto de Ephraim no conclave. Eu estaba alí, no lugar onde me prometeu que non me levaría. Un minuto antes achábame fechado na biblioteca da casa e logo encontréime alí onde ela levou o meu corpo, no lugar da blasfemia última, o pozo impío onde comeza o reino negro e o vixía garda a porta. Vin un shoggoth... Mudaba de forma... Non o podo aturar... Penso matala se me envía alí de novo... Penso matar esa entidade... a ela, a el, a iso... Vouno matar! Vouno matar coas miñas propias mans!

Levoume unha hora tranquilizalo, mais ao final conseguino. Ao día seguinte conseguílle algo de roupa decente na vila e saímos para Arkham. A súa furia histórica desaparecera e agora máis ben tendía a permanecer en silencio, malia que ao pasar por Augusta comezou a murmurar para si cousas incomprensíbeis, como se a visión da cidade espertase nel lembranzas desapracíbeis. Estaba claro que non quería volver á casa e en vista das fantasías que dicía sobre a súa muller, indubidabelmente produto dalgunha experiencia hipnótica real á que se vira sometido, pensei que o mellor sería facerlle caso. Logo decidín facerme cargo del durante un tempo, sen importarme o enfado que isto puidese causar a Asenath. Máis tarde axudaríao a conseguir o divorcio, xa que con toda seguridade había certos factores psicolóxicos que facían do seu matrimonio unha situación con risco de suicidio. Cando nos volvemos achar en campo aberto, os murmurios de Derby pararon e deixeiille botar unha soneca no asento do lado mentres eu conducía.

Ao solpor, mentres cruzabamos Portland, os murmurios comezaron máis unha vez, máis nítidos que antes, e cando puxen a orella puiden escoitar todo un torrente de parvadas sobre Asenath. Estaba claro que acabara cos nervios de Edward, xa que este fabricara toda unha serie de

alucinacións arredor da súa figura. A súa situación actual, murmurou furtivamente, era só unha dunha longa serie. Ela estaba a tomar o control e sabía que chegaría o día en que non o deixaría marchar. Mesmo agora era probábel que o soltase por obriga, xa que non o podía reter durante moito tempo. Facíase co seu corpo constantemente para viaxar a lugares sen nome a realizar ritos sen nome, deixándoo a el fechado no corpo dela, no cuarto do andar superior, mais ás veces non podía mantelo e atopábase de súpeto de volta no seu corpo nalgún lugar afastado, horríbel e mesmo descoñecido. Ás veces volvía tomar o control sobre el, mais de cando en cando non daba feito. A miúdo deixábao abandonado en algures, como eu o atopara, e máis dunha vez tivera que encontrar o camiño de volta á casa desde estarrecedoras distancias, logo de atopar alguén que conducise o seu coche.

O peor de todo era que de cada vez o conseguía reter máis tempo. Asenath desexaba ser un home e por iso quería controlar o seu corpo. Vira nel a perfecta combinación de mente brillante e vontade feble. Algún día o había apartar definitivamente e desaparecería co seu corpo para se converter nunha meiga tan grande como fora o seu pai, e deixaría abandonado naquela envoltura de muller que nin sequera era humana de todo. Si, agora sabía o do sangue de Innsmouth. Fixeran negocios con criaturas do mar... Fora horríbel... E o vello Ephraim tiña o seu propio segredo e cando envelleceu fixo algo aborrecíbel para se manter vivo, pois quería vivir para sempre. Asenath había conseguir, de feito xa o demostrara.

Mentres Derby murmuraba sobre estas e outras cousas eu examineino de preto para verificar a sensación de mudanza que me parecera antes. Paradoxalmente, semellaba ter mellor aspecto do normal, máis duro, cun desenvolvemento máis normal e sen rastro daquela enfermiza flaccidez que lle provocaban os seus hábitos lánguidos. Era como se estivese realmente activo e fixese exercicio por primeira vez na súa vida de neno mimado, polo que supuxen que o poder de Asenath

debera empurralo a situacións non desexadas de movemento e alerta. Mais agora a súa mente achábase nun estado lamentábel, xa que non deixaba de murmurar loucas extravagancias sobre a súa muller, sobre maxia negra e sobre o vello Ephraim, e sobre certa revelación que me convencería mesmo a min. Pronunciou nomes que recoñecín por ter folleado no pasado algúns volumes prohibidos e por momentos arreguiceime cando o seu balbucir seguía un fío mitoloxicamente consistente ou de convincente coherencia. Unha e outra vez facía paradas como reunindo valor para realizar unha terríbel afirmación final.

—Dan, Dan, non o lembrs...? os seus ollos de louco e a barba descoidada que nunca branqueaba? Miroume unha vez e non o esquecín nunca. Agora ela mírame do mesmo xeito. E sei por que! Descubriuno no *Necronomicon*... a fórmula. Non me atrevo a dicirche a páxina, mais cando o faga poderás lelo e enténdelo. Logo poderás saber por que me vin atrapado. Adiante e adiante... de corpo en corpo... así pretende non morrer nunca. O brillo da vida... sabe como romper o vínculo... pode brillar durante un intre mesmo cando o corpo xa está morto. Dareiche algunhas pistas para que o descubras. Oe, Dan, sabes por que a miña esposa sempre se esforza en evitar escribir inclinando as letras para atrás? Viches algunha vez un manuscrito do vello Ephraim? Queres saber por que tremín cando vin por primeira vez algunhas notas rápidas de Asenath?

»Asenath... Existe sequera esa persoa? Por que murmuran que había veneno no estómago do vello Ephraim? Por que os Gilman murmuran sobre o xeito en que berraba, como un neno asustado, cando se volveu louco e Asenath o encerrou no cuarto acolchado do ático onde estivera o outro? Era a alma do vello Ephraim a que estaba alí encerrada? Quen encerrou a quen? Por que estivo a buscar durante meses alguén con bastante intelixencia e pouca vontade? Por que odiaba o feito de que a súa filla non fose un home? Dime, Daniel Upton, que endiañada mudanza se produciu na casa do terror onde aquel monstro blasfemo tiña fechada a

súa confiada e feble crianza medio humana para facer con ela a súa vontade? Conseguiu facelo permanente, como fará comigo ao final? Dime por que esa cousa que se fai chamar Asenath escribe dun xeito diferente cando non se concentra até o punto en que poderías dicir que a súa letra é a de...

Logo aconteceu. A voz de Derby estaba a subir, converténdose nun agudo chío, cando de súpeto se apagou dun xeito case mecánico. Pensei naquelas outras veces, na miña casa, nas que parara de súpeto as súas confesións e nas que eu medio imaxinara que algunha clase de misteriosa onda telepática de Asenath o estaba a facer calar. Porén, isto era algo completamente distinto e infinitamente máis terríbel. O rostro que había ao meu carón torceuse até volverse case irrecoñecíbel durante un intre, mentres que todo o corpo comezou a tremer, como se todos os ósos, órganos, músculos, nervios e glándulas se estivesen a axustar a unha posición radicalmente diferente.

Non sei a que se debía aquel terror supremo e non creo que o poida dicir na vida, así e todo invadime como unha marea de enfermidade e noxo, unha sensación xélida e petrificante de extrema alienación e anormalidade tal que afrouxei as mans do volante. O corpo que había ao meu carón parecía menos ao meu amigo de toda a vida que a algunha clase de intruso monstruoso do espazo exterior, algunha clase de condenado e maldito foco de forzas cósmicas descoñecidas e malignas.

Fraqueei só durante un intre, mais antes de pasar outro segundo o meu acompañante agarrara o volante e forzábame a mudar de lugar no coche. A escuridade agora era moi mesta e as luces de Portland achábanse xa lonxe ás nosas costas, polo que non podía distinguir moi ben o seu rostro. Porén, o resplandor dos seus ollos era fantástico, polo souben que debía de acharse naquel estado de grande enerxía, tan distinto do seu ser normal, que moita xente notara. Era raro e mesmo incríbel que o apático Edward Derby, que nunca se soubera defender a si mesmo e que nunca aprendera a conducir, puidese estar a darme ordes e collendo o volante do

coche, e así e todo iso fora o que acontecera precisamente. Non falou durante un tempo e sentínome agradecido de que non o fixese.

Ás luces de Biddeford e Saco puíden ver a rixidez da súa boca e tremín ao albiscar o resplandor dos seus ollos. A xente estaba no certo, parecíase terriblemente á súa muller e ao vello Ephraim cando se achaba nese estado. Non me estrañei de que a xente non gustase desta faceta de Derby, xa que había nel algo antinatural e notei a situación máis sinistra aínda tendo en conta os loucos desvaríos que acababa de ouvir da súa boca. Logo de toda unha vida de coñecer a Edward Pickman Derby, podo dicir que aquel home era un estraño, algunha clase de intruso procedente do negro abismo.

Non abriu a boca até que estivemos nunha estrada escura e estreita, e alí a súa voz resultoume terriblemente descoñecida. Era máis fonda, firme e cargada de decisión que a del, mentres que o seu sotaque e pronuncia estaban completamente cambiados, malia que dalgún xeito vago, remoto e perturbador lembrábame a algo que non era quen de situar. Notei que o seu ton tiña un trazo de ironía moi fonda e xenuína, non a esporádica e gratuíta falsa retransca que Derby chamaba «sostificación», senón algo sombrizo, primario, penetrante e potencialmente maligno. Fiquei abraiado da súa posesión así que comezou a falar.

—Agardo que esquezas o ataque que tiveron, Upton —dicía—. Xa sabes como sufro dos nervios, e supoño que saberás escusar esta clase de comportamentos. Estouche enormemente agradecido de que me foses buscar.

»E tamén debes esquecer todas as loucuras que estiveron a dicir sobre a miña esposa e en xeral. Iso é o que pasa cando se estuda de máis no meu campo. A miña filosofía está inzada de conceptos estraños e cando a mente cansa saen toda clase de fantasías. Debo tomar un descanso, así que probabelmente non me vexas durante un tempo, mais non debes botarlle a culpa a Asenath.

»Esta viaxe foi un pouco rara, pero no fondo ten unha explicación ben sinxela. Hai certas reliquias dos nativos americanos nos bosques do norte: pedras fincadas e esa clase de cousas interesantes para o folclore, e Asenath e mais eu sempre andamos interesados niso. Foi unha dura pescuda, así que crin que me volvía louco. Cando chegue á casa enviarei alguén polo meu coche. Cun mes de descanso xa estarei recuperado.

Non lembro ben que foi o que dixen eu na conversa, xa que a abraiante mudanza que operara no meu compañeiro alagaba os meus pensamentos. A cada momento medraba o meu sentimento de horror cósmico até o punto que no final do camiño xa chegaba ao punto de ser case un auténtico delirio. Derby non se ofreceu a volverme ceder o volante, así que me sentín feliz pola rapidez á que pasaron Portsmouth e Newburyport. No cruzamento en que a estrada principal se interna terra dentro para evitar Innsmouth sentín medo de que o condutor collese a desolada pista da costa e se dirixise cara a aquel lugar aborrecíbel. Así e todo non o fixo, senón que avanzou a toda mecha cara ao noso destino deixando atrás Rowley e Ipswich. Chegamos a Arkham antes da media noite e atopei que na antiga casa de Crowninshield as luces aínda estaban acesas. Derby deixou o coche, volveu darme as grazas rapidamente e eu conducín só até a miña casa cunha estraña sensación de alivio. Fora unha viaxe terríbel, especialmente porque non podo explicar o motivo polo que non lamentei que Derby me contase que non nos iamos ver nunha tempada.

Os dous seguintes meses estiveron cheos de rumores. A xente falaba de que vía a Derby cada vez máis a miúdo no seu novo estado, cheo de enerxías, e Asenath case nunca se deixaba ver. Só tiveron unha visita de Edward, que fixo unha breve parada no coche de Asenath, que recuperara de onde for que o deixara en Maine, para coller uns libros que me emprestara. Achábase no seu novo estado e só ficou o tempo que esixía a boa educación. Estaba claro que non ía falar comigo de nada nese estado, e mesmo notei que nin sequera petara na porta co seu xeito

habitual de tres máis dous. Igual que aquela tarde no coche, sentín un terror vago e infinitamente profundo que non podo explicar, así que a súa rápida partida supuxo un alivio prodixioso.

A mediados de setembro Derby estivo fóra unha semana e algúns dos membros do seu antigo círculo de decadentes universitarios falaron sobre o asunto e apuntaron que marchara a unha reunión cun notábel líder cultista que fora expulsado de Inglaterra e que establecera o seu cuartel xeneral en Nova York. Pola miña banda, non podía tirar da cabeza aquela estraña viaxe desde Maine. A transformación da que fora testemuña enchérame de medo e atopábame a miúdo volvendo unha e outra vez sobre a cuestión e ao profundo terror que me inspirara.

Porén, os rumores máis estraños eran os que falaban da vella casa de Crowninshield. Dicían que se ouvía unha voz, supostamente dunha muller, e algunha das persoas máis novas comentou que soaba como a de Asenath. Rara vez se ouvía, mais ás veces parecía que a calaban á forza. Falouse de abrir unha investigación, mais o asunto esvaeceuse cando Asenath apareceu un día polas rúas e falou animadamente cunha boa cantidade de veciños, desculpándose pola súa recente ausencia e deixando caer que tivera unha visitante de Boston que sufrira un ataque de histeria. Nunca se viu tal visitante, mais a aparición de muller en público calou moitas bocas. Despois alguén complicou aínda máis o asunto ao murmurar que de cando en vez tamén se ouvían saloucos de home. Unha tardiña de mediados de outubro ouvín os familiares toques na porta de entrada da miña casa. Fun abrir eu mesmo e atopeime con Edward nas escaleiras, quen, como puiden comprobar nun intre, recuperara a súa antiga personalidade, aquela que non volvera observar nel desde o día dos seus desvaríos naquela terríbel viaxe desde Chesuncook. Tiña o rostro conxestionado nunha mestura de estrañas emocións nas que medo e triunfo semellaban ser as dominantes, e botou unha ollada furtiva sobre o ombro cando fechei a porta tras del.

Seguiume con torpeza até o estudio e pedíume algo de whisky para

calmar os nervios. Abstívenme de comezar a interrogalo e agardei até que se sentiu cómodo para comentar o que quería. Finalmente comezou a falar coa voz entrecortada.

—Asenath marchou, Dan. Tivemos unha longa conversa a noite pasada mentres os serventes estaban fóra e fíxenlle prometer que me deixaría en paz. Abofé que teño... teño certas defensas ocultas das que non che falei nunca. Non lle quedou outra que ceder, pero estaba terriblemente enfadada. Fixo as maletas e partiu para Nova York no tren de Boston das oito e vinte. Supoño que a xente murmurará, pero non lle podo facer nada. Non tes por que dicir que houbo algún problema, simplemente que marchou a unha longa viaxe de estudos.

»Probabelmente vaia xunto a un dos seus horríbeis grupos de culto. Agardo que marche ao oeste e que pida o divorcio. Así e todo, fíxenlle prometer que permanecería lonxe e que me deixaría tranquilo. Foi horríbel, Dan, estaba a roubarme o corpo, arrincándome del, converténdome nun prisioneiro. Eu deixei dominar e ela aproveitouse diso, mais tiven que manterme alerta. Podía planear a miña rebelión se andaba con moito ollo, xa que ela non era quen de lerre a mente directamente nin en detalle. O único que podía tirar de min era que estaba descontento, mais sempre pensou que eu era un pusilánime. Nunca pensou que lle puidese plantar cara... mais gardei para min un esconxuro ou dous que funcionaron.

Derby mirou sobre o ombro e bebeu un grolo máis de whisky.

—Despedín os malditos serventes esta mañá cando chegaron. Enfadáronse bastante e fixeron preguntas, mais ao final marcharon. Son coma ela, xente de Innsmouth, e eran uña e carne. Agardo que me deixen en paz, non gostei do xeito en que riron ao marcharen. Intentarei contratar a todos os antigos serventes do meu pai que poida. Voume mudar de volta á miña casa.

»Supoño que pensarás que estou louco, Dan, mais a historia de

Arkham suxire certas cousas que apoian o que che contei e o que che vou contar agora. Ti observaches unha das mudanzas, o que aconteceu no teu coche logo de falarche de Asenath o día que volvemos de Maine. Posuíume e arrincoume do meu corpo. O último que lembro é sentir como intentaba entrar mentres che falaba do endiañada que é. Logo conseguíuno e nun intre estiven de volta na miña casa, na biblioteca onde eses malditos serventes me tiñan fechado, metido nese corpo de diaño que nin sequera é humano de todo. Supoño que te decatarias de que era ela a que volveu contigo á casa, esa loba famenta metida no meu corpo. Supoño que te decatarias da diferenza!

Arreguiceime cando Derby fixo unha pausa. Abofé que reparara na diferenza, pero como podía dixerir unha explicación tan louca como aquela? Mais o meu distraído interlocutor estíbese a pór máis e máis nervioso.

—Tiña que salvarme! Tiña que facelo, Dan! Tiña pensado apoderarse de min definitivamente no Samaín... Tiñan un aquelarre nos bosques de Chesuncook e o sacrificio deixaría o seu dominio selado. Apoderaríase de min para sempre, ela sería eu, eu sería ela, para sempre, demasiado tarde... O meu corpo debía ser para ela. Ela debía ser un home, un home completo, iso era o que ela quería. Supoño que despois se libraría de min, mataría o seu antigo corpo comigo dentro, maldición, ela xa o fixo antes... Ela xa o fixo antes, ou Iso xa o fixo antes... —o rostro de Edward estaba agora terriblemente retorcido e achegouno a unha distancia incómoda do meu para baixar a voz até un murmurio.

»Debes saber o que che insinuei no coche, que ela nin sequera é Asenath, senón o propio Ephraim. Comecei a sospeitalo haberá un ano e medio e agora seino con certeza. A súa caligrafía demóstrao cando non se concentra en finxir outra. Ás veces escribe algunha nota rápida cunha caligrafía idéntica á dos manuscritos do seu pai, trazo por trazo, e ás veces tamén di cousas que non diría ninguén agás un vello como el. Mudou de corpo con ela cando sentiu chegar a morte, era a única que podía atopar

coa mente axeitada e a vontade suficientemente feble, así que posuíu o seu corpo permanentemente, igual que case posúe o meu, e logo envelenou o corpo vello e guindouna dentro del. Non viches brillar a alma do vello Ephraim a través dos endiañados ollos dela ducias de veces e tamén a través dos meus cando tomaba o control do meu corpo?

Derby arqueixaba e fixo unha pausa para tomar alento. Permanecín calado, e cando o meu amigo retomou a historia, a súa voz era máis normal. Reflexionei que este era un caso de internamento nun sanatorio, mais eu non sería quen o enviase alí. Se cadra co paso do tempo e ao verse liberado de Asenath podería recuperarse. Podía ver que o meu amigo non volvería enredar co ocultismo nunca máis.

—Contareiche máis despois, agora debo tomar un longo descanso. Contareiche algo sobre os terrores prohibidos aos que me levou, algún horror primixenio que mesmo agora asexá nas esquinas da realidade e que uns poucos sacerdotes monstruosos manteñen con vida. Hai quen sabe cousas sobre o universo que ninguén debería de saber e que pode facer cousas que ninguén debería poder. Eu estiven metido até o pescozo niso, pero agora acabou. Hoxe pegaría lume a ese maldito *Necronomicon* e ao resto dos libros se fose o bibliotecario da Miskatonic.

»Pero agora non pode collerme. Debo saír desa casa maldita en canto poida e instalarme na miña propia. Sei que me axudarás se cho pido. Con eses serventes, xa sabes, e por se a xente fai preguntas de máis sobre Asenath. Xa sabes, non podo darlles o seu enderezo... Hai certos grupos de investigadores... de certos cultos, ti xa me entendes, que poden entender mal a nosa ruptura... e algúns deles teñen unhas ideas e métodos do peor. Sei que estarás comigo se algo me acontece, mesmo se che teño que contar cousas que te poden deixar abraiado...

Esa noite pedín a Edward que ficase nun dos cuartos de convidados e pola mañá xa parecía máis tranquilo. Falamos sobre os preparativos para a súa mudanza de volta á mansión Derby e desexei que non perdese nin un

minuto en facelo. Á tarde seguinte non chamou, mais vino con frecuencia durante esas semanas. Falabamos o menos posíbel sobre cuestións estrañas e desagradábeis, mais aproveitamos para comentar as cuestións relativas á restauración da antiga casa dos Derby e as viaxes ás que Edward prometera levarnos a min e mais ao meu fillo o verán seguinte. Sobre Asenath practicamente non dixemos nada, xa que observei que aquel tema era especialmente perturbador. Así e todo, era o dixomedíxome dos veciños, mais tampouco era nada novo que murmurasen sobre a vella casa de Crowninshield. Do que non gostei nada foi de algo que deixou caer o contábel de Derby no Miskatonic Club dun xeito bastante gratuito, sobre os cheques que Edward enviaba regularmente a Moses e Abigail Sargent e a Eunice Babson, de Insmouth. Daba a sensación de que aqueles serventes malencarados estivesen a extorsionalo dalgún xeito, aínda que nunca me mencionara tal asunto.

Desexei que chegase axiña o verán e con el as vacacións do meu fillo, que estudaba en Harvard, para podermos levar a Edward a Europa. Como puiden observar, non estaba a curar tan axiña como agardara, xa que había algo de histerismo nos seus ocasionais momentos de euforia, mentres que os seus momentos de medo e depresión eran tamén demasiado frecuentes. A vella casa Derby estivo lista en decembro e así e todo Edward sempre aprazaba a mudanza. Malia que odiaba e semellaba ter medo de Crowninshield, ao mesmo tempo estaba estrañamente escravizado por ela. Non daba signos de estar a recoller as súas cousas e inventaba toda clase de excusas para demorar o traballo. Cando llo fixen notar, pareceu terriblemente asustado. O antigo mordomo do seu pai, que se contaba entre os serventes que conseguira recuperar, contoume un día que os ocasionais paseos de Edward pola casa e especialmente polo soto, resultábanlle estraños e mesmo insáns. Pregunteime se Asenath lle escribira algunhas mensaxes perturbadoras, mais o mordomo afirmou que non chegara correo ningún que puidese proceder dela.

Foi unha tardiña de Nadal cando Derby se esborrallou. Eu estaba levando a conversa cara ás nosas viaxes do vindeiro verán, cando de súpeto se puxo a berrar e deu un salto desde a cadeira cunha mirada de medo arrepiante e incontrolábel, un pánico e un noxo cósmicos aos que só os últimos abismos do pesadelo poden arrastrar unha mente sa.

—A miña cabeza! A miña cabeza! Meu Deus, Dan, está a tirar desde o outro lado. Bate, traba... esa muller-diaño... aínda agora... Ephraim... Kamog! Kamog! O pozo dos shoggoths... Iä! Shub-Niggurath! O Castrón das Mil Crías!

»A chama, a chama... máis alá do corpo, máis alá da vida, baixo a terra... ai, meu Deus!

Arrastreino de volta á cadeira e boteille un chorro de viño pola gorxa cando o seu frenesí se tornou nunha apatía apagada. Non se resistiu, mais continuou a mover os beizos como se estivese a falar consigo mesmo. De súpeto, vin que estaba a intentar falar comigo, así que arrimeei a orella á súa boca para escoitar as súas febles palabras.

—Inténtao unha e outra vez. Debín supolo, nada pode frear ese poder, nin a distancia, nin a maxia, nin a morte. Ven unha e outra vez, especialmente pola noite. Non podo marchar, é horroroso, ai, meu Deus, Dan, se soubeses o horríbel que é...

Cando acabou de mergullarse no estupor, arroupeino cunhas almofadas e deixeiño durmir. Non chamei polo médico, pois xa sabía o que diría sobre a súa saúde mental, e eu desexaba darlle unha oportunidade de cura por si propio. Espertou á media noite e leveino ao cuarto no andar superior, mais pola mañá xa marchara. Saíra da casa en completo silencio e cando chamei por teléfono, o mordomo díxome que estaba na casa, dando voltas pola biblioteca.

Edward veuse abaixo axiña logo deste incidente. Non volveu visitarme, mais eu ía velo todos os días. Sempre permanecía sentado na biblioteca, ollado o nada e cun aspecto de expectación anormal. Ás veces

falaba dun xeito racional, mais sempre sobre temas triviais. Calquera mención ao seu problema, aos plans de futuro ou a Asenath volvíao louco. O mordomo dixo que lle daban uns ataques arrepiantes pola noite, durante os cales ás veces mesmo se autolesionaba.

Tiven unha longa conversa co seu médico, o seu contábel e o seu avogado, e finalmente decidimos mandar vir un psicólogo con dous especialistas. Os espasmos que lle produciron as primeiras preguntas foron violentos e dignos de mágoa, e esa tarde, un coche levou o seu pobre corpo ao Psiquiátrico de Arkham. Nomeáronme o seu titor e chamábao dúas veces á semana, case chorando ao ouvir os seus berros salvaxes, os seus estarrecedores murmurios e as atroces repeticións de frases como «Teño que facelo, teño que facelo, vaime coller, vaime coller, abaixo, abaixo na escuridade, mamá! Mamá! Dan! Sálvame... sálvame...»

Ninguén podía dicir cantas esperanzas había de recuperación, mais intentei ser optimista. Edward debía ter un fogar ao que acudir se saía, así que mandei os seu serventes á mansión Derby, que era o lugar idóneo. Non podía decidir o que facer coa casa de Crowninshield coas súas complexas obras e coleccións de obxectos inexplicábeis, así que polo momento non lle toquei, senón que dei orde aos serventes de que fosen limpar o po dos cuartos principais unha vez á semana e que de paso acendesen a cheminea.

O pesadelo último chegou antes da Candelaria, precedido, nunha cruel ironía, por un falso brillo de esperanza. Unha mañá de finais de xaneiro chamaron do psiquiátrico para informarme de que Edward recuperara a cordura de socato. A súa memoria estaba gravemente afectada, mais a súa cordura era completa. Abofé, debía de permanecer algún tempo en observación, pero non había dúbidas sobre a súa recuperación. Se todo ía ben, seguramente estaría fóra nunha semana.

Apresureime camiño do sanatorio cheo de ledicia, mais fiquei desconcertado cando unha enfermeira me levou ao cuarto de Edward. O paciente ergueuse para saudarme, estendeu a man cun sorriso educado,

pero ao instante puideren ver que posuía aquela estraña e enérxica personalidade que lle era tan allea, aquela personalidade competente que me parecía tan vagamente horríbel e que Edward mesmo xurara que se trataba da alma intrusa da súa esposa. Tiña a mesma mirada ardente, tan parecida á de Asenath e á do vello Ephraim, e a mesma boca firme. Cando comezou a falar puideren sentir a mesma torva e penetrante ironía na súa voz, a fonda retranca que destilaba maldade. Esta era a persoa que conducira o meu coche aquela noite de había cinco meses, a persoa que non vira desde aquela breve visita na que esquecera o antigo xeito de chamar á porta e que espertara uns medos nebulosos no meu ser. Agora enchíame máis unha vez co mesmo sentimento vago de blasfema alienación e inefábel horror cósmico.

Falou afabelmente sobre o que había que organizar para a súa saída e eu non puideren facer outra cousa que asentir, malia que a súa memoria recente tiña bastantes lagoas. Así e todo sentín que aquela situación tiña algo de terríbel e anormal. Había un veo de terror en todo este asunto que non daba identificado. Aquela era, sen dúbida, unha persoa corda, mais era o Edward Derby que eu coñecera? Se non, de quen se trataba e onde estaba Edward? Estaría ceibo ou encerrado, ou estaría xa arrincado da Terra? Había un lixeiro toque de retranca infinita en todo o que dicía aquela criatura. Os seus ollos, tan semellantes aos de Asenath, engadían unha tremenda mofa a certas palabras relativas á liberdade que gañara anos atrás logo dun confinamento especialmente estrito. Seguro que me comportei con gran torpeza, mais sentínme aliviado ao marchar.

Estiven todo ese día e mais o seguinte dándolle voltas ao problema. Que acontecera? Que clase de mente era a que esculcaba a través deses ollos estraños chantados no rostro de Edward? Non podía pensar en nada máis que neste vago e terríbel enigma, así que abandonei todos os esforzos e dediqueime ao meu traballo habitual. Dous días despois, pola mañá, chamaron do hospital para dicir que o estado do paciente recentemente recuperado continuaba sen mudanzas e pola tarde vinme

nun estado próximo ao colapso nervioso, un estado que admito, malia que outros aseguran que anubrou a miña visión das cousas que lle seguiron. Non teño nada máis que dicir sobre esta cuestión agás que ningunha loucura pola miña parte pode explicar o conxunto das evidencias.

V

Foi a noite que seguiu á segunda tarde cando ese terror agudo e extremo me atrapou e envolveu o meu espírito cun pánico negro e abafador do que nunca me conseguirei zafar. Todo comezou cunha chamada de teléfono xusto antes da media noite. Eu era o único que estaba aínda a pé, así que baixei medio adormecido até a biblioteca. Non parecía haber ninguén do outro lado do fío e estaba a piques de colgar e ir para a cama cando o meu ouvido captou un son moi feble que viña do outro lado. Era alguén intentando falar con gran dificultade? Mentres escoitaba crin ouvir unha especie de son burbullante e medio líquido, como un «glub... glub... glub...», que traída unha estraña suxestión de palabras e sílabas non articuladas e inintelixíbeis. Contestei: «Quen é?» mais a única resposta foi «glub... glub... glub». O único que podía pensar era que o son tiña unha orixe mecánica, mais facendo a suposición de que podía tratarse dalgunha clase de instrumento roto capaz de recibir e non de enviar mensaxes, engadín: «Non te podo ouvir. Mellor colga e chama a Información». O receptor do outro lado colgou decontado.

Como dixeran, isto foi contra a media noite. Cando máis tarde localizaron a chamada, descubriron que procedía da casa de Crowninshield, malia que xa ía media semana desde que o servizo non pasaba por alí. Só vou describir brevemente o que descubriron na casa: unha barafunda no cuarto máis recóndito do soto, as pegadas, a sucidade, o armario baleirado ás présas, as desconcertantes marcas no teléfono, os útiles de escritorio torpemente utilizados e aquel detestábel fedor que o

alagaba todo. A policía, que non dá para máis, ten as súas pequenas e orgullosas teorías e aínda andan na procura daqueles sinistros serventes despedidos que desapareceron do mapa ante o escándalo que se montou. Falan dunha estarrecedora vinganza polo que lles fixeran e mesmo din que me incluíron nela por ser o mellor amigo e conselleiro de Edward.

Idiotas! Como pensan que eses pallasos analfabetos puideron imitar esa escrita? Como pensan que puideron ser os culpábeis do que pasou despois? Están cegos aos cambios que se deron nese corpo que foi de Edward? E en canto a min, agora xa creo en todo o que Edward Derby me contou. Existen horrores alén do límite da vida que non sospeitamos, e de cando en vez a curiosidade maligna do ser humano tráeos até o noso mundo. Ephraim, Asenath, que o demo os leve por levarse a Edward e intentalo tamén agora comigo!

Como podo estar certo da miña seguridade? Eses poderes sobreviven á forma física. Ao día seguinte pola tarde, cando conseguín saír do meu estupor e fun quen de camiñar e falar con coherencia, dirixinme ao manicomio para matar a Edward dun tiro, polo ben do mundo, mais como podo estar seguro até que incineren o seu corpo? Están a gardar o cadáver para que diferentes doutores lle realicen unha serie de estúpidas autopsias, mais eu digo que o deben incinerar. Ese que non era Edward Derby cando o matei debe ser incinerado. Voume volver louco se non o fan, xa que eu podo ser o seguinte. Mais a miña vontade non é feble e non deixarei que a minen os terrores que sei que me rodean. Unha vida... Ephraim, Asenath e Edward... E agora quen? Non me arrastrará fóra do meu corpo. Non intercambiarei a alma con ese cadáver tiroteado do manicomio!

Mais déixenme que conte dun xeito coherente ese último horror. Non vou falar do que a policía leva ignorando porfiadamente, as historias sobre aquela cousa achaparrada, grotesca e fedorenta coa que se cruzaron cando menos tres transeúntes en High Street xusto antes das dúas da mañá, e sobre a natureza das pegadas que deixou en certos lugares. Só vou

dicir que arredor das dúas espertáronme o timbre e os golpes na porta. Tanto o timbre como os golpes alternábanse dun xeito vacilante, cunha especie de feble desesperación, como intentando imitar o antigo contrasinal de Edward dos tres máis dous golpes.

A miña mente acabada de espertar sumiuse na axitación. Derby estaba na porta... lembraba o antigo código! Aquela nova personalidade non o coñecía... logo volvía estar Edward no seu estado natural? Por que se achaba aquí amosando signos tan evidentes de nerviosismo e présa? Soltáranos antes de tempo ou fuxira? Mentres vestía unha bata e me precipitaba escaleiras abaixo, pensei que se cadra o seu retorno a si mesmo producira nel un rapto de furia e violencia que fixera que lle revogasen a alta e que o levara a unha desesperada fuxida pola liberdade. Fose o que for, volvía ser o bo de Edward e eu axudaría no que fose preciso!

Cando abrín a porta á escura rúa flanqueada por umeiros, un refacho de vento insufribelmente fedorento deixoume prostrado. Sufocado polo noxo, durante un segundo apenas vin a figura achaparrada e corcovada sobre os chanzos da entrada. O xeito de chamar fora o de Edward, mais quen era esa parodia noxenta e raquítica? Onde fora Edward? A chamada volvera soar só un segundo antes de abrir eu a porta. A figura levaba un dos abrigos de Edward cos baixos case tocando o chan e as mangas arremangadas e así e todo cubríanlle as mans. Sobre a cabeza levaba un gorro que lle quedaba grande, mentres que unha bufanda negra de seda tapáballe o rostro. Cando dei un paso dubitativo cara a adiante, a figura produciu un son medio líquido, semellante ao que ouvira polo teléfono, aquel «glub... glub...», e tendeu-me un papel grande escrito con letra moi apertada, chantado na punta dun longo lapis. Recuando aínda ante o fedor noxento e indescribíbel, collín o papel e intentei lelo á luz do limiar.

Tratábase da letra de Edward sen ningunha dúbida. Mais por que escribira cando estaba preto dabondo para chamar á porta e por que a letra era tan torpe, basta e trémula? Non podía distinguir nada naquel

lusquefusque, así que entrei de volta no recibidor coa figura anana seguíndome con movementos mecánicos, aínda que parou ante o limiar da porta interior. O fedor deste singular mensaxeiro era realmente espantoso e desexei (non en balde, grazas a Deus) que a miña esposa non espertase para ter que aturalo.

Logo, cando lin o papel, sentín que os xeonllos cedían baixo o meu peso e que a visión se me anubraba. Cando recuperei o sentido estaba deitado no chan con aquela maldita folla de papel aínda agarrada na man, rixida de pavor. Isto é o que dicía:

Dan, vai ao psiquiátrico e mátao. Extermíno. Xa non é Edward Derby. Posuíume, é Asenath, que leva morta tres meses e medio. Mentín cando dixen que marchara. Mateina. Tiña que facelo. Foi un arrebatado, pero estabamos sós e eu achábame no meu corpo. Vin un candelabro e esmagueille a cabeza con el. Íame posuír definitivamente polo Samaín.

Enterreina no cuarto máis recóndito do soto, baixo unhas caixas vellas e limpei todas as evidencias. Os serventes comezaron a sospeitar á mañá seguinte, mais gardan tantos segredos que non se atreveron a acudir á policía. Despedinos, mais só Deus sabe o que farán, tanto eles como outros cultistas.

Durante un tempo pensei que todo estaba ben e logo sentín turrar nos meus miolos. Sabía o que era, lembrábo ben. Unha alma como a súa, ou a de Ephraim, non está atada de todo ao corpo, e perdura despois da morte mentres que o corpo aínda se conserve. Estaba tentando posuírme, introducirse no meu corpo e guindarme a min no seu cadáver enterrado no soto.

Eu sabía ben o que estaba acontecendo, e por iso tiven a crise que obrigou a internarme. E logo aconteceu. Atopeime sufocado na escuridade, dentro do cadáver putrefacto de Asenath, no soto, baixo as caixas onde eu o agochara. E souben que ela debía de

estar dentro do meu corpo no psiquiátrico, dun xeito permanente, pois xa pasara o Samaín e o sacrificio funcionara mesmo sen estar ela presente. E estaba corda e preparada para saír, convertida nunha ameaza para o mundo. Eu estaba desesperado, así que me abrín paso cara ao exterior. Xa non son quen de falar, non puiden facelo por teléfono, mais aínda son quen de escribir. Teño que erguerme dalgún xeito e entregarche estas últimas palabras e advertencias. Mata ese diaño se valoras a paz e a seguridade do mundo. Asegúrate de que o incineran. Se non o fas, vivirá para sempre, de corpo a corpo por toda a eternidade, e non podoo nin contarche as cousas que fará. Mantente afastado da maxia negra, Dan, é cousa do demo. Adeus, fuches un grande amigo. Cántalle á policía calquera cousa que poidan crer, lamento moitísimo arrastrarte a esta situación. Estarei en paz dentro de non moito, esta cousa non se manterá moito máis. Agardo que poidas chegar a ler esta nota, e a matar esa cousa... Mátaa.

Con agarimo, Ed.

A segunda metade da nota lina máis tarde, xa que me esvaecín alá polo terceiro parágrafo. Volvín esvaecerme cando vin e cheirei aquilo que estaba amoreado no limiar, onde o vento cálido o empurrara. O mensaxeiro xa non era quen de moverse nin de ter consciencia.

O mordomo, que estaba feito dunha pasta máis dura ca min, non se esvaeceu ante o que viu no recibidor aquela mañá. No canto diso chamou pola policía. Cando chegaron eu xa subira á cama, mais a «outra masa» xacía no lugar onde se esborrallara pola noite. Os axentes tiveron que tapar o nariz cun pano.

O que atoparon finalmente envolvido nas prendas desordenadas de Edward foi máis que nada un horror líquido. Tamén había ósos, e unha caveira esmagada. Por algunhas das pezas dentais identificaron a caveira como a de Asenath.



A SOMBRA FÓRA DO TEMPO

[*The Shadow out of Time* foi escrita entre novembro de 1934 e febreiro de 1935, e publicada no número de xuño de 1936 da revista de ficción científica *Astounding Stories*.]

CAPÍTULO I

Logo de vinte e dous anos de pesadelo e terror, que superei só pola desesperada convicción da orixe mítica de certas impresións, continúo negándome a admitir a realidade do que penso que atopei no oeste de Australia na madrugada do 17 ao 18 de xullo de 1935. Existen razóns para agardar que a miña experiencia fose unha alucinación parcial ou total, para o cal, de feito, habería varias causas. Así e todo, o seu realismo foi tan terríbel que ás veces penso que ese desexo é imposíbel.

Se aconteceu de verdade, a humanidade debe estar preparada para aceptar unhas nocións sobre o cosmos e sobre o seu lugar no afervoadado vórtice do tempo, cuxa simple mención provoca a parálise. Tamén debería de estar alerta contra un certo perigo agochado que, aínda que nunca afectará a toda a especie, si que podería impor uns horrores monstruosos e descoñecidos sobre algúns membros desventurados da mesma.

É por este último motivo polo que pido con toda a forza do meu ser o abandono final de todos os intentos de desenterrar aqueles fragmentos de

cantaría descoñecida e antiquísima que a miña expedición foi investigar.

Asumindo que estaba cordo e esperto, a miña experiencia daquela noite foi única. Alén diso, foi unha estarrecedora confirmación de todo o que pretendera considerar mito e soño. Por fortuna, non hai probas, xa que no medio do terror que me dominaba perdín o abraiante obxecto que, de ser real e proceder daquel abismo impío, suporía unha evidencia irrefutábel.

Cando descubrín aquel horror achábame só e até agora nunca lle falei a ninguén sobre aquilo. Non puideron facer que os demais deixasen de cavar naquela dirección, mais as áreas cambiantes conseguiron evitar que o descubrisen. Agora debo realizar un informe detallado, non só polo ben da miña saúde mental, senón para que tamén serva de advertencia a outros que o poidan ler con seriedade.

Estas páxinas, cuxa primeira parte será ben familiar aos lectores habituais da prensa xeral e científica, están escritas no camarote do barco que me leva de volta para a casa. Entregareinas ao meu fillo, o profesor Wingate Peaslee, da Universidade de Miskatonic, que é o único membro da miña familia que ficou comigo após a estraña amnesia que sufrín hai tempo, ademais do home mellor informado sobre os detalles do meu caso. De todas as persoas vivas, é o menos propenso a rir do que vou contar sobre esa noite maldita.

Non llo contei de palabra antes de embarcar, xa que penso que o mellor vai ser relatarllo por escrito. Ler e reler con calma os feitos halle deixar unha imaxe máis sólida que o que lle pode dicir a miña lingua confusa.

Poderá facer o que crea mellor con este informe, mesmo difundilo cos comentarios axeitados nos círculos que el considere mellores. Como estes posíbeis lectores non coñecen as fases máis antigas do meu caso, vou prologar a miña historia cun amplo sumario do que hai detrás.

Chámome Nathaniel Wingate Peaslee e aqueles que lembren as

crónicas dos xornais de hai unha xeración ou as cartas e os artigos das revistas de psicoloxía de hai cinco ou seis anos, saberán quen e que son. A prensa estivo inzada de novas sobre a miña estraña amnesia entre 1908 e 1913, e moitos relacionábana coas tradicións de horror, loucura e bruxaría que se arrastraban tras a antiga vila de Massachusetts na que eu vivía. Así e todo, eu sabía que non había nada de louco ou sinistro na miña familia nin na miña infancia. Este feito é moi importante á hora de analizar esa sombra que caeu sobre min de súpeto desde o exterior. Debe ser que os séculos de escura sona deran á vila de Arkham unha peculiar vulnerabilidade fronte a asuntos sombrizos, aínda que resulta algo dubidoso á luz das outras cuestións que máis adiante exporei. Mais o punto principal é que toda a miña ascendencia era completamente normal, así que o que me aconteceu, tivo que chegar dalgún outro lugar, dun sitio do que mesmo agora dubido en expresar en palabras.

Son fillo de Jonathan e Hannah (Wingate) Peaslee, ambos os dous con sangue puro de Haverhill. Nacín e crieime en Haverhill, nunha vella casona de Boardman Street, preto de Golden Hill, e non pisei Arkham até que entrei a traballar na Universidade de Miskatonic como profesor de economía política no ano 1895.

Durante trece anos a miña vida decorreu sinxela e feliz. Casei con Alice Keezar, de Haverhill, no ano 1896, e os meus tres fillos, Robert, Wingate e Hannah naceron en 1898, 1900 e 1903 respectivamente. En 1898 ascendín a profesor asociado, e en 1902 a profesor titular. Endexamais tiven nin o máis mínimo interese no ocultismo nin na parapsicoloxía.

O xoves día 14 de maio de 1908 bateume aquela estraña amnesia. Foi algo moi súbito, aínda que despois decateime de certas visións breves e brillantes que tivera unhas poucas horas antes. Tratábase dunhas visións caóticas que me preocuparon en gran medida, posto que como nunca tiveran precedente debían supor uns síntomas premonitorios de algo. Doíame a cabeza e tiven unha sensación moi peculiar, nova para min, de que alguén estaba a intentar tomar o control dos meus pensamentos.

O colapso tivo lugar arredor das 10:20 da mañá mentres impartía unha aula de «Economía Política VI: historia e tendencias económicas actuais», dirixida principalmente a estudantes de primeiro ano e a uns poucos de segundo. Comecei a ver formas estrañas ante os ollos e a sentir que me achaba nunha estancia grotesca que non era a miña sala.

Os pensamentos e a fala desviáronse do asunto do que estaba a tratar e os estudantes notaron que había algo que ía moi mal. Logo esborralleime, inconsciente, sobre a cadeira, nun estupor do que ninguén foi quen de me tirar. Os meus propios sentidos non volveron ver a luz deste mundo até cinco anos, catro meses e trece días máis tarde.

Abofé, o que segue sóbena por boca doutros. Non amosei signo ningún de recuperar a consciencia durante dezaseis horas e media, malia que me levaron até a miña casa, no 27 de Crane Street, onde recibín a mellor atención médica.

Ás tres da mañá os meus ollos abríronse e comecei a falar, e a miña familia sentiuse terriblemente asustada polo xeito de me expresar e pola miña propia linguaxe. Estaba claro que non tiña lembranza ningunha da miña identidade nin do meu pasado, malia que por algunha razón semellaba nervioso por ocultar esta carencia de recordos. Os meus ollos miraban con estrañeza a xente que me rodeaba e os movementos dos meus músculos faciais eran completamente estraños.

Mesmo o meu falar semellaba torpe e estranxeiro. Empregaba os órganos vocais con torpeza e dificultade e a miña dicción tiña un ritmo mecánico, como se aprendese inglés cun libro. A pronuncia era absolutamente allea ao coñecido, mentres que a linguaxe incluía tanto restos de estraños arcaísmos como expresións completamente incomprensíbeis. Sobre estas últimas, unha en particular lembroume dun xeito case estarrecedor un médico novo vinte anos despois. Naquel momento, esa expresión comezara a empregarse, primeiro en Inglaterra e despois nos Estados Unidos, e malia a gran complexidade e indisputábel novidade da mesma, reproducía en cada mínimo detalle as místicas

palabras do estraño paciente de Arkham de 1908.

Axiña recuperei a forza física, aínda que precisei unha estraña cantidade de reeducación no uso das mans, as pernas e o corpo en xeral. Debido a isto e a outros problemas derivados da miña perda de memoria, mantivéronme baixo estritos coidados médicos durante unha tempada.

Cando vin que os meus intentos por disimular a amnesia fallaran, admitina abertamente e comecei a amosarme ávido de información de todos os tipos. Así e todo, os doutores observaron que perdera interese na miña propia personalidade en canto se aceptou a miña amnesia como algo natural.

Notaron que os meus esforzos se centraban principalmente en certos puntos da historia, a ciencia, a arte, a lingua e o folclore, algúns deles tremendamente complexos e outros dunha simpleza infantil, que en moitos casos se achaban fóra do meu ámbito de traballo, o que era ben raro.

Ao mesmo tempo repararon en que posuía uns coñecementos case descoñecidos en moitos casos, uns coñecementos que semellaba querer ocultar máis que amosar. Polo visto fixera algunhas referencias casuais a certos eventos acontecidos en eras escuras fóra do que abrangue a historia oficial e logo intentara sacarlle ferro ao asunto ao ver as caras de sorpresa que provocara. E tiña un xeito de falar sobre o futuro que chegou a causar auténtico medo dúas ou tres veces.

Estes estraños alustros de saber descoñecido deixaron de acontecer axiña, malia que algúns observadores mantiveron que tal desaparición se debía máis a certa cautela pola miña banda que ao esvaecemento real dos estraños coñecementos que había detrás deles. De feito, eu parecía estar estrañamente ávido por absorber a fala, os costumes e as ideas do mundo que me rodeaba, como se fose un estudoso viaxeiro dalgunha terra moi afastada.

En canto mo permitiron, encerreime na biblioteca da universidade e

axiña comecei a facer os arranxos precisos para esas estrañas viaxes e cursiños especiais en universidades de América e Europa, que deron moito que falar durante os seguintes anos.

En ningún momento sufrín da falta de colegas estudosos, xa que o meu caso adquirira unha certa sona entre os psicólogos da época. Considerábanme un típico exemplo de dupla personalidade, aínda que polo visto deixaba abraiados os estudosos unha e outra vez con algúns síntomas imposíbeis ou cunha pouca retranca coidadosamente ocultada.

No entanto, atopei poucos amigos de verdade. Había algo no meu aspecto e fala que semellaba espertar vagos medos e arrepiós en todos os que coñecía, como se eu me achase completamente baleiro de todo o que é normal e san. Esta idea dun terror negro e oculto conectado cos abismos insondábeis dunha gran distancia era algo estrañamente estendido e persistente.

A miña familia non supuxo unha excepción. Desde o momento en que espertei do esvaecemento, a miña esposa olloume cun terror e unha aversión extremos, e aseguraba que eu era algunha clase de criatura estraña que usurpara o corpo do seu home. En 1910 obtivo o divorcio e non quixo volver verme, mesmo logo da miña volta á normalidade en 1913. Compartían este sentimento o meu fillo maior e a miña filla pequena, aos que non volvíñ ver desde aquela. Só o meu segundo fillo, Wingate, parecía capaz de controlar o terror e a aversión que a miña mudanza espertaba na xente. El notaba que eu era un estraño, mais malia que só tiña oito anos, agarrábase á esperanza de que volvería ao meu auténtico ser. Cando á fin volvíñ, buscoume e os tribunais concedéronme a súa custodia. Nos anos seguintes axudoume cos meus estudos e agora, aos seus trinta e cinco anos, é profesor de psicoloxía na Miskatonic.

Mais non me estraño do horror que causei, xa que podo asegurar que a mente, a voz e a expresión do ser que espertou o 15 de maio de 1908 non eran as de Nathaniel Wingate Peaslee.

Non intentarei contar moito sobre a miña vida entre 1908 e 1913, posto que os lectores poden debullar o principal, igual que o fixen eu, dos arquivos dos vellos xornais e as revistas científicas.

Puiden dispor dos meus aforros, que gastei lenta e sabiamente en viaxar e estudar en diferentes lugares. As miñas viaxes, no entanto, eran moi singulares e incluían longas visitas a lugares remotos e desolados.

En 1909 pasei un mes no Himalaia, e en 1911 chamei moito a atención por unha viaxe en camelo polos desertos descoñecidos de Arabia. Sobre o que aconteceu nestas viaxes, non fun quen de o saber nunca.

No verán de 1912 aluguei un barco e naveguei polo Ártico, ao norte de Spitzbergen, para retornar despois amosando claros signos de desilusión. Máis tarde aquel ano pasei varias semanas só nos vastos sistemas de cavernas calcarias de Virxinia e interneime alén de onde chegaran as exploracións previas e posteriores, nuns labirintos negros tan complexos que a ninguén se lle ocorrería seguir os meus pasos.

As miñas estancias nas diferentes universidades estaban marcadas por unha aprendizaxe anormalmente rápida, como se a miña segunda personalidade tivese unha intelixencia moito superior á miña. Tamén descubrín que a miña velocidade de lectura e de estudo era extraordinaria. Podía memorizar cada detalle dun libro simplemente con botarlle unha ollada tan rápida como o tempo que se tarda en pasar as páxinas, mentres que a miña habilidade para interpretar imaxes complexas con rapidez era autenticamente abraiante.

Por momentos tiven que aturar malos comentarios a causa da miña capacidade para influír sobre os pensamentos e os actos dos demais, polo que seica tiven que andar con ollo de minimizar as mostras desta facultade.

Outras das críticas que me fixeron estiveron causadas pola miña amizade cos líderes de certos grupos ocultistas e estudosos sobre os que recaían sospeitas de estaren conectados con grupos sen nome de

adoradores de terríbeis cultos arcaicos. Estes rumores, malia que nunca se probaron no seu día, estiveron alimentados sen dúbida polo coñecido ton que estaban a tomar as miñas lecturas, pois non podía manter en segredo as miñas consultas de libros estraños nas bibliotecas públicas.

Hai unha proba tanxíbel en forma de notas marxinais de que estudei con minuciosidade certos textos como o *Cultes des Goules* do Conde d'Erlette, *De Vermis Mysteriis* de Ludvig Prinn, o *Unaussprechlichen Kulten*, de von Junzt e os fragmentos que se convervaban do abraiante *Libro de Eibon* e do temido *Necronomicon*, do árabe louco Abdul Alhazred. Alén disto, non se pode negar que no tempo que durou a miña estraña transformación houbo un rexurdimento da actividade ocultista secreta.

No verán de 1913 comecei a amosar signos de aburrimento e desinterese, e a insinuar a algúns colegas que probabelmente axiña se había producir un cambio en min. Comentei que estaba recuperando lembranzas da miña anterior vida, aínda que a maioría dos ouvintes consideraron que estaba a mentir, posto que todas as lembranzas das que falei eran continxentes, como as que puidera aprender dos meus vellos documentos.

Pola metade de agosto volví a Arkham e abrín máis unha vez a porta da miña casa en Crane Street, que levaba moito tempo fechada. Alí instalei un mecanismo de aspecto moi raro, construído cunha mestura de pezas de distintos fabricantes de aparellos científicos europeos e americanos, que eu agochara coidadosamente da vista de calquera intelixente dabondo para o analizar.

Os que o viron foron un obreiro, un servente e a nova ama de chaves, e dixeron que se trataba dunha mestura rara de barras, rodas e espellos de só medio metro de alto por trinta centímetros de largo e trinta de fondo. O espello central era circular e convexo. Iso foi o que souben do que me dixeron os fabricantes das pezas que dei localizado.

Na tardiña do venres 26 de setembro despedín a ama de chaves e a

criada até o mediodía seguinte. As luces estiveron acesas até tarde na miña casa e un tipo fraco, escuro e de aspecto estranxeiro chegou en coche até a porta.

Arredor da unha da mañá as luces aínda estaban acesas. Ás 2:15, un policía viu que na casa reinaba a escuridade, mais o coche do forasteiro seguía estacionado na cuneta. Ás catro da mañá o coche xa non estaba.

Ás seis da mañá, unha voz trémula e con sotaque estraño chamou por teléfono ao doutor Wilson e pediulle que fose á miña casa para espertarme dun peculiar esvaecemento. Esta chamada de longa distancia foi investigada máis tarde para descubrir que se fixera desde un teléfono público da estación norte de Boston, mais nunca se soubo máis nada daquel forasteiro.

Cando o doutor chegou á miña casa atopoume inconsciente na sala de estar, sentado nunha cadeira de brazos diante dunha mesa. Sobre a superficie puída da mesma, unhas rabuñaduras evidenciaban que sobre ela houbera un obxecto pesado. A estraña máquina desaparecera e ninguén volveu saber nada dela desde aquel día. Sen dúbida leváraa o forasteiro escuro e delgado.

Na cheminea había moita borralla, sen dúbida procedente da queima de cada retallo de papel sobre o que escribira algo desde o día da amnesia. O doutor Wilson atopoume respirando con dificultade, mais logo dunha inxección hipodérmica a respiración regularizouse.

Ás 11:15 do 27 de setembro axiteime con forza e o meu rostro, que até o momento parecera unha máscara de cera, comezou a amosar signos de expresión. O doutor Wilson notou que esta expresión non era a da miña personalidade secundaria, senón que se parecía moito á do meu ser normal. Arredor das 11:30 murmurei unhas sílabas moi estrañas, tanto que non semellaban pertencer a ningunha lingua da humanidade. Tamén parecía que estaba a loitar contra algo. Logo, pasado o mediodía, cando acababan de volver a ama de chaves e a criada, comecei a murmurar en

inglés.

—...de entre os economistas ortodoxos dese período, Jevons é un exemplo da tendencia predominante cara á integración científica. O seu intento de relacionar o ciclo de prosperidade comercial e a depresión co ciclo físico das manchas solares é se cadra o punto álxido de...

Nathaniel Wingate Peaslee estaba de volta, un espírito para o que o tempo parara a mañá dun xoves de 1908 no medio dunha aula de economía sentado ante a vella mesa do estrado.

CAPÍTULO II

A miña reinserción á vida normal foi un proceso doloroso e difícil. A perda de máis de cinco anos crea máis complicacións das que un poida imaxinar e no meu caso había incontábeis asuntos que arranxar.

O que ouvín sobre o que fixera desde 1908 deixoume abraiado e perturbado, mais intentei asumilo coa mellor filosofía que puider. Finalmente, ao recuperar a custodia de Wingate, o meu segundo fillo, instaleime con el na casa de Crane Street e esforceime ao máximo por retomar as clases, xa que os meus vellos colegas da universidade ofrecéronme xenerosamente a miña antiga cátedra.

Volvín ao traballo en febreiro de 1914 e permanecín nel durante un ano exacto. Por esas datas descubrín o mal que me fixera aquela experiencia. Malia que estaba perfectamente cordo, ou iso agardaba, e a miña personalidade non se vira afectada, non tiña a enerxía dos vellos tempos. A miúdo asaltábanme soños vagos e ideas estrañas e cando estourou a Guerra Mundial, envorqueei os meus estudos na historia e atopeime estudando períodos e eventos das calidades máis estrañas posíbeis.

A miña concepción do tempo, a miña capacidade para distinguir entre a consecutividade e a simultaneidade, semellaban acharse

sutilmente confundidas, así que acabei por formar nocións quiméricas sobre vivir nunha era e proxectar a mente a través da eternidade para obter o coñecemento de épocas pasadas e futuras. A guerra espertou en min certas impresións, como se lembrase algunhas das súas consecuencias a longo prazo, como se xa soubese cal ía ser o desenlace e puidese vela en retrospectiva, á luz dunha información futura. Sempre chegaba a estas pseudolembrazas con moita dor e co sentimento de que había unha barreira psicolóxica artificial ao seu redor.

Cando, con moita discreción, comentei con outros as miñas impresións, atopeime con variadas respostas. Algúns ollábanme con incomodidade, mais outros do departamento de matemáticas faláranme de novos desenvolvementos nas teorías da relatividade, que naquel tempo só eran comentadas en círculos académicos e que finalmente se fixeron moi famosas. O doutor Albert Einstein, dicían, estaba a reducir o tempo á categoría dunha simple dimensión.

Mais os soños e os sentimentos desasosegados ían en aumento, así que tiven que deixar o meu traballo en 1915. Abofé que estas impresións estaban a tomar un viso molesto e non deixaban de facerme pensar en que a miña amnesia supuxera só algunha clase de cambio impío, e que a miña propia personalidade se vira desprazada. Logo vinme arrastrado a realizar certas especulacións vagas e estarrecedoras sobre o paradoiro do meu verdadeiro ser durante os anos en que aqueloutro ocupara o meu corpo. A estraña sabedoría e a misteriosa conduta do último inquilino do meu corpo preocupáronme máis e máis a medida que ía descubrindo os detalles a partir da xente, os xornais e as revistas. As rarezas que deixaran abraiados a outros semellaban casar demasiado ben con certo pano de fondo de sabedoría escura que abrollaba nas físgoas do meu subconsciente, logo comecei a pescudar febrilmente cada retallo de información relativa aos estudos e ás viaxes que fixera aqueloutro durante os anos de escuridade.

Mais non todos os meus problemas eran tan abstractos como este.

Estaban os sonhos e parecían medrar en viveza e concreción. Posto que sabía como ía reaccionar a maioría, rara vez llos mencionei a ninguén que non fose o meu fillo ou algúns psicólogos de confianza probada, así que comecei a realizar un estudo científico doutros casos semellantes para ver se aquelas visións eran algo típico ou non entre as vítimas de amnesia.

Os resultados, nos que me axudaron psicólogos, historiadores, antropólogos e especialistas en trastornos mentais con ampla experiencia, e para os que tamén serviu un estudo de todos os testemuños de dupla personalidade desde os días das lendas sobre posesións demoníacas até o científico presente, nun primeiro momento molestáronme máis que me consolaron. Axiña descubrín que os meus sonhos non tiñan paralelo coa abafadora maioría dos casos de amnesia real. No entanto, había certos testemuños residuais que durante anos me deixaron abraiado pola súa semellanza coa miña propia experiencia. Algúns deles eran fragmentos de antigo folclore, outros eran casos recollidos nos anais de medicina, un ou dous eran anécdotas escuramente soterradas na historiografía tradicional. Polo visto, malia que a miña doenza especial era prodixiosamente escasa, había probas de que acontecera en grandes intervalos desde o comezo mesmo dos anais da humanidade. Algúns séculos contiñan un, dous ou tres, outros ningún, ou cando menos ningún cuxo rexistro sobrevivise. En esencia sempre eran iguais: unha persoa de mente brillante levaba unha estraña segunda vida e, durante un período maior ou menor, levaba unha existencia completamente estraña, caracterizada en primeiro lugar pola torpeza vocal e física e máis tarde por unha tremenda absorción de coñecemento científico, histórico, artístico e antropolóxico, unha absorción levada a cabo cunha enerxía febril e cunha capacidade de retención completamente anormal. Logo viña un súbito retorno á personalidade normal, zarrapicado intermitentemente por sonhos vagos e difíciles de entender que suxerían fragmentos de lembranzas terríbeis eficazmente bloqueadas.

A enorme semellanza daqueles pesadelos cos meus propios, mesmo

nos detalles máis pequenos, non deixaba dúbida da súa natureza significativamente recursiva. Un caso ou dous tiñan un toque engadido de familiaridade vaga e blasfema, como se xa ouvisen falar deles antes a través dalgunha canle cósmica demasiado mórbida e terrorífica para ser contemplada. En tres dos casos había unha mención específica a unha máquina descoñecida como a que aparecera na miña casa xusto antes da segunda mudanza de personalidade.

Outro asunto que me preocupou durante a miña investigación foi a maior frecuencia de casos nos que se producía unha breve visión dos típicos pesadelos en xente que non sufrira a amnesia dun xeito tan claro. Esta xente era mediocre ou menos ca iso, algúns mesmo tan primitivos que apenas podían servir como vehículos para o estudo anormal e a adquisición preternatural de sabedoría. Durante un segundo víanse tomados por unha forza estraña, logo producíase un salto atrás e o que ficaba era un recordo vago e esvaído de terrores inhumanos. Houbera como mínimo tres casos como este durante a última metade de século e un deles databa de só quince anos atrás. É que houbera algo apalpando ás cegas a través do tempo desde algún abismo insospeitado da natureza? Supuñan estes casos vagos experimentos monstruosos e sinistros dunha clase e autoría completamente fóra do críbel? Tales eran algúns dos pensamentos que me alagaban nas horas máis baixas, fantasías alimentadas polos mitos que os meus estudos revelaran. Do que non podía dudar era de que certas lendas de inmemorial antigüidade, aparentemente descoñecidas polas vítimas e os médicos relacionados cos casos recentes de amnesia, eran un estarrecedor e abraiante produto dos lapsos de memoria como o meu.

Sobre a natureza dos sonhos e visións que medraban con tanta forza no meu interior, aínda teño medo de falar. Parecía que me arrastraban á tolemia e por veces crin que me estaba a volver louco de verdade. Habería algunha clase de visión que afectaba a todos os que sufriran lapsos de memoria? Era concibíbel que os esforzos do subconsciente por reencher

unha zona baleira da memoria con pseudolembranzas levase á aparición de estrañas rarezas. Aínda que finalmente acabou por me parecer máis plausíbel unha teoría alternativa conectada co folclore, esta outra era a que defendían moitos dos alienistas que me axudaron na miña procura de casos paralelos e que compartiron o meu abraio ante a exactitude dalgunhas das semellanzas que descubrimos. Non o chegaban a considerar auténtica loucura, senón que máis ben a clasificaban entre as desordes neuróticas. O camiño que emprendín para intentar rastrexar e analizar o trastorno, máis que animarme a abandonalo e esquecelo, aplaudían e animábanme a seguilo, posto que segundo eles era o máis correcto de acordo cos mellores principios da psicoloxía. Valorei especialmente o consello daqueles médicos que me estudaran durante o meu período de posesión pola outra personalidade.

As primeiras perturbacións que sufrín non foron visuais, senón relativas ás cuestións máis abstractas que xa mencionei. Tamén tiña un sentimento de terror inexplicábel e profundo sobre a miña propia persoa. Desenvolvín un estraño medo a ollar o meu propio corpo, como se os meus ollos temesen atoparse con algo terríbel e inconcibibelmente horrendo. Cando miraba para abaixo e contemplaba a miña familiar forma humana vestida de gris ou azul, sempre sentía un curioso acougo, como se para chegar a el tivese que conquistar un temor infinito. Evitaba os espellos todo o que podía e sempre me barbeaba no barbeiro.

Pasou un longo tempo antes de que conseguise conectar calquera destes confusos sentimentos coas fugaces impresións visuais que comecei a desenvolver. A primeira conexión tiña a ver coa rara sensación de control externo e artificial da miña memoria. Sentía como se os retallos de visións que experimentara tivesen un significado profundo e terríbel, e unha estarrecedora conexión comigo mesmo, mais que ao mesmo tempo algunha vontade externa estivese a evitar que comprendese ese significado e esa conexión. Logo comezou aquela estraña percepción do tempo e con ela os esforzos desesperados por situar os fragmentos de

soños nun patrón cronolóxico e espacial.

Ao comezo, os fragmentos mesmos eran máis estraños que horrendos. Parecía que me achaba nunha enorme sala abovedada cuxos altos contrafortes de pedra se perdían moi arriba entre as sombras. Fose cal for a época e o lugar en que me achaba, coñecían o principio do arco e empregábano con tanta profusión como os romanos. Había xanelas, altas e colosais, portas en arco e pedestais ou mesas tan altas como un cuarto normal. Os inmensos andeis de madeira escura que se sucedían ao longo das paredes parecían soste unhas tomos de enorme tamaño con estraños xeroglíficos impresos na lombada. A pedra vista tiña curiosos baixorrelevos que formaban sempre deseños curvilíneos e matemáticos e había inscricións ciceladas co mesmo tipo de caracteres que amosaban os grandes libros. A cantaría de granito escuro era dunha monstruosa natureza megalítica, formada por ringleiras de bloques coa parte superior convexa que encaixaban coa base cóncava dos que descansaban sobre eles. Non había cadeiras, mais a parte superior dos vastos pedestais estaba inzada de libros, papeis e o que tiña todo o aspecto de seren ferramentas de escritura, como xerras de forma estraña fabricadas dun metal purpúreo e barras coa punta manchada. Malia que os pedestais eran moi altos, eu ás veces era quen de ollalos desde arriba. Sobre algúns deles había grandes esferas de cristal luminoso a modo de lámpadas e unhas máquinas inexplicábeis formadas de tubos de vidro e barras de metal.

As xanelas estaban cubertas de vidro e enreixadas con firmeza. Aínda que non me atrevía a aproximarme a elas para contemplar o exterior, desde onde me achaba podía distinguir as ondeantes copas dunhas plantas semellantes a fentos. O chan estaba fabricado con inmensas lousas octogonais e todo o lugar carecía de alfombras ou cortinas.

Máis tarde tiven impresións de movemento ao longo de ciclópeos corredores de pedra, e de subir e baixar ramplas xigantescas construídas coa mesma cantaría monstruosa. Non había escaleiras en ningures nin

arcadas que non tivesen uns dez metros de largo. Algunhas das estruturas entre as que me achaba debían de erguerse centos de metros sobre o chan.

Había múltiples niveis de bóvedas escuras baixo terra e unhas trapelas que nunca se abrían, seladas cunhas bandas de metal que semellaban advertir de que contiñan algún perigo especial. Parecía que eu era un prisioneiro e o horror asexaba en cada lugar ao que dirixía a vista. Sentín que os enganosos xeroglíficos curvilíneos das paredes golpearían a miña alma coa súa mensaxe se non estivese eu protexido por unha misericordiosa ignorancia.

Máis adiante os meus soños comezaron a amosarme as vistas desde as grandes xanelas redondas e desde o titánico tellado plano cuberto de estraños xardíns, unha ampla zona baleira e un parapeto de pedra, a cuxa parte máis alta levaban as ramplas. Había case infinitos quilómetros de edificios xigantescos con cadanseu xardín, aliñados a carón dunhas rúas lastradas duns bos sesenta metros de largo. Tiñan formas ben dispares, mais poucos andaban por baixo dos cento cincuenta metros cadrados ou dos trinta metros de alto. Moitos eran tan vastos que tiñan centos de metros de planta, mentres que outros se erguían a alturas vertixinosas cara ao ceo gris e anubrado. Parecían estar construídos principalmente de pedra ou formigón e moitos deles posuían aquela estraña cantaría curvilínea que se advertía no edificio en que me achaba confinado. Os tellados eran planos e estaban cubertos de xardíns e normalmente tiñan parapetos con festóns. Ás veces posuían terrazas e andares superiores e vastas zonas baleiras entre os xardíns. As amplas estradas amosaban trazos de movemento, mais nas primeiras visións non fun quen de captar os detalles desta impresión. Nalgúns lugares albisquei unhas enormes torres negras de forma cilíndrica que se erguían moito máis altas que calquera outra das estruturas. Semellaban ser dunha natureza completamente diferente ao resto e amosaban signos dunha prodixiosa antigüidade e desgaste. Foran construídas con pedras basálticas escadradas que se estreitaban un pouco cara aos teitos arredondados. En

ningunha delas se podía albiscar nin o máis mínimo signo da existencia de xanelas ou outras aperturas que non fosen as enormes portas da base. Tamén observei que había outros edificios máis baixos medio derruídos polo desgaste das eras que se parecían no básico a estas torres escuras e cilíndricas. Entre todas estas moreas de pedras escuadradas flotaba unha inexplicábel aura de ameaza e medo concentrados, igual que aquela que rodeaba as trapelas seladas.

Os omnipresentes xardíns eran case estarrecedores pola súa rareza, con formacións vexetais estrañas e descoñecidas que penduraban sobre os amplos camiños flanqueados por monólitos labrados con técnicas descoñecidas. Predominaba un tipo de fento xigante, algúns deles verdes, outros dunha palidez arrepiante e fungosa. Entre eles erguíanse espectrais unha especie de calamitas cuxos troncos semellantes aos do bambú, subían até alturas increíbeis. Había tamén formas copetudas como de cicadófitas, e grotescos arbustos de cor verde escura e tamén árbores semellantes a coníferas. As flores eran pequenas, descoloridas e imposíbeis de recoñecer, e florecían en bancadas de formas xeométricas entre o verdor. Nunhas poucas terrazas e tellados axardinados había flores máis grandes, das formas máis desagradábeis, que semellaban suxerir unha elaboración artificial. Os fungos de tamaño, forma e cor inconcibíbel salpicaban a escena formando patróns que suxerían unha tradición horticultora descoñecida pero ben establecida. Nos xardíns máis grandes, o chan parecía intentar preservar as irregularidades da natureza, mais nos tellados eran máis selectivos, con máis evidencias da arte da xardiñaría.

A paisaxe parecía estar sempre húmida e anubrada e por momentos pareceume contemplar enormes chuvias. Así e todo, dun intre a outro víase o sol, que aparecía anormalmente grande, e a lúa, cuxas formas na superficie eran moi diferentes do que eu coñecía. Cando, moi rara vez, o ceo nocturno estaba completamente claro, ollei constelacións que case eran irrecoñecíbeis. Ás veces vía algunhas liñas coñecidas, pero non era o

máis habitual, e a partir da posición dos poucos grupos de estrelas que puiden recoñecer, sentín de debía de acharme no hemisferio sur da terra, preto do Trópico de Capricornio.

O afastado horizonte sempre estaba neboento e indistinto, mais puiden dexergar que había vastas xunglas de fentos descoñecidos, de calamitas, de lepidodendros e sixilarias no exterior da cidade, coa súa fantástica frondosidade ondeando baixo os cambiantes vapores. De cando en vez podía percibir certas suxestións de movemento no ceo, mais nos meus primeiros soños nunca dei comprendido o seu significado.

Contra o outono de 1914 comecei a ter infrecuentes soños nos que sobrevoaba a cidade e as rexións que a rodeaban. Vin interminábeis estradas que cruzaban bosques de terríbeis árbores con troncos a manchas, canles ou bandas, e que chegaban a outras cidades tan estrañas como aquela que a miúdo se me aparecía nos soños.

Albisquei monstruosas construcións de cor negra ou iridescente erguerse en clareiros onde sempre reinaba a penumbra e atravesei longas pontes que cruzaban brañas tan negros que apenas podo dicir nada sobre a súa húmida vexetación.

Unha vez dexerguei unha zona inmensa cuberta por ruínas basálticas gastadas polo tempo, cuxa arquitectura era semellante á das torres sen xanelas e de tellado circular que había na cidade. E noutro soño vin o mar, unha extensión ilimitada e cuberta de borraxeira alén dos colosais piares de pedra dunha enorme cidade de cúpulas e arcos. Nel movíanse enormes sombras informes e aquí e acolá a súa superficie víase sacudida por anómalos chorros.

CAPÍTULO III

Como xa dixen, estas visións imposíbeis non comezaron a adquirir a súa viveza estarrecedora decontado. Abofé que moita xente soñou con cousas

moito máis estrañas en si mesmas, cousas formadas por anacos espaxados da vida diaria, imaxes e lecturas mesturadas en formas novas e fantásticas polos descoñecidos caprichos do soño.

Durante un tempo aceptei estas visións como algo natural, mesmo aínda que nunca antes fora un soñador extravagante. Moitas das vagas anomalías, dicíame a min mesmo, debían de proceder de fontes triviais tan numerosas que serían imposíbeis de rastrexar, mentres que outras parecían ser un reflexo do coñecemento dun libro de texto sobre a vexetación e outros aspectos do mundo primitivo de hai mil quiñentos millóns de anos, o mundo da era pérmica ou triásica.

Así e todo, co paso dos meses, o elemento terrorífico apareceu con maior forza. Isto aconteceu cando os soños comezaron a adoptar sen lugar a dúbidas a forma de lembranzas e cando a miña mente comezou a relacionalos coas miñas crecentes preocupacións abstractas, como a sensación de ter a memoria controlada, as estrañas sensacións sobre o tempo, a sospeita dunha aberrante substitución coa miña segunda personalidade entre 1908 e 1913 e, moito máis tarde, o inexplicábel noxo que sentía polo meu propio corpo.

A medida que determinados detalles comezaron a formar parte dos soños, o terror que me provocaban aumentou un milleiro de veces, até outubro de 1915, cando sentín que debía facer algo. Foi daquela cando comecei a realizar un intensivo estudo de outros casos de amnesia e visións, coa idea de que dese xeito podería tornar en obxectivo o meu problema e libéralo da súa carga emocional.

No entanto, tal e como mencionei antes, o resultado nun primeiro momento foi case o contrario. Preocupábame moito pensar que os meus soños puidesen repetirse con tanta precisión noutros suxeitos, especialmente cando algúns dos rexistros eran tan antigos que naquel tempo non existían coñecementos xeolóxicos, e polo tanto, os suxeitos non podían ter idea ningunha sobre paisaxes primitivas. Alén diso, moitas destas noticias incluían detalles horríbeis e explicacións

relacionadas cos grandes edificios e cos xardíns e outras cousas. Xa as miñas visións e vagas impresións eran malas dabondo, mais o que suxerían ou aseguraban algúns dos outros soñadores tiña un ton de loucura e blasfemia. O peor de todo era que a miña propia pseudomemoria provocábame soños aínda máis imposíbeis e suxestións de revelacións futuras. E así e todo, a maioría dos médicos consideraban as miñas investigacións algo moi recomendábel para a miña saúde.

Estudei psicoloxía de xeito sistemático e baixo ese estímulo, o meu fillo Wingate fixo o mesmo, e os seus estudos levárono ao seu actual traballo como profesor. Durante 1917 e 1918 fixen un curso especial na Miskatonic. Entrementres, o meu estudo de fontes médicas, históricas e antropolóxicas volvérase infatigábel e incluíu viaxes a bibliotecas moi distantes, e mesmo a lectura dos libros odiosos de saber prohibido nos que a miña segunda personalidade estivera tan interesado. Algúns destes eran as mesmas copias que consultara en estado de trazo e sentíame enormemente desasosegado por certas correccións e anotacións á marxe do texto abominábel, nun sistema de escrita e unha lingua que dalgún xeito me parecían completamente inhumanas.

Case todas as anotacións estaban feitas nas respectivas linguas dos diferentes libros, as cales, polo visto, o anotador debía de escribir con semellante, malia que académica, facilidade. Mais unha nota engadida ao *Unaussprechlichen Kulten* de von Junzt espertou a miña alarma. Consistía nunha serie de xeroglíficos curvilíneos feitos coa mesma tinta que as correccións en alemán, mais que non seguían ningunha clase de patrón humano recoñecíbel. E estes xeroglíficos eran indubidabelmente semellantes aos caracteres cos que me atopaba constantemente nos meus soños, os caracteres cuxo significado ás veces mesmo pensaba que coñecía, como se fosen un recordo marxinal.

Para completar a miña negra confusión, os bibliotecarios aseguráronme que, en vista dos anteriores exames dos volumes en cuestión e dos rexistros de consulta, todas as anotacións deberon de

proceder do meu puño e letra durante o meu estado de alienación, todo isto a pesar do feito de que sempre fun e sigo a ser analfabeto en tres das linguas nas que estas estaban feitas.

Ao xuntar todos os rexistros espaxados, antigos e modernos, antropolóxicos e médicos, descubrín que se daba unha mestura case consistente de mito e alucinación cuxo alcance e incredibilidade me deixou ao bordo do desmaio. Só unha cousa me consolaba, o feito de que os mitos existisen desde había tanto tempo. O coñecemento perdido que puido traer imaxes da paisaxe paleozoica ou o mesozoica até as fábulas primitivas nin sequera o podo supor, mais as imaxes aí estaban. Logo, existía unha base para que se formase sempre este mesmo tipo de ilusión. Non había dúbida de que os casos de amnesia creaban o patrón xeral do mito, mais despois disto, o fantasioso engadido dos mitos debera de reaccionar sobre os que sufriran a amnesia colorando as pseudolembrazas. Eu mesmo lera e ouvira falar dos outros casos durante o meu período de amnesia, as miñas viaxes probábano. Non era normal, logo, que os meus soños e impresións emocionais posteriores se visen tinxidos e afectados polo que a miña memoria aínda retiña do meu estado de alienación?

Algúns dos mitos tiñan significativas conexións con outras lendas neboentas do mundo anterior á humanidade, especialmente aquelas historias hindús que falaban dos vastos abismos do tempo e que forman parte da moderna teosofía. O mito primixenio e a ilusión moderna xuntábanse na súa consideración de que a humanidade é só unha e se cadra a última, dunha serie de razas moi desenvolvidas que dominaron o planeta ao longo da súa existencia. Suxerían que unhas criaturas de formas inconcibíbeis ergueran torres até o ceo e se internaran nos segredos da natureza mesmo antes de que o primeiro antepasado anfíbio do ser humano se arrastrase desde as augas quentes do mar hai 300 millóns de anos. Algunhas baixaran das estrelas, outras eran tan vellas como o propio cosmos, outras evolucionaran rapidamente dos

microorganismos da Terra, tan afastados no tempo dos primeiros microorganismos do noso ciclo vital como nós o estamos destes. Falábase abertamente de lapsos de miles de millóns de anos, e de vínculos con outras galaxias e universos. De feito, iso ao que os humanos chamamos tempo, non existía como tal.

Mais a maioría das historias e referencias tiñan a ver cunha raza relativamente tardía, cunha forma estraña e complexa que non lembraba a ningunha forma de vida coñecida pola ciencia humana e que vivira até só cincuenta millóns de anos antes da aparición do ser humano. Segundo contaban, esta era a raza máis grande de todas, xa que só ela conquistara o segredo do tempo.

Aprenderan todo o que se podía saber sobre a terra grazas á capacidade das súas agudas mentes de se proxectaren cara ao pasado e o futuro, mesmo a través de millóns de anos, para así estudar a sabedoría de cada era. Dos logros daquela raza saíron todas as lendas dos profetas, incluíndo aquelas da mitoloxía humana. Nas súas enormes bibliotecas había volumes con textos e imaxes que contiñan todos os anais da historia da terra e as descricións de todas as especies que un día houbo e haberá, cunhas completas anotacións sobre as súas artes, os seus logros, as súas linguas e as súas psicoloxías.

Coa súa sabedoría que abranguía eras enteiras, a Gran Raza escollía aqueles pensamentos, artes e procesos de cada era e forma de vida que casasen mellor coa súa propia natureza e situación. O coñecemento do pasado, que aseguraban grazas a unha especie de poder mental alén dos sentidos típicos, era máis difícil de debullar que o coñecemento do futuro. Neste último caso o proceso era máis sinxelo e máis material. Coa axuda mecánica axeitada, unha mente podía proxectarse adiante no tempo desta maneira extrasensorial até se aproximar ao período desexado. Logo, despois dunha serie de probas preliminares, tomaba o mellor representante que atopaba da forma de vida máis alta dese período. Podía penetrar no cerebro do organismo e establecer alí as súas

propias vibracións, polo que a mente desprazada retornaba ao período do invasor, permanecendo así no corpo deste até que se revertese o proceso.

A mente proxectada, dentro do corpo do organismo do futuro, podía pasar daquela por un membro da especie cuxa forma física vestía para así aprender axiña todo o que puidese sobre a era escollida, así como os datos e técnicas que acumularan. Entrementres, a mente desprazada era enviada de volta á era e ao corpo do invasor, que era custodiado coidadosamente. Evitaban que danase o corpo que ocupaba e ao mesmo tempo tirábanlle toda a sabedoría que tiña grazas a unha serie de interrogadores ben adestrados. A miúdo interrogábano na súa propia lingua, se é que outras incursións no futuro trouxeran de volta datos sobre a mesma. Se a mente procedía dun corpo cuxa linguaxe non podía reproducir fisicamente a Gran Raza, argallaban unhas máquinas intelixentes coas que puidesen tocar a linguaxe estraña como se se tratase dun instrumento musical.

Os membros da Gran Raza eran inmensos conos rugosos de tres metros de alto, coa cabeza e outros órganos pegados a uns membros extensíbeis duns trinta centímetros de grosor que lles saían do vértice. Falaban emitindo sons ao bater e renxer unhas enormes poutas ou pinzas que tiñan ao final de dúas das catro extremidades, e camiñaban grazas á expansión e contracción dunha capa viscosa que lles cubría a base, duns tres metros de diámetro. Cando o estupor e o resentimento do cativo desaparecía, e cando perdía o terror que lle provocaba a súa forma temporal, sempre e cando procedese dun corpo extremadamente distinto que os da Gran Raza, permitíanlle estudar a súa nova contorna e experimentar un abraio e sabedoría semellantes aos que vivía o seu invasor.

Coas precaucións debidas e a cambio de determinados servizos, permitíanlle voar sobre a parte habitábel daquel mundo a bordo dunhas naves titánicas ou nuns vehículos enormes semellantes a barcos de motor atómico que atravesaban as grandes estradas, e tamén explorar libremente as bibliotecas que contiñan os rexistros do pasado e o futuro do planeta.

Isto reconciliaba moitos prisioneiros co seu destino, posto que todos eran xente intelixente, e para esas mentes, o feito de desvelar os misterios ocultos do inconcibíbel pasado da Terra e dos vórtices do tempo futuro, que incluían os anos posteriores ao seu ciclo de vida natural, sempre resulta unha experiencia suprema da vida, malia os horrores abismais que ás veces se ven revelados.

Ás veces a algúns cativos permitíaseles falar con outras mentes prisioneiras traídas do futuro, para intercambiaren pensamentos, conscientes de que vivían cen, mil ou un millón de anos antes da súa era. E a todos animábanos a escribir moito nas súas linguas, tanto sobre eles como sobre as súas respectivas épocas, e con estes documentos enchían os grandes arquivos centrais.

Hai que engadir que había un tipo especial de cativos que gozaban de privilexios superiores aos dos demais. Estes eran os moribundos exiliados permanentes, cuxos corpos do futuro foran roubados polos máis hábiles membros da Gran Raza que, no momento da morte, procuraran fuxir así da extinción mental. Estes melancólicos exiliados non eran tan comúns como se podería supor, posto que a lonxevidade da Gran Raza facía que os seus membros perdesen o apego á vida, especialmente entre aquelas mentes superiores capaces de se proxectar. Moitas das mudanzas de personalidade da historia, incluída a historia humana, podíanse explicar a partir dos casos de proxección permanente de mentes primixenias. En canto aos casos ordinarios de exploración, cando a mente invasora xa aprendera todo o que desexaba do futuro, construía un aparello semellante a aquel co que iniciara a viaxe e revertía o proceso de proxección. Máis unha vez volvería estar no seu propio corpo e no seu propio tempo, mentres que a mente cativa regresaría a aquel corpo do futuro ao que realmente pertencía. Só cando un dos dous corpos morría durante o intercambio, non se podía realizar a restitución. Nestes casos, abofé, a mente exploradora, igual que os que fuxían da morte, debía vivir a vida confinada nun corpo estraño no futuro, ou ben a mente cativa,

como acontecía nos moribundos exiliados permanentes, debía acabar os seus días no pasado baixo a forma dun membro da Gran Raza. Este destino era menos horríbel cando a mente cativa tamén pertencía á Gran Raza, algo que non era infrecuente, posto que en todo momento estaban preocupados polo seu propio futuro.

O número de exiliados permanentes da Gran Raza era moi escaso, principalmente polas enormes sancións que implicaba o desprazamento dunha mente dun membro futuro da Gran Raza ao corpo dun moribundo. Estes castigos ás mentes invasoras eran inflixidos grazas á proxección mental, e ás veces chegábase a obrigar a desfacer a mudanza. Os casos complexos de desprazamento de mentes exploradoras ou mesmo de mentes cativas por parte doutras mentes en diferentes momentos do pasado, foran coidadosamente rectificadas. En cada era desde o descubrimento da proxección mental, existía un pequeno pero ben recoñecíbel grupo de poboación formado por mentes da Gran Raza procedentes de distintas épocas do pasado, que pasaban alí un período máis longo ou máis breve.

Cando unha mente cativa de orixe estraña era devolvida ao seu propio corpo no futuro, baleirábana de todo o que aprendera na época da Gran Raza grazas a un complexo proceso de hipnose, debido a certas consecuencias problemáticas inherentes ao transporte de grandes cantidades de coñecemento adiante no tempo. Os poucos casos coñecidos de transmisión directa de información causarían grandes desastres no futuro, e fora a consecuencia de dous destes casos, segundo contaban os antigos mitos, polo que a humanidade aprendera todo o relativo á Gran Raza.

De todas as cousas que sobreviviran física e directamente daquel mundo tan distante, só quedaban algunhas pedras ruinosas nalgúns lugares afastados ou baixo o mar, e algúns fragmentos do texto dos estarrecedores *Manuscritos Pnakóticos*. Deste xeito, a mente que regresaba ao seu corpo chegaba ao seu tempo só cunhas imaxes esvaídas e moi

fragmentarias sobre o que lle acontecera desde a súa captura. Eliminaban todas as lembranzas posibles, de xeito que na maior parte dos casos só existía un baleiro somnolento nese lapso de tempo. Algunhas mentes lembraban máis ca outras e a posibilidade de casar varios recordos ás veces traía á luz imaxes de épocas prohibidas do pasado ou do futuro.

Probabelmente non houbo ningunha época en que algún grupo ou culto non adorase secretamente algúns destes retallos. No *Necronomicon* suxírese a presenza dun culto semellante entre os humanos, un culto que ás veces axudaba as mentes a viaxar a través das eras desde os días da Gran Raza. E entrementres, a Gran Raza mesma vivía eternamente omnisciente e envorcábase no labor de realizar intercambios con mentes doutros planetas e de explorar os seus pasados e os seus futuros. Así mesmo, tamén sondaban no pasado na procura da orixe daquel orbe negro e morto desde había eras no espazo profundo, de onde procedían as súas propias mentes, posto que as mentes da Gran Raza eran máis antigas aínda que a súa forma física.

As criaturas dun mundo primixenio e moribundo, posuidoras de segredos fabulosos, procuraran un novo mundo e unha especie nos que puidesen levar unha longa vida, e enviaran as súas mentes en masa cara a aquela raza futura que era a mellor para as albergar: os seres de aspecto cónico que poboaban a nosa terra hai mil millóns de anos. Esa foi a xénese da Gran Raza, mentres que un milleiro de mentes foron enviadas atrás no tempo para morreren no horror duns corpos estraños. Máis tarde aquela especie volvería enfrontar a morte de novo, mais conseguiría sobrevivir grazas a outra migración cara ao futuro, proxectando as mellores mentes a uns corpos máis perdurábeis.

Este era o pano de fondo no que se mesturaban lenda e alucinación. Cando, arredor de 1920, conseguín dar unha forma coherente ás miñas investigacións, sentín que me achaba menos tenso que nas primeiras fases das mesmas. Despois de todo e a pesar das fantasías motivadas por emocións cegas, acaso estes fenómenos non eran facilmente explicábeis?

Calquera eventualidade puidera causar que me mergullase en estudos escuros durante o período de amnesia e naquel lapso de tempo lera lendas prohibidas e coñecera os membros dunha serie de cultos antigos e de moi mala sona. Estaba claro que fora isto o que fornecera o material para os sonhos e confundira os meus sentimentos ao recuperar a memoria.

En canto ás notas á marxe escritas nos xeroglíficos dos sonhos e en linguas que descoñezo, seguramente adquirín coñecementos elementais destes idiomas durante o meu estado de alienación, mentres que os xeroglíficos foron sen dúbida acuñados pola miña imaxinación a partir das descrições das vellas lendas e máis tarde tecidos nos sonhos. Tentei verificar certos puntos conversando cos líderes de algúns cultos, mais nunca conseguín establecer as conexións axeitadas. Ás veces o paralelismo de moitos dos casos en épocas moi distantes seguía a preocuparme igual que ao comezo, mais por outra banda reflexionei en que aquel excitante folclore estaría sen dúbida máis estendido no pasado que no presente. Probabelmente todas as outras vítimas cuxos casos se parecían ao meu tiveran tamén un amplo coñecemento sobre esas historias que eu aprendera só cando me achaba en estado de alienación. Cando as vítimas perderon a memoria, asociaron a súa propia persoa coas criaturas dos seus mitos familiares, eses fabulosos invasores que se supuña que desprazaban as mentes humanas e logo se embarcaban na procura dunha sabedoría que pensaban que os podía levar atrás, a un imaxinado pasado non humano. Logo, cando lles volvía a memoria, revertían o proceso asociativo e pensaban que eran antigas mentes cativas no canto das invasoras. De aí os sonhos e pseudolembranzas que seguían o patrón convencional do mito.

Malia a complexidade aparente destas explicacións, finalmente chegaron a substituír a todas as demais na miña mente, especialmente pola debilidade de calquera outra teoría rival. Aos poucos, tamén un número substancial de eminentes psicólogos e antropólogos foron dándome a razón. Canto máis reflexionaba sobre o asunto, máis

convincente resultaba o meu razoamento, até que ao final construí unha barreira efectiva contra aquelas visións e imaxes que aínda me asaltaban. E se vía cousas estrañas pola noite? Eran só produto do que ouvira e lera. E se tiña estrañas aversións, ideas e pseudolembranzas? Estas tamén eran só ecos dos mitos que aprendera no meu estado de alienación. Nada do que puidese soñar, nada do que puidese sentir, tiña un significado real.

Fortalecido por esta filosofía, mellorei enormemente o meu equilibrio mental, malia que as visións, máis que as sensacións abstractas, axiña se fixeron máis frecuentes e máis detalladas. En 1922 sentínme capaz de retomar o meu traballo e aproveitei os meus novos coñecementos para un uso práctico ao aceptar un cargo como profesor de psicoloxía na Universidade.

A miña antiga cátedra de economía política xa a cubriran había tempo, e ademais, os métodos de aprendizaxe económica mudaran enormemente desde os meus días. Naquel tempo o meu fillo entraba a facer os estudos de posgrao que o levaron a ser nomeado profesor recentemente, e xuntos formamos un grande equipo de traballo.

CAPÍTULO IV

Así e todo, seguí a tomar detalladas notas dos estraños soños que me asaltaban de xeito tan habitual e vívido. Argumentaba que tales notas tiñan un auténtico valor documental para a psicoloxía. Aquelas visións seguían a parecerse detestabelmente a auténticos recordos, mais loitei contra esta impresión cun relativo éxito.

Nos meus escritos trataba estes fantasmas como se fosen cousas que vira, mais nos demais casos aparteínos a un lado como ilusións etéreas da noite. Nunca mencionei estas cuestións nas miñas conversas habituais, aínda que si que se filtraron algunhas cousas, que levantaron rumores heteroxéneos sobre a miña saúde mental. Tamén hai que dicir que devanditos rumores só se limitaron ao ámbito dos profanos, sen chegar a

verse involucrado ningún médico ou psicólogo de importancia.

Sobre as miñas visións posteriores a 1914 só vou mencionar unhas poucas, xa que hai rexistros e notas máis extensas ao dispor dos estudosos serios. Como é lóxico tamén, as miñas inhibicións minguaron co tempo, xa que o alcance das visións aumentou enormemente. Así e todo, nunca chegaron a ser nada máis que fragmentos separados carentes dunha motivación clara.

Parecía que nos meus soños ía adquirindo unha maior liberdade para explorar. Aboiaba a través de moitos estraños edificios de pedra e ía duns a outros atravesando ciclópeos corredores subterráneos que semellaban ser rúas para o tránsito normal. Ás veces atopábame con aquelas xigantescas trapelas seladas nos niveis máis baixos, que sempre estaban rodeadas dun veo de medo e prohibición. Vin estanques con enormes mosaicos e cuartos cheos de ferramentas estrañas e inexplicábeis dun milleiro de tipos diferentes. Logo tamén había cavernas colosais inzadas de intrincada maquinaria cuxo deseño e finalidade eran completamente estraños para min, e cuxo son apareceu nos meus soños só logo de moitos anos. Aquí debo recalcar que a vista e o ouvido eran os únicos sentidos dos que dispuña neste mundo onírico.

O auténtico terror comezou en maio de 1915, cando vin por primeira vez as criaturas. Aconteceu antes de que os meus estudos sobre os mitos e os diferentes casos históricos me levasen a esperar aquilo. Cando caeron as miñas barreiras mentais, vinme contemplando grandes masas de vapor que se achaban en distintas partes do edificio e tamén máis abaixo, nas rúas. Axiña se volveron máis sólidas e distinguíbeis, até que finalmente puiden trazar as súas monstruosas formas cunha incómoda facilidade. Parecían conos enormes e iridescentes duns tres metros de alto e tres de largo na base, feitos dalgún tipo de material ríxido, escamento e medio elástico. Desde o vértice proxectábanse catro membros cilíndricos e flexíbeis, cada un duns trinta centímetros de grosor, dunha substancia ríxida semellante á dos conos. Ás veces contraíanos até que case non se

vían, e ás veces estendíanos tres metros. Dous deles tiñan unhas enormes pinzas ou gadoupas no remate. O cabo do terceiro levaba catro apéndices vermellos semellantes a trompetas. O cuarto remataba nun globo irregular e amarelado duns sesenta centímetros de diámetro que tiña tres grandes ollos escuros aliñados no ecuador.

Coroando esta cabeza había catro finos tallos grises con cadanseus apéndices en forma de flor, mentres que do lado inferior penduraban oito antenas ou tentáculos de cor averdada. A gran base do cono central estaba cuberta dunha substancia gris e gomosa que facía que os seres se desprazasen grazas a uns movementos de expansión e contracción. As súas accións, malia que inofensivas, aterrorizáronme máis do que a súa aparencia, xa que non é normal ver uns obxectos monstruosos executando accións propias só dos seres humanos. Movíanse de xeito intelixente entre as grandes estancias, collendo libros dos andeis e levándoos ás grandes mesas e ao revés, e ás veces tamén escribían diligentemente cunha peculiar barra que agarraban coa punta dos tentáculos averdados. As grandes pinzas usábanas para transportaren os libros e para conversaren, pois a súa linguaxe baseábase nunha serie de golpes e renxidos.

Non levaban vestimenta, mais si portaban carteiras e sacas colgadas do topo do seu tronco cónico. Normalmente levaban a cabeza e o membro que a soportaba ao mesmo nivel que o topo, aínda que era frecuente que a levantasen e a baixasen.

Os outros tres grandes membros adoitaban repousar aos lados, contraídos ao tamaño dun metro e medio cando non os usaban. Pola súa velocidade de lectura, de escrita e ao manexaren aquelas máquinas das mesas que dalgún xeito semellaban conectadas ás súas mentes, concluí que a súa intelixencia debía de ser enormemente superior á do ser humano.

Despois diso viños por todas partes, roldando polas grandes estancias e corredores, atendendo monstruosas máquinas en criptas

abovedadas e correndo polas vastas estradas a bordo de carros xigantescos con aspecto de barcos. Deixei de terlles medo, xa que parecían unha parte completamente natural da contorna.

Logo comezaron a manifestarse as diferenzas entre eles, e algúns semellaban acharse baixo certo tipo de control. Estes últimos, malia que non eran distintos aos demais no físico, tiñan uns acenos e comportamentos que os diferenciaban non só da maioría, senón tamén entre eles mesmos. Escribían moito no que á miña visión anubrada lle parecía unha vasta variedade de caracteres, nunca nos típicos xeroglíficos curvilíneos da maioría. Mesmo me pareceu que uns poucos empregaban o meu propio alfabeto, e na súa meirande parte traballaban máis amodo que as demais entidades.

Neste período dos meus soños eu parecía unha consciencia incorpórea, cun ángulo de visión máis amplo do normal, aboiando libremente por todas as partes, aínda que limitado ás avenidas e aos lugares de paso normais. Non foi até agosto de 1915 cando comezou a acosarme certa suxestión de existencia corporal. Digo acosar porque na primeira fase era unha asociación puramente abstracta aínda que infinitamente terríbel entre o corpo que eu coñecía mesturándose coas escenas dos meus soños.

Durante un tempo a miña principal preocupación nos soños era evitar ollar para min mesmo e lembro o marabillosa que era a ausencia total de espellos grandes naquelas estrañas estancias. Estaba enormemente preocupado polo feito de que sempre vise as grandes mesas, cuxa altura non podía ser menor de tres metros, desde un nivel non inferior á súa superficie. Logo a mórbida tentación de ollar para baixo ao meu propio corpo foise facendo máis e máis forte, até que unha noite non puider resistila. Nun primeiro momento a miña mirada de esguello non revelou ren. Un intre despois decateime de que isto era porque a miña cabeza se achaba ao final dun pescozo flexíbel de enorme lonxitude. Contraín o pescozo e mirei para baixo, para descubrir o vulto

escamento, rugoso e iridescente dun vasto cono de tres metros de alto e tres de ancho na base. Cando o vin espertei a medio Arkham co meu berro mentes saía dun salto do abismo do soño

Só despois de semanas de aborrecíbel repetición conseguín reconciliarme a medias con estas visións do meu ser con esa forma monstruosa. Nos soños agora movíame en forma corpórea xunto as outras entidades descoñecidas, lía libros terríbeis dos infinitos andeis e escribía durante horas sobre as grandes mesas cunha caneta que manexaba cos tentáculos verdes que me colgaban da cabeza. Algúns retallos do que lía e escribía quedábanme na memoria. Había anais horríbeis doutros mundos e outros universos, e referencias á vida informe do exterior dos mesmos. Había rexistros de estrañas clases de seres que habitaran a Terra en pasados esquecidos e estarrecedoras crónicas de intelixencias dotadas de corpos grotescos que a habitarían millóns de anos despois da morte do último ser humano.

Coñecín capítulos da historia humana cuxa existencia nin sequera sospeitan a día de hoxe os académicos. A maior parte destes escritos estaban realizados en sistema xeroglífico, que aprendín a interpretar dun xeito estraño coa axuda dunhas máquinas que soltaban zunchidos, e que pertencía a unha lingua aglutinante cun sistema de raíces completamente diferente de calquera dos que se poden encontrar nas linguas da humanidade.

Outros volumes estaban escritos noutras linguas descoñecidas, que aprendín do mesmo xeito. Moi poucas estaban en linguas coñecidas. Uns debuxos extremadamente enxeñosos inseridos tanto nos rexistros como nas coleccións separadas, axudáronme en gran medida. E durante todo o tempo semella que estiven a escribir unha historia do meu mundo contemporáneo en lingua inglesa. Cando espertaba só podía lembrar pequenos e pouco significativos retallos desas linguas descoñecidas que dominaba no soño, aínda que conseguía reter frases enteiras do que contaban.

Aprendín, mesmo antes de que o meu ser consciente estudase os casos paralelos ou os vellos mitos dos que indubidabelmente saíran esas historias, que as entidades que me rodeaban eran a raza máis grande do mundo, que conquistara o tempo e enviara mentes exploradores a cada era. Tamén aprendín que fora arrebatado do meu tempo mentres outro usaba o meu corpo, e que algúns dos outros seres que había por alí tamén albergaban mentes cativas como a miña. Polo visto falei nunha estraña linguaxe de golpes de pinzas con outras mentes exiliadas de cada recuncho do sistema solar.

Había unha mente do planeta que coñecemos como Venus, que viviría moi lonxe no futuro, e outra dunha lúa exterior de Xúpiter que vivira seis millóns de anos atrás. En canto ás mentes terrestres, había algunhas dos seres medio vexetais, alados e de cabeza estrelada que habitaran a primitiva Antártida, unha dos homes-réptil da fabulada Valusia, tres dos peludos Hiperbóreos prehumanos adoradores de Tsathoggua, unha dos abominábeis Tcho-Tcho, dúas dos seres arácnidos que poboarán a Terra nos seus últimos días, cinco das duras especies coleópteras que seguirán inmediatamente a humanidade e a cuxos corpos un día trasladará a Gran Raza as súas mentes máis brillantes para enfrontar un horríbel perigo, e outras de diferentes ramas da humanidade. Falei coa mente de Yiangli, un filósofo do cruel imperio de Tsan-Chan, que se erguerá no ano 5000 da nosa era; tamén falei coa dun xeneral dunha etnia de pel escura e cabeza grande que dominou Sudáfrica no 50.000 a.n.e.. Cun monxe florentino do século doce chamado Bartolomeo Corsi. Cun rei de Lomar que gobernara aquela terríbel nación polar cen mil anos antes de que os achaparrados e amarelados inuit chegasen do oeste. Falei coa mente de Nug-Soth, un mago dos conquistadores negros do ano 16.000 da nosa era; tamén cun romano chamado Titus Sempronius Blaesus, que fora cuestor no tempo de Sulla. Coa de Khephnes, un exipcio da décimo cuarta dinastía, que me contou o terríbel secreto de Nyarlathotep. Coa dun sacerdote do imperio medio de Atlantis. Coa de James Woodville, un cabaleiro de Suffolk dos tempos de

Cromwell. Coa dun astrónomo preincaico do Perú. Coa de Nevil Kington-Brown, un médico australiano que morreu no ano 2518. Coa dun arquimago da desaparecida Yhe, no Pacífico. Coa de Theodotides, un oficial greco-bactriano do 200 a.n.e.. Coa de Pierre-Louis Montagny, un vello francés do tempo de Luís XIII. Coa de Crom-Ya, un xefe cimmerián do 15000 a.n.e.. E coa de moitos outros cuxos segredos e abraiantes marabillas que aprendín deles o meu cerebro non puido reter.

Espertaba cada mañá febril, ás veces intentando desesperadamente verificar ou desacreditar as informacións que soñaba e que caesen dentro dos coñecementos modernos da humanidade. Os feitos máis asentados agora adquirirían novos e dubidosos aspectos e eu marabillábame de que a miña fantasía onírica puidese inventar semellantes apéndices á historia e á ciencia.

Tremín ante os misterios que o pasado podía ocultar e arreguiceime ante as ameazas que o futuro podía traer. O que suxerían as palabras das entidades posthumanas sobre o fado da humanidade producía tal efecto en min que non o vou escribir aquí.

Despois da humanidade haberá unha gran civilización de escaravellos, cuxos corpos tomarán os mellores membros da Gran Raza cando o seu monstruoso destino chame á porta do mundo primitivo. Máis tarde, cando o ciclo da Terra se feche, as súas mentes emigrarán de novo a través do tempo e o espazo até outro lugar, aos bulbosos corpos dos seres vexetais de Mercurio. Mais haberá razas que habiten a Terra despois deles, razas que se aferrarán pateticamente ao planeta frío e que habitarán o seu núcleo cheo de horrores até o final definitivo.

Entrementres, nos meus soños traballaba sen descanso nunha historia do meu propio tempo para os arquivos centrais da Gran Raza, que estaba a preparar en parte voluntariamente e en parte polas promesas de maior acceso á biblioteca e de viaxes. Os arquivos achábanse nunha colosal estrutura subterránea preto do centro da cidade, que cheguei a coñecer ben polos meus frecuentes traballos e consultas. Deseñada para

durar tanto como a especie en si e para soportar as máis feras convulsións da Terra, este titánico almacén do saber superaba todo o resto de edificios en canto a tamaño e resistencia da súa construción.

Os rexistros, que estaban escritos ou impresos en grandes pregos dunha tea de celulosa estrañamente resistente, encadernábanse en volumes que se abrían por arriba e gardábanse en caixas individuais feitas dun metal estraño, moi livián, inoxidable e dunha cor agrisada, decoradas con deseños matemáticos e co título escrito nos xeroglíficos curvilíneos da Gran Raza.

As caixas gardábanas nuns nichos rectangulares e construídos co mesmo metal inoxidable e fechados cuns cadeados complexos. Á historia que eu escribín asignáronlle un lugar específico nos nichos do nivel inferior da nave central, que era a sección dedicada á cultura da humanidade e das razas peludas e reptilianas que dominaran a Terra inmediatamente antes. Mais ningún dos soños me deu nunca unha imaxe completa da vida diaria. Todo eran fragmentos neboentos e inconexos e tampouco se sucedían na secuencia correcta. Por exemplo, teño unha idea pouco clara de como vivía naquel mundo do soño, aínda que penso que dispuña dun gran cuarto de pedra para min só. As miñas restricións de prisioneiro foron desaparecendo aos poucos, así que algúns dos soños incluían viaxes moi realistas polas magníficas estradas da xungla, expedicións a cidades estrañas e exploracións nas ruínas vastas, escuras e sen xanelas que tanto temían os membros da Gran Raza. Tamén fixen longas viaxes por mar a bordo de barcos de moitas cubertas e incríbel rapidez, e expedicións sobre lugares salvaxes montado nuns aparellos voadores semellantes a proxectís fechados que se movían por repulsión eléctrica.

Alén do vasto e cálido océano había outras cidades da Gran Raza e nun continente afastado puideron ver as magras vilas das criaturas aladas de fociño negro que serían as que dominasen a Terra despois de que a Gran Raza enviase as súas mentes máis privilexiadas cara ao futuro para fuxir

do horror reptante. A escaseza de accidentes naturais e a exuberante vexetación sempre eran a nota principal da escena. Os outeiros eran baixos e escasos e a miúdo amosaban signos de actividade volcánica.

En canto aos animais que vin, podería escribir volumes enteiros. Todos eran salvaxes, pois a cultura tecnolóxica da Gran Raza había tempo que descartara os animais domésticos, preferindo a comida de orixe vexetal ou sintética. Réptiles zoupóns de gran tamaño aboiaban nos húmidos pantanos, voaban polo ar pesado ou nadaban nos mares e lagos. Entre eles crin distinguir vagamente as formas arcaicas de certos dinosauros, pterodáctilos, ictiosauros, labirintodontes, plesiosauros e outros que me eran familiares pola paleontoloxía. O que non vin foron nin paxaros nin mamíferos.

O solo firme e os pantanos estaban inzados de serpes, lagartos e crocodilos, mentres que os insectos zoaban se parar entre a voluptuosa vexetación. E lonxe, no mar, monstros descoñecidos cuspián inmensas columnas de espuma cara ao ceo vaporoso. Unha vez leváronme baixo o océano a bordo dun submarino xigantesco dotado de luces artificiais, e albisquei algúns horrores vivos de magnitude abraiante. Tamén ollei as ruínas de incríbeis cidades afundidas e a rica vida crinoidea, braquípode, coralina e íctica que abondaba por todas as partes.

En canto á fisioloxía, a psicoloxía, os costumes e a historia miúda da Gran Raza, as miñas visións pouco me achegaron, e moitos dos aspectos dos que falo aquí proceden máis do meu estudo das antigas lendas que do que puideron observar nos meus soños.

Ás veces, como é lóxico, as miñas lecturas e investigacións perduraban e pasaban aos soños, así que certos fragmentos destes se podían explicar de antemán e tamén servían como verificación do que estudara. Isto axudoume na crenza de que a miña segunda personalidade estudara e investigara cuestións similares, o que formara a fonte de toda aquela terríbel tea de pseudolembrazas.

O período en que tiñan lugar os meus soños, polo visto, era como algo menos de 150 millóns de anos atrás, cando o Paleozoico estaba a dar lugar ao Mesozoico. Os corpos que ocupara a Gran Raza representaban unha liña da evolución terrestre descontinuada e que mesmo a ciencia non coñecía, mais tratábase dun tipo orgánico altamente especializado, máis tirando ao vexetal que ao animal. A actividade celular era dun tipo único, que evitaba a fatiga case completamente, eliminando así a necesidade de durmir. A alimentación, que realizaban a través dos apéndices vermellos en forma de trompeta que lles saían dunha das extremidades, sempre era semifluída e en moitos aspectos completamente distinta da do resto dos animais.

Os seres tiñan dous sentidos recoñecíbeis, a vista e o ouvido, este último dependente dos apéndices en forma de flor que lles saían dos tallos grises da cabeza. Logo tamén posuían moitos outros sentidos incomprendíbeis, que así e todo non eran sinxelos de usar para as mentes cativas que habitaban os seus corpos. Os seus tres ollos estaban situados dun xeito que lles permitía ter unha visión máis ampla do normal e o sangue era unha especie de líquido mesto e dunha cor verde escura.

Eran asexuados, mais reproducíanse a través de sementes ou esporas que se lles formaban na base e que só se podían desenvolver baixo a auga. Empregaban uns grandes tanques baixos para a cría dos seus fillos que, así e todo, eran moi poucos debido á lonxevidade destes seres, que podían vivir entre catro mil e cinco mil anos polo normal.

Os individuos defectuosos eran rapidamente eliminados en canto se detectaba a súa eiva. Como carecían de sentido do tacto e de capacidade para sentir dor física, recoñecían a enfermidade e a proximidade da morte a través de síntomas puramente visuais. Os mortos eran incinerados en dignas cerimoniais. De cando en vez, como xa mencionei antes, unha mente aguda podía fuxir da morte proxectándose adiante no tempo, mais estes casos non eran demasiado numerosos. Cando isto acontecía, a mente exiliada do futuro era tratada cunha grande amabilidade até que o

seu estraño corpo perecía.

A Gran Raza semellaba formar unha única nación ou liga unida por elos febles, con certas grandes institucións en común, malia que estaban divididos maiormente en catro. O sistema político e económico de cada unha das unidades era unha especie de socialismo fascista, cos recursos principais distribuídos de xeito racional e o poder delegado nun pequeno gabinete de goberno elixido polos votos de todos aqueles que pasaban certos controis educativos e psicolóxicos. A organización familiar carecía de importancia, aínda que se recoñecían os lazos de parentesco común e as crianzas normalmente eran criadas polos seus pais. As semellanzas cos comportamentos e institucións humanas eran, abofé, máis marcadas naqueles ámbitos relacionados con elementos moi abstractos, ou onde, no outro extremo, había unha dominancia das necesidades básicas e non especializadas que son comúns a toda vida orgánica. Algunhas das semellanzas proviñan da adopción consciente de aspectos que a Gran Raza vía no futuro e copiaba ao seu gusto. A industria, altamente mecanizada, demandaba só un pouco de tempo dos cidadáns, polo que o abondoso tempo de lecer enchíano con actividades intelectuais e estéticas de varios tipos. As ciencias tiñan un incríbel grao de desenvolvemento e a arte era unha parte esencial da vida, malia que no período dos meus soños xa pasaran o seu momento álxido. O avance tecnolóxico sempre se vía estimulado pola constante loita pola supervivencia e para manter funcionando as grandes cidades, suxeitas aos prodixiosos caprichos xeolóxicos daqueles tempos primixenios.

O crime era sorprendentemente escaso e enfrontábano grazas a un eficiente corpo de policía. Os castigos ían desde a perda de privilexios e o encarceramento até a morte ou a eliminación dos sentimentos principais, e nunca se administraban sen un detallado estudo das motivacións do criminal. A guerra fora sobre todo de tipo civil nos últimos milenios, malia que ás veces as campañas contra os invasores reptilianos ou cefalópodos, ou contra os seres alados e de cabeza estrelada chamados os

Antigos que habitaban a Antártida, eran infrecuentes mais infinitamente devastadoras. Contaban cun enorme exército que empregaba unhas armas semellantes a cámaras que producían tremendos efectos eléctricos, aínda que poucas veces mencionaban a súa existencia, mais esta estaba obviamente conectada ao constante medo ás ruínas primixenias, escuras e sen xanelas e ás grandes trapelas seladas dos niveis inferiores.

Este medo ás ruínas basálticas e ás trapelas era algo do que ou ben nunca se falaba ou só se comentaba en furtivos murmurios. Era ben significativo que non houbo nada específico sobre elas nos libros dos andeis normais. Tratábase dunha cuestión tabú para a Gran Raza, polo visto conectada cunhas terribes loitas do pasado, e con ese perigo futuro que un día obrigaría a especie a enviar en masa as súas mentes máis intelixentes para outro lugar no tempo. Imperfectas e fragmentarias como eran as outras cuestións que se presentaban en soños e lendas, esta aínda estaba máis neboenta. Os vagos mitos antigos evitábanas, ou se cadra todas as alusións a ela foran eliminadas por algún motivo. E tanto nos meus soños como nos dos demais, as referencias eran particularmente escasas. Os membros da Gran Raza nunca mencionaban o tema intencionadamente, e a única información sobre el era o que se podía debullar das observacións das mentes cativas máis agudas.

Segundo estas informacións, a orixe do medo era unha terríbel raza primixenia de entidades alieníxenas semellantes a pólipos, que atravesaran o espazo sideral desde uns universos moi distantes e dominaran a Terra e outros tres planetas do sistema solar hai arredor de 600 millóns de anos. Só eran materiais en parte, tal e como nós entendemos a materia, e a súa consciencia e percepción diferían enormemente da dos organismos terrestres. Por exemplo, os seus sentidos non incluían o da vista, e a súa esfera mental estaba formada por un patrón perceptivo estraño e non visual.

Porén, eran materiais dabondo como para moldear a materia normal cando a había nas áreas cósmicas nas que se achaban, e tamén precisaban

de refuxios, por estraños que estes fosen. Grazas aos seus sentidos podían penetrar as barreiras materiais que a súa substancia non podía e había certas formas de enerxía eléctrica que os podían destruír por completo. Tiñan a capacidade de se desprazar polo ar, malia a ausencia de ás ou doutros medios visíbeis de levitación. As súas mentes tiñan tal estrutura que non lles afectaban os intercambios da Gran Raza.

Cando estes seres chegaron á Terra construíron inmensas cidades de basalto con torres sen xanelas e explotaron de xeito terríbel todos os seres vivos que atoparon. Foi logo cando as mentes da Gran Raza atravesaron o baleiro desde ese mundo escuro e transgaláctico que nos perturbadores e discutíbeis *Fragmentos de Eltdown* se coñece como Yith. Para os acabados de chegar, grazas ás armas que crearan, foilles sinxelo subxugar estas entidades predadoras e empurralas ás cavernas subterráneas que conectaban coas súas moradas. Logo selaron as entradas e abandonáronas ao seu destino, para ocupar despois a maioría das súas grandes cidades, conservando certos edificios importantes por razóns relacionadas máis coa superstición que coa indiferenza, a ousadía ou o celo científico e histórico.

Mais co paso das eras apareceron signos vagos e malignos de que as criaturas primixenias se estaban a fortalecer e a reproducir no mundo subterráneo. Houbo esporádicos ataques, dun carácter especialmente horrendo en cidades pequenas e illadas da Gran Raza, e nalgunhas das cidades primixenias abandonadas que a Gran Raza non habitara, lugares onde as entradas aos abismos inferiores non foran correctamente seladas nin vixiadas. Logo destes acontecementos, tomáronse maiores precaucións e clausuráronse para sempre moitas das entradas, malia que deixaron unhas poucas coas súas trapelas seladas para as empregar estratexicamente na loita contra as criaturas primixenias, se se dese o caso de que conseguisen penetrar por lugares inesperados.

As irrupcións destas criaturas primixenias deberon de ser indescribíbelmente violentas, xa que afectaran para sempre á psicoloxía

da Gran Raza. Tal foi o horror que lles causaron que nunca mencionaban ningún aspecto destas criaturas. Tampouco conseguín saber nunca con certeza cal era o seu aspecto.

Había esvaídas suxestións a unha monstruosa plasticidade e a lapsos temporais de visibilidade, mentres que outros murmurios fragmentarios referíanse a que controlaban e empregaban os ventos para fins bélicas. Tamén se asociaban con eles uns singulares asubíos e unhas colosais pegadas en forma de cinco círculos. Era evidente que o destino futuro que tanto aterrorizaba a Gran Raza, ese que a empurraría un día a enviar millóns das súas mentes máis brillantes a través da fenda do tempo até uns corpos estraños nun futuro máis seguro, tiña a ver co éxito final destas criaturas primixenias.

As súas proxeccións mentais a través do tempo advertíranos claramente deste horror e a Gran Raza decidira que ninguén que se enfrontase a el sobreviviría. Esa razza sería probabelmente unha operación de vinganza, máis que un intento de volver ocupar o mundo exterior, como sabían pola historia posterior do planeta, xa que as súas proxeccións no futuro observaran a sucesión de distintas especies sobre a terra, nunca molestadas polas entidades monstruosas. Se cadra preferían os abismos interiores do planeta á súa superficie, variábel e azoutada polas tormentas, posto que a luz non significaba nada para elas. Se cadra tamén esmorecían co paso das eras. Abofé, sabíase que con toda probabilidade estaban mortos no tempo dos escaravellos posthumanos cuxos corpos ocuparían as mentes proxectadas da Gran Raza.

Entrementres, a Gran Raza mantiña a súa cautelosa vixilancia coas súas potentes armas sempre dispostas malia a horrorizada desaparición absoluta do tema na fala común e nos rexistros accesíbeis. E así, por sempre, a sombra dun medo sen nome aboiaba sobre as trapelas seladas e as escuras e antigas torres sen xanelas.

Ese era o mundo do que os meus soños me traían ecos esvaídos e fragmentarios cada noite. Non teño esperanzas de poder transmitir unha idea verdadeira do horror e o medo que se contiña neles, pois aqueles sentimentos dependían dunha forte sensación de pseudolembanza dunha calidade completamente intanxíbel.

Como xa dixen, os meus estudos foron dándome argumentos en contra destas sensacións, en forma de explicacións psicolóxicas racionais e esta influencia positiva aumentou grazas a que co paso do tempo funme habituando aos soños. Así e todo, aquel terror vago e reptante volvía de cando e vez. Porén, xa non me asfixiaba como antes e despois de 1922 vivín unha vida completamente normal de traballo e lecer.

Co paso dos anos comecei a sentir que a miña experiencia, xunto cos casos similares do folclore relacionado con eles, debía ser resumida e publicada en beneficio dos estudosos serios, polo que preparei unha serie de artigos que resumían brevemente toda a cuestión e illustreinos cuns bosquejos básicos dalgunhas das formas, escenas, motivos decorativos e xeroglíficos que lembraba dos meus soños. Publicáronse espaxados entre 1928 e 1929 na revista da Sociedade Americana de Psicoloxía, mais non chamaron moito a atención. Entrementres, continúei a tomar nota dos meus soños con gran detalle, malia que os rexistros xa se amoreaban de maneira problemática. En xullo de 1934 enviáronme unha carta da Sociedade de Psicoloxía que supuxo o inicio da máis horríbel fase de experiencias enlouquecedoras. Procedía de Pilbara, Australia occidental, e asinábaa unha persoa que, despois de investigala, resultou ser un enxeñeiro de minas de grande importancia. A carta contiña varias imaxes anexas. Reproducirei o contido íntegro, para que ningún lector teña dificultades en entender o terríbel efecto que o texto e as fotografías causaron en min.

Durante un tempo fiquei apampado e incrédulo, xa que aínda que a miúdo pensaba que tiña que haber certa base real nas lendas que coloreaban os meus soños, non estaba preparado para algo como aquel

vestixio tanxíbel dun mundo perdido e remoto alén de toda imaxinación. O peor de todo foron as fotografías, porque alí, cun realismo frío e irrefutábel, contra o fondo de area, algúns dos erosionados bloques de pedra coa parte superior convexa e a inferior cóncava, contaban a súa propia historia. E cando os estudei con lupa puiden ver claramente, entre as fendas e os golpes, os trazos daqueles enormes deseños curvilíneos e ocasionais xeroglíficos cuxo significado me era terríbel. Mais velaquí a carta, que fala por si propia:

Dampier numero 49,
Pilbara, Australia occidental,
18 de maio de 1934.

Ao profesor N. W. Peaslee,
c/o Am. Sociedade Americana de Psicoloxía.
Rúa 41, 30E, Nova York, Estados Unidos de América

Prezado señor:

Unha recente conversa co doutor E.M. Boyle de Perth e algunhas revistas nas que se publicaron os seus artigos, que me acaba de enviar, fixeron que me puxese en contacto con vostede para falarlle de certas cousas que vin no Gran Deserto de Area, ao leste da nosa mina de ouro. Parece que achei algo moi importante, en vista das peculiares lendas sobre antigas cidades construídas con enormes pedras de estraños deseños e xeroglíficos que vostede describe.

Os aborixes sempre falaram sobre as «grandes pedras marcadas» cun tremendo medo. Relaciónanas dalgún xeito coas súas lendas raciais sobre Buddai, o vello xigante que xace durmido baixo terra durante idades enteiras coa cabeza sobre o ombro e que un día espertará para tragar o mundo enteiro.

Existen lendas medio esquecidas sobre unhas grutas subterráneas feitas con pedras enormes, onde os corredores levan moi abaixo e

onde tiveron lugar feitos terríbeis. Os aborixes aseguran que unha vez uns guerreiros que fuxían da batalla baixaron por eles para non volver nunca, mais que un vento estarrecedor comezou a soprar desde o lugar axiña que baixaron. Porén, non hai que facerlles moito caso aos nativos.

Pero teño máis que contarlle ca iso. Hai dous anos, cando facía prospeccións no deserto a uns setecentos quilómetros ao leste, atopei unha morea de pedras decoradas de xeito estraño, de aproximadamente un metro por sesenta por sesenta centímetros, que se achaban nun estado de tremenda erosión.

Nun primeiro momento non fun quen de ver as marcas das que falaban os aborixes, mais cando as examinei de preto puíden distinguir unhas liñas ciceladas moi a fondo que sobreviviran ás inclemencias do tempo. Tratábase dunhas curvas peculiares, igual que as que describían os nativos. Calculo que serían como trinta ou corenta bloques, algúns practicamente enterrados de todo pola area, espaxados nun círculo de case medio quilómetro de diámetro.

Despois de examinar unhas poucas, pescudei nos arredores na procura de máis e fixen un coidadoso exame do lugar coa axuda dos meus instrumentos. Tamén tirei fotografías de dez ou doce dos bloques máis comúns, que anexei nesta carta para que vostede as vise.

Tamén enviei esta información e as fotos ás autoridades de Perth, mais non fixeron nada ao respecto.

Logo coñecín ao doutor Boyle, que lera os seus artigos na Revista da Sociedade Americana de Psicoloxía e, por casualidade, saíron as pedras na conversa. Amosouse enormemente interesado e a súa excitación aumentou cando lle mostrei as instantáneas, cuxas formas e signos comentou que eran iguais a aquelas que vostede soñara e que vira descritas nas lendas.

Tiña a intención de escribirlle, mais non tiña tempo. No entanto, envioume a maioría das revistas nas que saíron os seus artigos, onde vin polos seus debuxos e descrições, que a miñas pedras eran semellantes ás súas. Poderá comprobalo nas fotografías anexas. O doutor Boyle tamén llo poderá corroborar.

Agora entendo o importante que debe de ser todo isto para vostede. Sen querer, achámonos ante os restos dunha civilización descoñecida máis antiga que o que ninguén soñara antes e que forma a base do noso imaxinario colectivo.

Como enxeñeiro de minas, teño certos coñecementos de xeoloxía e pódolle dicir que estes bloques son tan antigos que me causan pavor. Principalmente son de arenito e granito, aínda que un está indubidabelmente fabricado cunha clase de cemento ou formigón descoñecido.

Amosan evidencia de erosión por auga, como esta parte do mundo estivese mergullada e saíse de novo á superficie despois de longas eras. Isto é cousa de centos de miles de anos, ou quen sabe se moitos máis. Non quero nin pensalo.

Á vista do seu dilixente traballo previo na procura das lendas e de todo o conectado con elas, non podo dubidar de que vostede estará interesado en liderar unha expedición ao deserto para facer certas escavacións arqueolóxicas. O doutor Boyle e mais eu estamos dispostos a cooperar neste traballo, se vostede ou algunha entidade que coñeza, están dispostos a achegar os fondos.

Eu podo reunir doce mineiros para o traballo máis pesado de perforación. Os aborixes non serán útiles, pois descubrín que lle teñen un medo case maníaco a este lugar en particular. Boyle e mais eu non dixemos nada a ninguén, xa que supoño que vostede quererá ser o primeiro en reclamar calquera descubrimento ou honra.

Pódese chegar ao lugar desde Pilbara a uns catro días en tractor, máquinas que precisaremos para os traballos. Está ao suroeste da ruta da expedición de Warburton e a cento cincuenta quilómetros ao sueste de Joanna Spring. Podemos enviar os apetrechos en barcazas polo río Grey en vez de desde Pilbara, mais xa falaremos dos detalles.

Máis ou menos as pedras áchanse a 22 graos, 3 minutos 14 segundos latitude sur e a 125 graos, 0 minutos, 30 segundos, lonxitude leste. O clima é tropical e as condicións do deserto duras.

Agradecerei calquera correspondencia súa sobre esta cuestión e estarei sempre desexoso de o axudar en calquera plan que queira organizar. Logo de estudar os seus artigos síntome fondamente impresionado pola tremenda significación que ten todo isto. O doutor Boyle escribiralle máis tarde. Se é precisa unha comunicación rápida, pódese radiar un telegrama a Perth.

Agardando impaciente unha resposta, créame, moi atentamente:

Robert B.F. Mackenzie

Os interesados saberán ben pola prensa o que seguiu inmediatamente á recepción desta carta. Tiven unha enorme sorte ao conseguir o apoio da Universidade de Miskatonic e tanto o señor Mackenzie como o doutor Boyle fixeron un traballo fóra de serie ao arranxar todo en Australia. Non fomos moi claros para o público en canto ao noso obxectivo, pois todo o asunto se podería tornar sensacionalista e xocoso nos xornais baratos. Daquela, as nosas notas de prensa foron magras, aínda que se publicou dabondo como para informar de que se trataba dunha expedición a unhas ruínas de Australia e sobre os distintos preparativos.

Acompañáronme o profesor William Dyer, do departamento de xeoloxía da Universidade, que dirixira a expedición ao antártico da Miskatonic de 1930-1931, Ferdinand C. Ashley, do departamento de

historia antiga, e Tyler M. Freeborn, do departamento de antropoloxía, e tamén o meu fillo Wingate. O meu colega por correspondencia Mackenzie chegou a Arkham a comezos do 1935 e axudou nos últimos preparativos. Demostrou ser un home tremendamente competente e afábel, duns cincuenta anos, admirabelmente culto e moi ben afeito ás vicisitudes dunha viaxe por Australia. Tiña tractores agardando en Pilbara e alugara un vapor o suficientemente pequeno como para remontar o río por aquel tramo. Estabamos preparados para escavar do xeito máis coidadoso e científico, peneirando cada gran de area sen modificar nada da súa posición orixinal.

O 28 de marzo de 1935 embarcamos no *Lexinton* para facer unha tranquila ruta polo Atlántico, o Mediterráneo, o Canal de Suez, o Mar Vermello e o Océano Índico até chegarmos ao noso destino. Non teño que dicir canto me deprimiu a visión da costa baixa e areosa de Australia occidental, e como de detestábel me pareceu a miúda vila mineira e as lúgubres minas de ouro onde os tractores cargaban a súa mercadoría.

O doutor Boyle, que nos veu recibir, resultou ser un velliño agradábel e intelixente, e os seus coñecementos sobre psicoloxía propiciaron longos debates co meu fillo e comigo.

Case todos nós sentimos unha mestura de expectación e desagrado cando finalmente os dezaioito partimos sobre os áridos quilómetros de area e rocha. O venres 31 de maio vadeamos un afluente do río Grey e entramos nun reino de absoluta desolación. Un certo terror positivo foi medrando en min a medida que avanzamos cara á localización daquel mundo antigo que se acazaba detrás das lendas. Un terror, abofé, alimentado polo feito de que os meus perturbadores soños e pseudolembrazas, aínda me perseguían cunha forza terríbel.

Foi o luns día 3 de xuño cando vimos os primeiros bloques medio enterrados. Non podó describir as emocións que sentín cando toquei, na realidade obxectiva, un fragmento daquela cantaría ciclópea, igual en cada detalle que os bloques das paredes dos edificios que soñara. Tiñan

claros signos de baixorrelevos, e as mans treméronme cando recoñecín unha parte daquel esquema decorativo curvilíneo tan odioso para min ao longo de anos de pesadelos tormentosos e investigacións frustrantes.

Despois dun mes de escavacións sacamos arredor de 1250 bloques en distintos estados de erosión e degradación. A maioría destes megálitos labrados tiñan a base e a cima curvados. Algúns eran máis pequenos, máis planos e de superficie chá, cun corte cadrado ou octogonal, igual que os chans e os lastrados dos meus soños, mentres que uns poucos eran especialmente xigantescos, cunhas curvas que suxerían un uso en cúpulas, bóvedas, arcos ou nas xanelas arredondadas.

Canto máis fondo e máis ao norte e ao leste cavabamos, máis bloques aparecían, aínda que polo momento non conseguimos descubrir ningunha clase de orde coherente entre eles. O profesor Dyer estaba abafado pola idade incontábel dos fragmentos e Freeborn atopou trazos de símbolos que se cadraban misteriosamente con certas lendas dunha antigüidade infinita de Papúa e da Polinesia. O estado e a dispersión dos bloques falaba sen palabras de vertixinosos ciclos de tempo e de axitacións xeolóxicas dun salvaxismo cósmico. Levabamos un aeroplano connosco, e o meu fillo Wingate a miúdo voaba a distintas alturas para esculcar aquel baldío de area e rochas na procura de liñas difusas e grandes, fosen diferenzas de nivel ou trazos de bloques espaxados. Os seus resultados foron case completamente negativos, xa que cando un día pensaba que observara algo significativo, na súa seguinte expedición aquela impresión víase substituída por outra de igual insubstancialidade, resultado da area cambiante e levada polo vento.

Unha ou dúas destas efémeras suxestións, no entanto, afectáronme dun xeito moi estraño e desagradábel. Dalgunha maneira parecían encaixar espantosamente con algo que soñara ou lera, mais que non podía lembrar. Posuían unha terrible familiaridade, que dalgún xeito me facía ollar de maneira furtiva e medorenta o terreo abominábel e estéril que se estendía para o norte e o nordés. Pola primeira semana de xullo comecei a

sentir unha estraña mestura de sensacións arredor daquela rexión do nordés. Era terror e tamén curiosidade, pero máis que iso, era unha persistente e desconcertante sensación de lembranza.

Intentei toda clase de técnicas de psicoloxía para tirar aquilo da cabeza, mais non fun quen. Tamén comecei a sufrir dun certo grao de insomnio, mais iso case o agradecín, posto que dese xeito os meus períodos de soño eran máis curtos. Adquirín o hábito de dar longas camiñadas solitarias polo deserto a altas horas da noite, especialmente pola zona do norte e o nordés, a onde aquela suma de estraños e novos impulsos parecían arrastrarme sutilmente.

Ás veces nestes paseos tropezaba con fragmentos medio enterrados de antiga cantaría. Malia que había menos bloques visíbeis aquí que onde escavabamos, eu sentíame seguro de que baixo a superficie debía de haber unha gran cantidade deles. O solo non era tan chan como o do noso campamento e os constantes e fortes ventos racheados amoreaban a area en fantásticas medelas efémeras, deixando á vista os trazos dalgunhas pedras primixenias, mentres cubría outras. Achábame estrañamente ansioso por levar as escavacións a esta zona, e ao mesmo tempo tiña medo do que puidese aparecer alí. Obviamente, a miña saúde mental estaba empeorando e o peor de todo era que non sabía o porqué.

Pódese observar ben a fragilidade do meu estado mental por como respondín a un estraño descubrimento que fixen nun dos meus paseos nocturnos. Era o serán do once de xullo e a lúa enchía as misteriosas medelas cunha curiosa palidez. Eu vagaba alén dos lugares habituais, cando cheguei xunto a unha gran pedra que semellaba diferir claramente de calquera outra que atopamos antes. Estaba case cuberta de todo pola area, mais parei e limpei a parte superior para despois estudar o obxecto coidadosamente coa axuda do luar e dunha lanterna. A diferenza das outras grandes pedras, esta tiña un corte perfectamente cadrado, sen superficie cóncava ou convexa. Parecía tamén que se trataba de pedra basáltica, completamente diferente do granito, o arenito e o formigón dos

fragmentos que coñeciamos.

Erguinme dun chouto, dei a volta e fuxín a fume de carozo cara ao campamento. Era unha fuxida completamente inconsciente e irracional, e só cando estiven preto da tenda entendín o seu porqué. Veume á cabeza de súpeto. A estraña pedra negra era algo que soñara ou lera e que estaba conectada cos horrores máis extremos daquela lenda primixenia. Tratábase dun dos bloques de cantaría basáltica que a fabulosa Gran Raza tanto temía, pertencente ás ruínas altas e sen xanelas que deixaran aquelas criaturas alieníxenas só medio materiais que roldaban polos negros abismos da Terra e contra cuxas forzas invisíbeis e etéreas colocaran as trapelas coas súas sentinelas que nunca durmían.

Permanecín esperto toda a noite, mais ao amencer decateime do estúpido que fora ao deixar que a sombra dun mito me preocupase. En lugar de estar atemorizado, debera sentir o entusiasmo do descubridor. Á mañá seguinte falei aos outros da miña descuberta, así que Dyer, Freeborn, Boyle, o meu fillo e mais eu saímos botarlle un ollo a aquel bloque anómalo. Porén, non conseguimos achar nada. Non me fixera unha idea clara da súa localización e o vento da noite alterara completamente a forma da area.

CAPÍTULO VI

Chego agora á parte máis crucial e dificultosa da miña historia, sobre todo porque non podo estar certo de se é real ou non. Ás veces sentíame incomodamente seguro de que non me achaba soñando ou fantaseando, e en vista das tremendas implicacións que pode supor o feito de que as miñas experiencias fosen reais, este sentimento é o que me leva a escribir estas notas. O meu fillo, que é un experimentado psicólogo co coñecemento máis próximo posíbel de todo o caso, será o primeiro en vulgar sobre o que teño que contar, mais primeiro debo bosquexar o contexto da cuestión, tal e como o coñecen os que estaban no

campamento.

A ventosa noite do dezasete para o dezaioito de xullo retireime cedo mais non fun quen de durmir. Erguinme un intre antes das once e, aflixido como sempre por aquel estraño sentimento en relación á zona do nordés, saín dar unha das miñas típicas camiñadas nocturnas, durante a cal só vin e saudei a unha persoa, un mineiro australiano chamado Tupper, cando saín do perímetro.

A lúa brillaba case chea no ceo despexado e cubría as antigas areas cun resplandor branco e leproso que dalgún xeito me pareceu infinitamente maligno. O vento parara e eu non volvín até cinco horas despois, como declararon Tupper e outros que me viron camiñar ás présas cara ao nordés a través das pálidas medelas que ocultaban segredos. Arredor das 3:30 ergueuse unha violenta ventada que espertou a todo o mundo no campamento e fixo voar tres das tendas. O ceo estaba claro e sobre o deserto aínda resplandecía aquel luar leproso. En canto os homes foron comprobar as tendas decatáronse da miña ausencia, mais non lle deron importancia en vista dos meus paseos previos. Así e todo, até tres dos homes, todos deles australianos, dixeron sentir algo sinistro no ar. Mackenzie explicou ao profesor Freeborn que se trataba dun medo proveniente do folclore dos aborixes, pois os nativos teceran unha curiosa rede de mitos malignos arredor dos fortes ventos que varrían a area baixo o ceo claro a intervalos longos. Tales ventos, murmuraban, saían das enormes covas de pedra que había baixo a terra, onde aconteceran feitos terríbeis, e nunca se sentían agás nos lugares próximos a onde había grandes pedras marcadas.

Preto das catro o temporal cesou tan axiña como comezara, dando aos outeiros de area unhas formas novas e descoñecidas. Xusto pasaban das cinco, coa inchada lúa fungosa afundíndose polo oeste, cando cheguei ao campamento ás alancadas, sen sombreiro, esfarrapado, co rostro rabuñado, exsangüe e sen a lanterna. A maioría dos homes volveran á cama, mais o profesor Dyer estaba a fumar na pipa en fronte da

súa tenda. Ao ver o meu estado afectado e case frenético, chamou polo doutor Boyle e entre os dous leváronme á miña cama e acomodáronme alí. O meu fillo, que se erguera pola axitación, axiña se reuniu con eles e entre todos intentaron obrigarme a que me mantivese deitado e intentase durmir, mais non había sono que puidese comigo. O meu estado psicolóxico era extraordinario, completamente diferente a todo o que sufrira antes. Após un tempo insistín en explicarlles, de xeito nervioso e detallado, o meu estado. Conteilles que cansara e me deitara a botar unha soneca sobre a area. Os meus soños foran máis terríbeis do normal, e ao acordar cun súbito refacho de vento, os meus nervios sobrecargados estouparon. Corríñ presa do pánico tropezando a miúdo con rochas medio enterradas, o que explicaba o meu aspecto esfarrapado. Seguramente durmira moito, de aí a miña longa ausencia. Non mencionei que vira ou vivira nada estraño, facendo o maior exercicio de autocontrol neste aspecto. Mais dixen que cambiara de opinión con respecto a todo o traballo da expedición, e pedín que deixasen de cavar cara ao nordés. O meu razoamento era claramente feble, xa que mencionei a escaseza de bloques, o desexo de non ofender os supersticiosos mineiros, un posíbel recorte de fondos por parte da Universidade e outras cuestións falsas ou irrelevantes. Naturalmente, ninguén fixo caso dos meus novos desexos, nin sequera o meu fillo, cuxa preocupación pola miña saúde era obvia.

No día seguinte erguinme e dei unha volta polo campamento, mais non participei nas escavacións. Ao ver que non podía facer nada para que detivesen os traballos, decidín volver á casa o mais axiña posíbel polo ben da miña cordura, así que fixen prometer ao meu fillo que me levaría no aeroplano até Perth, que se achaba a case dous mil quilómetros ao suroeste, en canto fixese as observacións da zona que eu quería que deixasen de esculcar. Reflexionei que, se aínda era visíbel aquilo que eu observara, debía intentar advertilos mesmo para ridículo meu. Así e todo, podía ser que aqueles mineiros coñecedores do folclore local me apoiasen. Wingate fíxome caso e realizou as observacións aquela mesma tarde, voando sobre o terreo que probabelmente atravesara na miña

camiñada. Mais non había á vista nada do que descubrira. A area vovera tapar calquera trazo daquel anómalo bloque de basalto. Durante un intre lamentei a perda de certo obxecto abraiante no medio do cego pánico, mais agora sei que a perda foi un acto de piedade. Aínda podó pensar que toda a experiencia foi unha ilusión, especialmente se, tal e como desexo devotamente, nunca se descobre ese abismo infernal.

Wingate levóme a Perth o 20 de xullo, aínda que non quixo abandonar a expedición para volver á casa. Permaneceu comigo até o 25, que foi cando partiu o vapor para Liverpool. Agora, no meu camarote do *Empres*, penso longa e desesperadamente en toda a cuestión, e tomei a decisión de que o meu fillo debe de estar informado. Se quere difundir o asunto xa será cousa del.

Preparei este resumo dos antecedentes para enfrontar calquera eventualidade, aínda que todo xa se sabe a través de distintas fontes, e agora debo contar o máis brevemente posíbel o que creo que aconteceu durante a miña ausencia do campamento naquela noite abominábel.

Cos nervios ao límite e nun estado de vixilia inducida por aquela inexplicábel, onírica e mnemónica urxencia por ir ao nordés, comecei a andar baixo a lúa ardente e maligna. Aquí e acolá puíden ver algúns deses bloques ciclópeos medio enterrados na area durante eras incontábeis e sen nome. A idade incalculábel e o terror latente deste baldío monstruoso comezou a oprimirme máis que nunca, así que non puíden evitar pensar nos meus soños enlouquecedores, nas lendas estarrecedoras que xacían detrás deles e no medo que nativos e mineiros tiñan do deserto coas súas pedras talladas. Así e todo, continuaba andando como se me dirixise a algún encontro impío, máis e máis sacudido por fantasías terríbeis, imaxes e pseudolembranzas. Pensei nalgúns contornos das liñas de pedras que vira o meu fillo desde o ar e pregunteime por que me parecían tan ominosas e familiares. Algo batía na barreira da miña memoria mentres que outra forza descoñecida loitaba por manter bloqueado o portal.

Non se movía unha palla e a area pálida curvábbase arriba e abaixo

igual que as ondas do mar. Non sabía onde me dirixía, mais avanzaba cunha seguridade inexorábel. Os meus soños abrollaban ao mundo da vixilia de xeito que cada megálito chantado na pedra semellaba unha parte dos interminábeis cuartos e corredores construídos cunha cantaría prehumana, tallados e inscritos con símbolos que coñecía demasiado ben polos meus anos como mente cativa da Gran Raza.

Por momentos imaxinaba ver aqueles terrores omniscientes e cónicos movéndose arredor para realizar as súas tarefas habituais e temía ollar para abaixo e comprobar que tiña o mesmo aspecto ca eles. E así, cando miraba os bloques cubertos de area, vía as salas e os corredores; cando miraba a lúa ardente e maligna, vía as lámpadas de cristal luminoso. Cando miraba o deserto infinito, eran os ondeantes fentos de alén das xanelas. Estaba esperto e soñando ao mesmo tempo.

Non sei canto, até onde e nin sequera en que dirección camiñara cando albisquei por primeira vez a morea de bloques que o vento nocturno espira. Era o maior grupo que vira até o momento e tanto me impresionou que as visións das fantásticas eras pasadas esvaecéronse de súpeto. Unha vez máis só estaba o deserto, a lúa maligna e os fragmentos dun pasado descoñecido. Achegueime, detívenme e dirixín a luz da lanterna cara á morea. A area voara toda deixando á vista unha masa baixa, redonda e irregular de megálitos mesturados con fragmentos máis pequenos, que en conxunto alcanzaban os doce metros de diámetro por dous e medio de alto.

Pola súa propia estrutura decateime de que aquelas pedras posuían unha característica estrañamente única. Non só era a súa cantidade, que non tiña paralelo con nada do que viramos antes, senón que tamén me sorprendeu algo nos trazos borrados pola area cando os estudei baixo a luz mesturada da lanterna e a lúa. Ningún deles difería esencialmente dos que xa atopamos. Era algo máis sutil. A sensación non me chegou ao ollar as pedras por separado, senón cando pasei a vista por varias simultaneamente.

Logo, finalmente, dei coa verdade. Os patróns decorativos de moitos dos bloques tiñan moito que ver uns cos outros, como se fosen partes dun só deseño. Por primeira vez neste deserto golpeado polo tempo dera cunha morea de pedras que conservaban a súa antiga posición. Estaban deitadas e en anacos, é certo, mais así e todo conservaban a súa esencia.

Rubín con moita dificultade pola morea limpando a area aquí e acolá cos dedos e sempre intentando interpretar as variacións de tamaño, forma, estilo e as relacións entre o deseño. Após un intre puideren comprender vagamente a natureza da desaparecida estrutura e dos deseños que antano se estendían sobre toda a superficie da vasta obra de cantaría. A perfecta correspondencia do conxunto con algunhas das miñas imaxes oníricas deixoume espantado e enervado. Noutro tempo fora un corredor ciclópeo de dez metros de alto, lastrado con bloques octogonais e solidamente abovedado. Tivera cuartos que se abrían á man dereita e, no extremo máis afastado, unha daquelas estrañas ramplas que levaban ás profundidades.

Apartei o pensamento violentamente, xa que alí había máis material do que forneceran aqueles bloques. Por que sabía que este andar estaba baixo terra? Por que sabía que a rampla que levaba arriba debía de estar detrás de min? Por que sabía que o pasadizo subterráneo até os Piores Cadrados debía de acharse á esquerda, un andar por riba? Por que sabía que a sala de máquinas e o túnel da dereita que levaba aos arquivos centrais debía de estar dous andares por baixo? Por que sabía que catro niveis por baixo debía de haber unha desas horríbeis trapelas seladas con bandas de metal? Desconcertado por esa intrusión do mundo onírico, atopeime tremendo e bañado nunha suor fría. Logo, como culminación intolerábel a todo aquilo, sentín un esvaído pero presente sopro de ar fresco que subía dun lugar afundido, preto do centro da morea de pedras. Igual que antes, as visións esvaecéronse de súpeto e vin máis unha vez só o malvado luar, o inmenso deserto e o túmulo de cantaría primixenia. Enfrontábame a algo real e tanxíbel, aínda que inzado de infinitas

suxestións de escuro misterio. Polo sopro de ar só puideron deducir unha cousa, que baixo a desordenada morea de bloques da superficie había un abismo oculto de gran tamaño.

O meu primeiro pensamento foron as sinistras lendas dos aborixes sobre grandes goridas subterráneas entre os megálitos onde acontecen terrores e nacen os grandes ventos. Logo volveron os soños e sentín as pseudolembrazas turrando na mente. Que clase de lugar había abaixo? Que clase de inconcibíbeis e primixenios ciclos míticos e pesadelos asexantes estaba a piques de revelar? Só o dubidei un momento, xa que a curiosidade e o celo científico me empurraban e contrarrestaban o meu medo crecente.

Movíame como un autómatas, como se un destino urxente manexase os fíos. Metín a lanterna no peto e, loitando cunha forza que nunca pensei que podía ter, apartei o primeiro dos titánicos fragmentos de pedra e logo outro máis, até que comezou a subir unha corrente de ar cuxa humidade contrastaba curiosamente co ar seco do deserto. Foise abrindo unha negra fenda até que, finalmente, cando apartei todas as pedras pequenas que podía manexar, o luar leproso resplandeceu sobre unha abertura o suficientemente ampla como para entrar eu.

Saquei a lanterna e proxectei un raio brillante ao interior. Por baixo había un caos de pedras tiradas que baixaban abruptamente cara ao norte nun ángulo duns corenta e cinco grados, seguramente un resultado do derrubamento dunha estrutura interior. Entre a morea de entullo e o chan había un abismo de impenetrábel negrura cuxa parte superior amosaba signos de que estivera abovedada. Neste punto parecía que a area do deserto xacía xusto por riba do chan dunha estrutura titánica da xuventude do planeta, que nin sequera me atrevía a pensar en como chegara até os nosos días logo de eras enteiras de convulsións xeolóxicas.

Agora, en retrospectiva, a simple idea de baixar só e de xeito arroutado a aquel abismo descoñecido cando ninguén sabía do meu paradiro, semella un acto culminante de loucura. Se cadra era iso, pois

esa noite realicei aquel descenso sen dubidalo nin un intre. Outra vez vez púñase de manifesto que o engano e a atracción da fatalidade semellaban ser as miñas luces de guía. Coa lanterna proxectando raios intermitentes para aforrar pilas, comecei a descender pola rampla sinistra e ciclópea que había por baixo da fenda, ás veces coa vista ao fronte cando achaba bos apoios para pés e mans e outras veces de costas, mirando a morea de megálitos mentres me descolgaba con precariedade. Baixo os raios da lanterna puíden ver distantes paredes de cantaría labrada a un e outro lado. De fronte, no entanto, reinaba unha escuridade inviolada.

Non controlei o tempo durante o descenso. A miña mente rebulía tanto de suxestións e imaxes que parecía que a realidade obxectiva se achaba a unha distancia incalculábel. Os meus sentidos estaban atoados e só ficaba o medo, igual que unha gárgola espectral e inactiva que me ollaba impotente.

Finalmente cheguei até un chan que non estaba inclinado, salpicado de bloques caídos, fragmentos informes de pedra, area e toda clase de entullo. A cada lado, a uns dez metros máis ou menos, erguíanse unhas enormes paredes que remataban en inmensas bóvedas. Puíden ver que estaban cubertas de relevos, mais non fun quen de distinguir a natureza dos mesmos. O que máis me chamaba a atención era o teito abovedado. O raio da lanterna non chegaba até alí, mais si que podía iluminar a parte inferior duns arcos monstruosos, tan perfectamente iguais a aqueles que tantas veces ollara nos soños do mundo primixenio que tremín pola primeira vez.

Ás miñas costas, moi arriba, unha luz esvaída dicíame que no mundo exterior brillaba a lúa. Un vago retallo de cautela dicíame que non debía perdela de vista, pois do contrario non tería xeito de volver.

Avanzaba agora cara á parede da esquerda, onde os trazos dos baixorrelevos eran máis claros. O chan cuberto de entullo era case tan difícil de atravesar como a baixada, mais conseguín abrimme paso.

Nun punto apartei algúns bloques e limpei o lixo para ver o aspecto do lastrado, logo tremín ante a terríbel e ominosa fatalidade das grandes laxes octogonais que compuñan a superficie, aínda pegadas unhas ás outras. Cando cheguei a unha distancia axeitada da parede, proxectei a luz da lanterna lentamente e con detalle sobre os restos de baixorrelevos. Polo visto algunha acción da auga no pasado erosionara a superficie do arenito, onde tamén había unhas curiosas incrustacións que non fun quen de explicar.

Por lugares, a cantaría estaba moi feble e gastada, e pregunteime cantos eóns máis aguantarían os restos daquel oculto edificio primordial os embates da Terra, mais foron os baixorrelevos os que máis me alteraron. Malia o seu estado decrépito, eran relativamente doados de distinguir de preto, e a total e absoluta familiaridade de cada detalle case me fixo perder o sentido. O feito de que os atributos principais desta vetusta cantaría me resultasen familiares era algo que non estaba alén do críbel. Cunha poderosa influencia sobre os armazóns de certos mitos, chegaran a constituír unha sabedoría críptica que, dalgún xeito, chegara ao meu coñecemento durante o meu período de amnesia e evocara imaxes moi realistas na miña mente subconsciente. Mais como explicar a exactitude coa que se correspondía cada liña e cada espiral destes estraños baixorrelevos con aquilo que eu soñara durante tantos anos? Que clase de iconografía escura e esquecida puidera reproducir até o máis sutil matiz e detalle aquelas imaxes que noite tras noite, con constancia e exactitude asolagaban os meus soños?

Non se trataba de casualidade ou dunha semellanza remota. Definitiva e absolutamente, o corredor milenario e oculto durante eras en que me achaba era a versión material dun lugar que coñecía polos meus soños tan detalladamente como a miña propia casa de Crane Street, Arkham. Era certo que os meus soños amosaban o lugar nunha época anterior á súa ruína, mais non por iso era menos real. Sentíame completa e horrorosamente orientado. A particular estrutura érame coñecida.

Tamén coñecía o lugar que ocupaba naquela terríbel cidade primixenia dos meus soños. Souben cunha terríbel e instintiva fatalidade que sería quen de visitar sen equivocación calquera punto daquel edificio ou daquela cidade que conseguira sobrevivir ás mudanzas e as devastacións das idades incontábeis. Que podía significar todo aquilo? Como chegara a saber o que sabía? E que abominábel realidade se podía agochar tras aquelas lendas antigas sobre os seres que viviran entre estas pedras labirínticas e primordiais?

As palabras só poden transmitir en parte a mestura de espanto e abraio que devoraban o meu espírito. Coñecía este lugar. Sabía o que había diante de min e o que se erguera sobre a miña cabeza antes de que a gran cantidade de andares superpostos se convertese en po, cascallos e area do deserto. Pensei cun arrepío que agora xa non precisaba manter á vista o esvaído resplendor do luar. Achábame dividido entre o desexo de fuxir e unha febril mestura de ardente curiosidade e fatalidade que me empurraba. Que lle acontecera a esta monstruosa megalópole primordial nos millóns de anos que pasaran desde os tempos dos meus soños? De todos os labirintos subterráneos soterrados baixo a cidade que conectaban as titánicas torres, canto sobrevivira ás sacudidas da codia terrestre? Chegara acaso até un mundo completamente soterrado de arcaísmo impío? Podería aínda achar a morada do mestre de escritura e a torre onde S'gg'ha, a mente cativa dos vexetais carnívoros de cabeza estrelada da Antártida, cicelara uns baixorrelevos nos espazos baleiros das paredes? Estaría aínda practicábel o pasadizo que levaba ao segundo nivel subterráneo, á estancia das mentes alieníxenas? Naquela estancia, a mente cativa dunha incríbel entidade —un habitante semiplástico do interior oco dun planeta transplutoniano descoñecido de dezaioito millóns de anos no futuro— gardara un obxecto que modelara el mesmo con arxila.

Fechei os ollos e botei as mans á cabeza nun esforzo van e digno de mágoa por afastar estes loucos fragmentos de soño do maxín. Logo, pola primeira vez, sentín con intensidade o frío, o movemento e a humidade

do ar que me rodeaba. Cun arrepió, lembrei que nalgún lugar por baixo de min debía de haber unha abertura aos negros abismos mortos durante eras enteiras. Pensei nas estarrecedoras estancias, corredores e ramplas que vira nos soños. Estaría aínda despexado o camiño que levaba aos arquivos centrais? Máis unha vez, aquela fatalidade impelente turrrou con insistencia de min cando lembrei os abraiantes rexistros que unha vez estiveron gardados naquelas furnas rectangulares de metal inoxidable. Alí, segundo os soños e as lendas, repousara toda a historia, pasada e futura, do continuo espazo tempo cósmico, escrita por mentes cativas procedentes de cada planeta e cada época do sistema solar. Era unha loucura, abofé, mais non me achaba eu agora metido nese mundo escuro?

Pensei nos andeis metálicos fechados e nas estrañas voltas do fecho que se precisaban para abrilos. Lembrei con viveza o que gardaba a miña propia crónica. Cantas veces realizara aquela complexa rutina de voltas e pulsacións na sección de vertebrados terrestres do nivel inferior. Cada detalle estaba fresco e era familiar. Se existía aquela furna coa que soñara, sería quen de a abrir nun intre. Foi daquela cando a loucura gañou o pulso. Un instante despois achábame saltando e avanzando a tombos sobre as moreas de entullo cara á rampla que tan ben lembraba e que levaba aos niveis inferiores.

CAPÍTULO VII

Desde ese momento, as miñas lembranzas son bastante dubidosas, polo que aínda me agarro a un desexo desesperado de que se tratase dalgunha clase de soño demoníaco ou ilusión nacida do delirio. A miña mente tornouse febril e percibía todo a través dalgunha clase de néboa, ás veces de xeito intermitente.

Os raios da lanterna alumeaban pouco a negrura circundante, producindo resplandores fantasmais nas paredes e relevos abominabelmente familiares, todas castigadas polo paso das eras. Nun

lugar derrubárase unha enorme sección de abovedado, polo que tiveron que gabear por un inmenso túmulo de rochas case até chegar ao teito avellentado e cuberto de grotescas estalactitas.

Aquilo era o punto álxido do pesadelo, empeorado aínda máis polo pulo blasfemo da pseudolembianza. Só unha cousa resultaba estraña e era o meu tamaño en relación coa monstruosa cantaría. Sentíame oprimido por unha sensación de insólita pequenez, como se a visión destes muros fose algo completamente novo e anormal para un simple corpo humano. Unha e outra vez miraba para min mesmo nervioso, un pouco perturbado pola miña forma humana.

Avanzaba a choutos, a alancadas, tropezando, pero sempre adiante a través da negrura daquel abismo. A miúdo caía e magoábame e dunha vez case rompo a lanterna. Recoñecía cada pedra e cada esquina daquel abismo endiañado e en moitos lugares nin sequera iluminaba os arcos arruinados, posto que xa os coñecía ben. Algunhas das estancias estaban completamente derruídas, outras baleiras ou cheas de entullo. Nalgunhas vin masas de metal, algunhas case intactas, algunhas rotas, e algunhas esmagadas, que recoñecín como os colosais pedestais ou mesas dos meus soños. Non me atrevín a pensar que serían en realidade.

Atopei a rampla e comecei o descenso, mais logo dun momento tiveron que determe a causa dunha fenda no chan cuxo punto máis estreito non debía de ter menos dun metro e medio de largura. A construción colapsara naquel punto, deixando ver as incalculábeis profundidades de abaixo. Sabía que había dous sotos máis neste edificio titánico e tremín cun anovado pánico cando lembrei a trapela metálica selada do nivel inferior. Agora non había sentinelas, así que o que nun tempo se arrastrara nas profundidades xa debiera de facer o seu terríbel traballo para se afundir nun longo declive. Nos tempos da raza de escaravellos posthumanos xa estaría completamente morto. Así e todo tremín outra vez cando lembrei as lendas dos nativos.

Custoume un esforzo terríbel saltar a fenda, xa que o chan cuberto

de entullo facía imposíbel tomar carreira, mais a loucura deume forzas. Escollín un lugar próximo á parede da esquerda, onde a fenda era menos larga e o lugar de aterraxe razoabelmente limpo de cascallos perigosos, e despois dun momento de enorme desesperación, cheguei ao outro lado san e salvo. Finalmente, cando cheguei ao soto inferior, avancei aos tombos baixo o teito abovedado da sala de máquinas, na que aínda se podían ver, medio enterrados baixo o teito caído, uns fantásticos restos metálicos. Todo estaba onde eu supuña que estaría e gabeei confiado sobre as moreas de cascallos que bloqueaban a entrada ao vasto corredor transversal. Souben que me levaría baixo a cidade, até os arquivos centrais.

As idades incontábeis semellaron despregarse ante min a medida que avanzaba con dificultade, a saltos e ás catro patas, polo corredor inzado de entullo. Aquí e acolá podía distinguir os baixorrelevos sobre as paredes gastadas polo tempo, dos que algúns me eran familiares e outros polo visto foran labrados máis tarde do período dos meus soños. Posto que se trataba dunha vía principal que conectaba os edificios por baixo, non había arcadas, agás aquelas que levaban aos sotos das diferentes construcións. Metinme nalgunhas destas interseccións durante un intre para botarlles unha ollada aos corredores e ás estancias que tan ben coñecía. Só nun par de ocasións atopei mudanzas radicais co que soñara e nun destes casos puiden albiscar as liñas seladas dunha arcada que lembraba.

Comecei a tremer violentamente e sentín un estraño acceso de debilidade que me atrasaba no meu apresurado e penoso camiño pola cripta dunha daquelas grandes e arruinadas torres basálticas sen xanelas cuxa cantaría estraña e negra evidenciaba a súa horríbel orixe. A bóveda primixenia era redonda e tiña uns trinta metros de largura, sen baixorrelevos de ningún tipo sobre a pedra negra. O chan aquí estaba despexado, agás polo po e a area, así que puiden ver as aberturas que levaban arriba e abaixo. Non había escaleiras nin ramplas e, de feito, os

meus soños amosaban aquelas torres primordiais completamente libres da man da fabulosa Gran Raza. Aqueles que as construíran non precisaban de escaleiras nin ramplas.

Nos soños, a abertura que levaba abaixo estaba selada con firmeza e vixiada con celo. Agora aparecía aberta como un escuro bocexo, deixando paso a unha corrente de ar fresco e húmido. Non me permitín pensar nas ilimitadas cavernas de noite eterna que se debían de estender por baixo.

Máis tarde, logo de gabear por unha zona do corredor na que se amoreaban os desperdicios, cheguei a un lugar onde o teito caera completamente. O entullo erguíase como unha montaña, así que rubín por el e atravesei un vasto espazo baleiro onde a lanterna non foi quen de revelar nin muros nin bóvedas. Pensei en que este debía de ser o almacén da casa dos metalúrxicos, na terceira praza, non lonxe dos arquivos. Non fun quen de conxecturar o que acontecera alí.

Achei o corredor outra vez alén da montaña de desperdicios e pedra, mais despois dunha curta distancia atopeime cun lugar completamente bloqueado, onde a parte caída do abovedado case chegaba a tocar perigosamente co precario teito. Aínda non sei como fun quen de apartar a un lado suficientes bloques como para conseguir pasar, e menos aínda como me atrevín a modificar a posición dos fragmentos firmemente apertados, cando a máis mínima mudanza no seu equilibrio podería facer que se derrubasen todas as toneladas de enormes anacos de cantaría e reducir o meu corpo a nada. A loucura máis absoluta era o que me guiaba, se é que toda a miña aventura subterránea, tal e como eu desexo, non foi unha ilusión demoníaca ou unha fase do soño. Mais conseguín abrir, ou como mínimo soñei que abría, un paso polo que me puiden escoar. Mentres serpeaba sobre a montaña de entullo coa lanterna sempre acesa e metida na boca, sentín como me ferían as fantásticas estalactitas do piso esnaquizado que había sobre min.

Agora achábame preto da grande estrutura subterránea do arquivo

que parecía ser a miña meta. Arrastreime polo outro lado da barreira abaixo e abrinme paso polo último tramo do corredor acendendo intermitentemente a lanterna, até que finalmente cheguei até unha cripta baixa e circular con arcos que se abrían a todos os lados e que presentaba un magnífico estado de conservación.

Os muros, ou o que a lanterna podía iluminar deles, estaban ben poboados de xeroglíficos e decorados cos típicos símbolos curvilíneos, algúns deles posteriores ao período dos meus soños. Souben que esta era a miña meta, así que penetrei por unha arcada que se abría á esquerda. Por estraño que resulte, tiña poucas dúbidas de que atoparía despexado o paso para arriba e para abaixo até os andares superviventes. Este vasto pavillón, protexido pola terra mesma e que contiña os anais de todo o sistema solar, fora construído cunha habilidade sobrenatural e coa fortaleza suficiente como para durar tanto como o mesmo sistema planetario.

Combinaran uns bloques de tamaño colosal, colocados con xenio matemático e unidos cuns cementos de incríbel dureza, para formaren unha masa tan resistente como o mesmo centro rochoso da Terra. Aquí, após eras máis prodixiosas do que podo comprender de maneira razoábel, permanecía o lugar aínda cos seus trazos esenciais e os vastos e poeirentos chans apenas amosaban trazos do entullo tan dominante noutros lugares.

Veume á cabeza o relativamente doado que resultaba avanzar por este lugar. Toda a desesperada ansia que me dominaba e que até o momento se vira frustrada polos obstáculos, agora manifestábase nunha especie de velocidade febril, así que literalmente corrín polos corredores de teito baixo que se estendían alén da arcada e que lembraba monstruosamente ben.

Estaba completamente abraiado polo familiar que me resultaba todo canto vía. A cada lado erguíanse de xeito ominoso as grandes portas de metal cubertas de xeroglíficos, algunhas aínda no sitio, outras abertas e outras dobradas ou deformadas polas forzas xeolóxicas do pasado que así

e todo non foran fortes dabondo como para quebrar a pedra.

Aquí e acolá, unha morea de po baixo unha furna aberta, parecía indicar o lugar en que os tremores de terra fixeran caer as caixas. Sobre os piares había gravados grandes símbolos ou letras que indicaban as clases e subclases de volumes do arquivo.

Parei ante unha furna aberta onde vin unha das caixas de metal habituais que aínda estaba no seu lugar entre o omnipresente po areoso. Estireime, saquei unha das máis pequenas con certa dificultade e deixei na chan para inspeccionala. O título estaba escrito nos típicos xeroglíficos, aínda que había algo na disposición dos caracteres que resultaba un pouco fóra do común.

Eu coñecía perfectamente o estraño mecanismo do fecho, así que abrín a tapa aínda carente de ferruxe e funcional e retirei o libro do interior. Este, tal e como supuña tiña uns cincuenta centímetros por trinta e cinco por cinco de groso, e as finas capas de metal abríanse na parte superior. As páxinas de dura celulosa parecían estar inalterábeis aos milleiros de anos que viviran, así que estudei os estraños caracteres debuxados ou pintados, que eran diferentes dos habituais xeroglíficos curvilíneos e de calquera outro alfabeto coñecido polo ser humano e que despertaron en min certos recordos. Veume á cabeza que se trataba da linguaxe que empregaba unha mente cativa que apenas coñecera nos meus soños, unha mente procedente dun grande asteroide en cuxa superficie conseguira sobrevivir unha boa parte da vida primitiva que poboara o planeta primixenio do que procedía. Logo lembrei que este era o andar do arquivo dedicado aos volumes sobre os planetas non terrestres.

Cando deixei o minucioso estudo deste incríbel documento, reparei en que a luz da lanterna comezaba a ir a menos, polo que axiña mudei a pila por unha de reposto que sempre levaba comigo. Logo, armado con máis luz, volví a emprender a carreira febril pola interminábel madeixa de pasadizos e corredores, para recoñecer aquí e acolá algún andel familiar,

vagamente molesto polas condicións acústicas que facían que as miñas pegadas soasen incongruentes naquelas catacumbas.

As propias pegadas dos meus zapatos tras de min sobre o po milenario e nunca pisado provocáronme un calafrío. Se os meus loucos soños tiñan algo de verdade, nunca antes un pé humano pousara sobre aqueles pavimentos inmemoriais. A miña mente consciente non tiña idea de cal era o meu obxectivo particular naquela carreira louca. No entanto, había unha forza de maligno poder que arrastraba a miña vontade confusa e as miñas lembranzas soterradas, polo que dun xeito vago sentía que non estaba a correr ás cegas.

Cheguei até unha rampla descendente e interneime máis e máis nas profundidades. Os andares aparecían e desaparecían ao meu paso, mais non parei para exploralos. No meu acelerado maxín soaba un bater rítmico que comecei a seguir coa man dereita. Era como se quixese abrir algo e sentín que coñecía todas as intrincadas reviravoltas e golpes que precisaba para o conseguir. Era como o feche de combinación dun cadeado moderno.

Soño ou non, coñecérao unha vez e a lembranza aínda persistía. Como era posíbel que un soño ou un retallo de lenda aprendida de xeito inconsciente puidese aprenderme un detalle tan insignificante, tan intrincado e tan complexo? Non intentei buscarlle explicación. Aquilo xacía alén de todo pensamento coherente. Acaso toda esta experiencia, a arrepiante semellanza cunha serie de ruínas coñecidas, o parecido monstruosamente exacto de todo o que me rodeaba co que só se suxerira en soños e en retallos de mitos, non era un horror alén de todo o razoábel? Probabelmente esa era a miña convicción básica, igual que o é durante os meus momentos de maior cordura, que non estaba esperto en absoluto e que toda a cidade soterrada non era máis que un fragmento dunha alucinación febril. Finalmente cheguei ao nivel inferior e virei á dereita da rampla. Por algún escuro motivo, tentei camiñar con cautela, aínda que con iso fose máis amodo. Había un lugar que temía atravesar neste último

andar, profundamente soterrado. Cando me aproximei, lembrei que era o que temía. Só era unha das trapelas seladas de metal que sempre estaban vixiadas. Agora xa non había sentinelas e ante esa idea tremín e camiñei na punta dos pés igual que o fixera na cripta de basalto na que se abría outra daquelas trapelas. Sentín unha corrente de ar frío e húmido, igual que no outro lugar, e desexei que o meu camiño me levase a outra parte. Non sabía por que tivera que tomar aquela ruta en particular.

Cando cheguei, vin que a trapela estaba aberta de pau a pau. Arriba volvía haber andeis, e alisquei ante un deles un montículo lixeiramente cuberto de po, onde certo número de caixas caeran non había moito. Nese mesmo intre dominoume unha nova ondada de pánico, aínda que durante un anaco non puideren entender o motivo. As moreas de caixas caídas non eran infrecuentes, xa que aquel labirinto sen luz fora sacudido durante eras enteiras polos movementos da Terra e os seus corredores baleiros resoaran ás veces cos ecos dos obxectos que caían ao chan. Foi a medio camiño cando me decatei do motivo do meu violento tremor. O que me asustaba non era o montículo, senón algo que se achaba sobre o po do chan. Á luz da lanterna semellaba como se o po non fose todo o liso que debía ser, pois había lugares nos que parecía máis fino, como se o movesen había non moito tempo. Non podía estar certo, xa que as zonas aparentemente máis finas tiñan po dabondo. Así e todo sentín unha leve sospeita de que aquelas zonas menos mestas se alternaban a intervalos regulares, e aquilo era ben inquietante.

Cando aproximei a lanterna a un daqueles lugares non gostei do que vin, xa que agora a ilusión de regularidade estaba a se volver moi real. Era como se houberse liñas regulares de pegadas, pegadas que ían en grupos de tres que ocupaban unha área de trinta por trinta centímetros e que consistían en cinco círculos duns catro centímetros, un deles diante e os restantes catro atrás. Estas liñas de pegadas semellaban ir en dúas direccións diferentes, como se algo fose a algún lugar e volvese. Abofé que eran moi tenues e mesmo era posíbel que se tratase de figuracións ou

casualidades, mais o camiño que crin que seguían estaba rodeado dunha aura de terror latente, xa que dun extremo do seu camiño había unha morea de caixas que caeran non había moito tempo, mentres que do outro estaba a ominosa trapela da que emanaba aquel vento frío e húmido, que se abría sen vixilancia a uns abismos alén de todo o imaxinábel.

CAPÍTULO VIII

A demostración da fondura e forza daquela estraña sensación estaba en que chegou a conquistar o meu medo. Non había ningún motivo racional que me levase a seguir aquela estarrecedora suxestión de pegadas e as lembranzas oníricas que me traían. Así e todo, mesmo mentres tremía de terror, a man dereita aínda se movía ritmicamente na súa ansia por virar un fecho que ansiaba atopar. Antes de me decatarse, xa pasara canda a morea de caixas caídas recentemente e avanzaba na punta dos pés por unha zona de po nunca pisado cara a un punto que polo visto coñecía terriblemente ben.

O meu maxín facíase preguntas cuxa orixe e relevancia só comezaba a albiscar. Podería alcanzar un corpo humano aquel andel? Podería a miña man humana reproducir todos aqueles movementos primixenios do fecho? Estaría intacto e funcional? E que faría logo se finalmente atopaba o que a un tempo agardaba e temía atopar? Probaría aquilo a verdade incríbel e arrepiante de algo que está alén da concepción humana ou só demostraría que soñaba? O seguinte que lembro é que deixei de avanzar na punta dos pés e que me achaba inmóbil, en pé, ollando para unha ringleira de andeis cubertos con xeroglíficos que me resultaba familiar dun xeito máis que estarrecedor. Achábanse nun estado de conservación case perfecto e só había tres portas abertas nas proximidades.

Non podo describir os meus sentimentos sobre eles, xa que a sensación de antiga familiaridade que espertaban en min era moi estraña e

forte. Estaba ollando para arriba, a unha ringleira próxima ao teito, completamente fóra do meu alcance, e preguntábame como podía facer para rubir. Unha porta aberta a catro ringleiras do chan podería ser de axuda e os tiradores das portas fechadas podían servir como puntos de apoio para os pés e as mans. Podía soste-la lanterna entre os dentes, igual que fixera noutros lugares onde precisara das dúas mans. E por riba de todo, non debía facer ruído.

Baixar co obxecto que quería sacar do andel sería o difícil, mais probabelmente podería enganchar o seu fecho móbil no colo do abrigo e levalo colgando como se fose unha mochila. Máis unha vez, pregunteime se o fecho estaría intacto. Non tiña nin a menor dúbida de que podería repetir cada un dos movementos que coñecía tan ben. Mais tiña a esperanza de que aquela cousa non rompese e de que a miña man servise para manipulala correctamente.

Aínda mentres remoía nestas cuestións xa collera a lanterna na boca e estaba comezando a gabear. Os tiradores saíntes supuñan uns apoios ben malos, mais, tal e como agardara, o andel aberto foi de enorme axuda. Servinme tanto da porta aberta como do bordo mesmo da furna para axudarme no ascenso e conseguín evitar producir calquera clase de renxido forte. Mantívenme en equilibrio sobre o canto superior da porta e inclineime cara á dereita todo o que puiden, de xeito que conseguín alcanzar o fecho que quería. Os dedos, que estaban medio adormecidos polo ascenso, comportáronse dun xeito máis ben zoupón nun comezo, pero axiña comprobei que era anatomicamente posíbel manipulalo e os movementos memorizados eran fortes. Chegados dalgún abismo descoñecido do tempo, os movementos intrincados e secretos abrollaran na miña mente correctamente, detalle a detalle, pois despois de menos de cinco minutos de intentos, resoou un golpe cuxa familiaridade foi do máis abraiante, posto que non agardaba conscientemente que se producise. Noutro intre a porta de metal xa estaba a se abrir lentamente cun renxer do máis suave. Ollei abraiado a ringleira de caixas agrisadas

que apareceron á vista e sentín a vaga dunha emoción completamente inexplicábel. Xusto ao alcance da man dereita había unha caixa cuxos xeroglíficos curvilíneos me fixeron tremer cun arrepío infinitamente máis complexo que calquera medo ordinario. Aínda a tremer, conseguín sacala entre unha chuvia de fragmentos areosos e achegueina a min sen producir ningún son forte.

Igual que a outra caixa que manexara, tiña algo máis de cincuenta por corenta centímetros e levaba gravados uns deseños matemáticos e curvados en relevo. Non chegaba aos dez centímetros de grosor. Suxeitándoa como puiden entre o meu corpo e a superficie sobre a que rubía, manipulei o fecho até que conseguín que cedese. Logo abrín a tapa, botei aquel pesado obxecto ás costas e engancheino do colo da chaqueta. Coas mans xa libres baixei torpemente até o chan poeirento e prepareime para inspeccionar o obxecto.

Axeonlleime entre o po areento, saquei a caixa das costas e coloqueina ante min. Tremíanme as mans e tiña a un tempo tanto medo como desexo de sacar o libro que contiña. Fora tendo claro aos poucos o que había atopar alí, e esa conclusión a piques estivo de paralizar as miñas facultades. Se o libro estaba dentro e non se trataba dun soño, as implicacións resultantes irían alén do soportábel pola alma humana. O que máis me atormentaba era a miña momentánea perda de percepción do que me rodeaba, como se todo fose un soño. Esta percepción da realidade era terríbel, e volve a min sempre que intento lembrar aquel momento.

Finalmente, tirei o libro da súa caixa tremendo e ollei con fascinación para os ben coñecidos xeroglíficos da portada. Semellaba acharse en perfectas condicións e os caracteres curvilíneos do título mantivéronme nun estado tan hipnótico que case crin ser quen de os ler. De feito, non podo xurar que non os lese de verdade nunha terríbel arroutada de lembranzas anormais.

Non sei canto tempo pasou antes de que me atrevese a levantar

aquela fina cuberta de metal. Demorei dándome escusas a min mesmo. Collín a lanterna da boca e apagueina para aforrar pilas. Logo, rodeado pola escuridade, fixen abasto de valor e levantei a cuberta coa luz aínda apagada. Finalmente, iluminei unha páxina, concentrándome en non emitir nin un chío fose cal for o que atopase alí.

Ollei durante un intre, logo colapsei. Apertei os dentes, no entanto, e mantívenme en silencio. Esborralleime sobre o chan e levei unha man até a fronte no medio da negrura que me rodeaba. Alí estaba o que temera e agardara. Non sabía se soñaba ou se se trataba dunha burla do espazo-tempo.

Debía de estar a soñar, mais quería probalo levando aquel obxecto terrorífico de volta comigo e amosándollo ao meu fillo, para ver se era real ou non. A cabeza dábame voltas, aínda que non había obxectos visíbeis na mesta negrura que me envolvía. Comezaron a rodearme ideas e visións do máis agudo terror, alimentadas polo que acababa de ver, que me anubron os sentidos.

Pensei naquelas pegadas do chan e tremín ao ouvir o son da miña propia respiración. Outra vez acendín a luz e ollei para a páxina, igual que a vítima dunha serpe olla para os ollos e os cabeiros da súa asasina. Logo fechei o libro na escuridade cos dedos torpes, metino na súa caixa e botei o estraño fecho. Aquilo era o que levaría de volta ao mundo exterior, se é que existía en realidade, se é que todo aquel abismo existía, se é que eu e o mundo en si existiamos de verdade.

Non podo estar certo de cando me erguín e emprendín o camiño de volta. Creo lembrar dun xeito estraño, como se fose unha medida dos meus sentidos para separar esta experiencia do mundo normal, que non mirei nin unha vez para o reloxo durante aquelas horas aborrecíbeis baixo terra. Coa lanterna na man e coa ominosa caixa baixo un brazo, avanzaba nas puntas dos pés, como sumido nun pánico silencioso alén de todo medo, preto do pozo e aquela suxestión de pegadas. Diminuín as precaucións cando comecei a subir polas interminábeis ramplas, mais non

puiden tirar da cabeza unha sombra de terror que non sentira máis abaixo.

Sentía pánico de volver pasar pola negra cripta de basalto que era máis vella que a cidade mesma, onde subían frías correntes de ar desde as profundidades xa non vixiadas. Pensei no que a Gran Raza temera e no que aínda podía arrastrarse alí embaixo, aínda que estivese feble e moribundo. Pensei naquelas pegadas en forma de cinco círculos e no que os soños me ensinaran sobre elas, e nos estraños ventos e os ruídos asubiantes que se asociaban con elas. E tamén pensei nas lendas que contaban os aborixes, protagonizadas polo terror dos grandes ventos e as innomeábeis ruínas subterráneas.

Souben que tiña que virar á dereita por un símbolo gravado na parede e pasei canda aquel outro libro que examinara até chegar ao espazo circular do que partían varias bóvedas. Á dereita, aínda recoñecíbel, estaba o arco polo que chegara. Logo entrei por el, consciente de que o resto do meu camiño sería máis duro a causa do mal estado das ruínas que se achaban fóra do edificio do arquivo. A nova carga metálica que portaba pesábame e aos poucos foime sendo máis e máis difícil avanzar entre o entullo e os múltiples fragmentos de todo tipo.

Logo cheguei até a montaña de desperdicios que chegaba ao teito e pola que conseguira facer un estreito paso. O temor que sentía de volver atravesalo era enorme, xa que a primeira vez fixera algo de ruído e agora, logo ollar aquilo que me parecían pegadas, o que máis medo me daba era o son. Iso tamén aumentaba o problema de atravesar a sima aberta, mais gabeei pola barreira o mellor que puiden e empurrei a caixa pola abertura, diante miña. Logo, coa lanterna na boca, arrastreime e manqueei máis unha vez as costas coas estalactitas.

Canto intentei coller de novo a caixa, esta caeu morea abaixo uns poucos metros, producindo un alarmante ruído e levantando uns ecos que me fixeron suar frío. Lanceime por ela ao momento e recupereina sen facer máis ruído, mais un intre despois uns bloques movéronse baixo os

meus pés e provocaron un estrondo súbito e sen precedentes.

Iso foi o comezo, xa que, fose certo ou non, crin ouvir unha terríbel contestación procedente dos espazos que había ás miñas costas. Crin ouvir un son agudo e asubiante, distinto de calquera outra cousa no mundo e imposible de describir con palabras. Se foi verdade, o que lle seguiu foi dunha amarga ironía, xa que, de non ser polo pánico que me provocou, non acontecería nunca unha segunda cousa.

O meu terror era absoluto e incontrolábel. Agarrei a lanterna cunha man e coa outra enganchei malamente a caixa, logo precipiteime ás alancadas para adiante, sen máis idea que un desexo irracional de fuxir destas ruínas de pesadelo para saír ao mundo esperto de area e luar que se achaba lonxe por riba miña.

Apenas teño consciencia de chegar á montaña de entullo que se erguía cara á vasta negrura que había sobre o teito, e tampouco de magoarme e cortarme repetidas veces ao rubir pola aba de pedras afiadas e desperdicios.

Logo aconteceu o gran desastre. Coroei o cumio completamente cegado, inconsciente da existencia dunha baixada súbita do outro lado, así que esvarei e acheime rodando costa abaixo, nunha avalancha de anacos de cantaría cuxo ruído, forte como o dunha batería de canóns, converteron o ar da negra caverna nun coro de reverberacións que fixeron tremer a terra mesma.

Non teño lembranza de erguerme no medio deste caos, mais teño un recordo fragmentario de avanzar ás alancadas polo corredor no medio daquel estrondo, aínda coa lanterna e a caixa no meu poder.

Logo, cando xa estaba preto da primixenia cripta de basalto que tanto temía, vinme dominado por unha extrema loucura. Os ecos da avalancha morreran, así que puideren ouvir de novo aquel asubío repetido e completamente estraño que xa antes crera ouvir. Desta volta non había dúbida ningunha, e o que era peor, non viña das miñas costas, senón de

diante.

É probábel que berrase moi forte entón. Teño unha imaxe vaga de min correndo pola endiañada cripta de basalto das criaturas primixenias mentres ouvía ese condenado son alieníxena asubiando desde a trapela aberta e sen sentinela que se abría á negrura máis infinita e absoluta. Tamén se levantou vento, non só unha airexa fresca e húmida, senón un refacho violento e intencionado que abrollaba de xeito salvaxe e xélido do abominábel abismo do que procedía o asubío.

Teño apenas algúns recordos de correr e saltar toda clase de obstáculos, con aquel vento torrencial e o asubío ás costas, que medraban un intre tras do outro e que semellaban envolverme á mantenta como se quixesen arrastrarme atrás e abaixo.

Malia que soprarse de costas, aquel vento tiña o estraño efecto de atrasarme máis que de empurrarme, como se estivese a turrar dunha soga atada ao meu redor. Sen preocuparme do ruído que estaba a facer precipiteime sobre unha barreira de bloques e acheime de volta no camiño que levaba á superficie.

Lembro que vin a arcada que levaba á sala de máquinas e que case berrei cando vin a rampla que levaba abaixo, ao lugar onde debía de abrise unha daquelas blasfemas trapelas dous niveis por baixo. Mais no canto de berrar, murmurei unha e outra vez que todo isto debía ser un soño do que había espertar axiña. Se cadra estaba no campamento, se cadra na miña morada de Arkham. Mentres estas esperanzas daban azos á miña cordura, comecei a subir pola rampla que levaba ao seguinte nivel.

Abofé sabía que aínda tiña que saltar de volta a fenda dun metro e medio de largura, malia que estaba demasiado ocupado con outros medos para reparar naquilo até que me achei no lugar. Ao baixar o salto fora sinxelo, mais agora, sería quen de salvar a distancia igual de ben avanzando costa arriba, lastrado como estaba polo medo, o cansazo, o peso da caixa de metal e o puxar daquel vento endiañado? Pensei en todo

isto no último momento e tamén pensei nas entidades sen nome que debían de arrastrarse polos negros abismos que se abrían baixo a fenda.

A luz da lanterna estaba a minguar, pero contaba con algunha clase de escura lembranza ao me achegar á fenda. Os xeados refachos de vento e os berros asubiantes e nauseabundos que resoaban ás miñas costas convertéronse durante un intre nunha piadosa distracción, apartando os meus pensamentos do horror que me producía o abismo aberto que tiña diante. E logo tomei consciencia do vento e os asubíos que había ante min, mareas enteiras de abominacións que xurdían da fenda mesma desde unhas profundidades nunca imaxinadas nin imaxinábeis.

Agora achábame nas gadoupas do pesadelo máis puro. A cordura desaparecera e, ignorando todo agás o instinto animal da fuxida, limiteime a correr e saltar sobre o entullo da rampla como se non existise fenda ningunha. Logo vin o bordo da sima, saltei enlouquecido con cada ápice de forza que me restaba e durante un intre vinme envolvido por un vórtice pandemoníaco de sons abominábeis e negrura extrema e mesmo materialmente tanxíbel.

Este é o final da miña experiencia, o lugar onde rematan os meus recordos. Toda impresión posterior pertence completamente ao eido do delirio e do fantasmal. O soño, a loucura e os recordos mestúranse sen sentido nunha serie de visións fantásticas e fragmentarias que non poden ter relación ningunha coa realidade.

Houbo unha terríbel caída a través de incalculábeis quilómetros de escuridade mesta e viva, e un pandemonio de sons absolutamente alleos a todo o que coñecemos da Terra e da súa vida orgánica. Uns sentidos adormecidos e rudimentarios semellaron espertar no meu interior e faláronme de pozos e abismos habitados por horrores flotantes, que levaban a cantís sen luz, a océanos e a cidades inzadas de torres de basalto sen xanelas, sobre as que nunca brillaba resplandor ningún. Polo meu maxín pasaron múltiples segredos sobre o planeta primixenio e os seus inmemoriais eóns, e todo sen axuda da vista ou o ouvido. Souben cousas

que nin sequera os meus soños máis estraños e imposíbeis suxeriran antes.

Todo ese tempo uns dedos fríos de vapor húmido mantíñanme agarrado e levábanme e ese asubío estarrecedor e maldito berraba endiañado entre os remuíños de escuridade que me rodeaban.

Despois houbo visións da cidade ciclópea dos meus soños, non en ruínas, senón tal e como eu a soñara. Achábame de volta no meu corpo cónico inhumano, entre moreas de individuos da Gran Raza e mentes cativas que levaban libros arriba e abaixo polos amplos corredores e as vastas ramplas. Logo, sobrepostos a estas imaxes, producíronse uns alustros momentáneos de consciencia non visual, que faloron de loitas desesperadas, un inimigo de fortes tentáculos feitos de vento asubiante, un voo imposíbel polo ar medio sólido, un mergullo febril pola escuridade golpeada polo vento e un enlouquecido e bambeante fuxir sobre as pedras caídas.

Logo houbo un estraño e intrusivo relampo de pseudovisión, unha esvaída e difusa sospeita de luz azulada a gran distancia sobre min. Logo veu un soño sobre o vento que me perseguía mentres eu gabeaba e me arrastraba, abríndome camiño cara á burlona luz da lúa que se albiscaba por unha fina fenda que se fechou detrás de min nun mórbido furacán. Foi o maligno e monótono brillo daquel luar enlouquecedor o que me falou finalmente do meu retorno ao que nun tempo coñecera como o mundo obxectivo da vixilia.

Achábame perdido no medio das areas do deserto de Australia e ao meu redor bruaba un vento tan salvaxe como o que nunca antes experimentara na superficie do noso planeta. Tiña a roupa feita farrapos e todo o meu corpo era unha masa de golpes e cortes.

Recuperei a consciencia moi amodo e non podo dicir en que momento remata o soño delirante e comezan os recordos da realidade. Houbera un túmulo de bloques titánicos, un abismo debaixo, unha

monstruosa revelación do pasado e un horror de pesadelo no final, mais canto daquilo fora real?

Non tiña lanterna, e tampouco levaba a caixa de metal que supostamente descubrira. Existira de verdade esa caixa ou ese abismo ou ese túmulo? Erguín a cabeza, ollei para atrás e o único que vin foron as areas estériles e ondeantes do deserto.

O vento endiañado morreu e a lúa fungosa e inchada afundiuse avermellada no oeste. Conseguí manterme ergueito sobre os pés e comecei a avanzar cambaleando cara ao campamento. Que me acontecera en realidade? Esvaecérame no deserto e arrastrara o meu corpo durminte sobre quilómetros e quilómetros de area e bloques enterrados? Se non fora así, como podía seguir vivindo?

Neste novo dilema, toda a fe que eu tiña en que as miñas visións eran fantasías nadas do mito disolvíase de novo. Se aquel abismo era real, logo a Gran Raza era real e as súas blasfemas viaxes e procuras polo vórtice cósmico do tempo non eran mitos e pesadelos, senón unha realidade terríbel e arrepiante. Logo fora certo que me levaran atrás no tempo até un mundo prehumano, mil cincocentos millóns de anos atrás, durante aqueles días escuros de amnesia? Fora o meu corpo o vehículo dunha consciencia estraña e estarrecedora procedente dos abismos primixenios do tempo? Fora verdade que, como mente cativa daqueles seres terroríficos, coñecera aquela cidade de pedra maldita nos seus días de gloria e me arrastrara por aqueles corredores no corpo aborrecíbel do meu capturador? Foran aqueles soños atormentadores que sufrira durante máis de vinte anos a evidencia duns recordos monstruosos? Falara en realidade con mentes procedentes dos lugares máis recónditos do espazo e o tempo, aprendera os secretos do universo, o pasado e o futuro, e escribira os anais do meu propio mundo para os gardar nas caixas metálicas daqueles arquivos titánicos? E logo aqueles outros seres, aquelas cousas monstruosamente antigas que producían os ventos desatados e os asubíos demoníacos, eran en realidade unha ameaza

durminte que agardaba e medraba lentamente nos negros abismos mentres que na superficie do planeta a vida tomaba diferentes formas?

Non o sei. Se aquel abismo e o que contiña son reais, non hai esperanza. Logo, con toda certeza, sobre o mundo do ser humano pendura unha incríbel sombra que está fóra do tempo. Mais, por piedade, non hai probas de que tales feitos sexan outra cousa que novas fases dos meus soños nados do mito. Non trouxen comigo a caixa de metal que podía supor unha proba e até agora os corredores subterráneos non foron descubertos.

Se as leis do universo son bondadosas, nunca os descubrirán, mais debo contar ao meu fillo o que vin ou crin ver, e deixar que el mesmo xulgue, como psicólogo, sobre a realidade da miña experiencia e que o comunique a outros.

Xa dixen que a abominábel verdade que hai tras os anos de soños torturadores depende só da realidade daquilo que vin naquelas ruínas ciclópeas. Foime moi duro, literalmente, escribir esta revelación crucial, aínda que os lectores xa suporán cal é. Abofé, trátase do libro que contiña a caixa de metal, a caixa que saquei do seu agocho entre o po dun millón de séculos.

Non houbo ollo nin man que se pousase sobre ese libro desde a aparición do ser humano neste planeta. E así e todo, cando o alumeei coa lanterna naquel abismo estarrecedor, vin que os caracteres que estaban escritos sobre as páxinas de celulosa fráxil e escurecida polas eras non eran os xeroglíficos sen nome da xuventude do planeta. Tratábase dos caracteres do noso propio alfabeto, que escribían palabras en inglés do meu puño e letra.



Título orixinal:

The Thing on the Doorstep,
The Shadow out of Time.

Licenza do texto orixinal:

Dominio Público

Licenza da tradución:

CC 3.0 by-nc-nd España

Tradución:

Tomás González Ahola

Revisión:

Helena Bermúdez Sabel

Deseño de cuberta:

Denís Fernández Cabrera

Maquetación:

Sacauntos Cooperativa Gráfica

1ª edición en papel: 2010

1ª edición en ebook: 2020

Edita:

Urco Editora

R/do Avío 11, baixo

15705, Compostela, Galiza

info@urcoeditora.com

Obra dixital realizada ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo
2021 da Xunta de Galicia



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

A versión orixinal en papel deste título recibiu unha axuda da
Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro Bibliotecas e

Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011,
consistente no 53,57% dos honorarios do tradutor.



Podes atopar a edición en papel deste e outros títulos de fantasía, ciencia
ficción e terror no web de Urco Editora.

Formato eBook diagramado pola Sacauntos Cooperativa Gráfica
utilizando o software libre Sigil, Inkscape, GIMP e LibreOffice.

Esta obra está publicada baixo unha licenza de Recoñecemento-Non
comercial sen obra derivada 3.0 España de Creative Commons (CC 3.0
by-nc-nd). Isto significa que es libre de a copiar e distribuír sempre e
cando cites a fonte e sexa sen ánimo de lucro

OUTROS TÍTULOS DA
BIBLIOTECA H. P. LOVECRAFT:

Podes comprar copias en papel e descargar versións dixitais gratuítas da obra completa do Solitario de Providence nas seguintes ligazóns:

1. A chamada de Cthulhu e outros contos de terror cósmico
2. O horror de Dunwich e O que murmura na escuridade
3. Nas montañas da loucura
4. A sombra sobre Innsmouth e O que asexo na escuridade
5. A cousa no limiar e A sombra fóra do tempo
6. Fungos de Yuggoth. Poemas impíos
7. Contos do Ciclo do Soño
8. A procura soñada de Kadath a Descoñecida
9. O terror sobrenatural na literatura
10. Alén do muro do soño e outros contos macabros
11. Herbert West, o reanimador e outras historias arrepiantes
12. As ratas nas paredes e outras historias de medo
13. A cor do espazo exterior e outros contos sobrenaturais
14. O caso de Charles Dexter Ward
15. De re Lovecraftiana – ensaios e proposta didáctica

